



SESION ORDINARIA DE 29 DE SETEMBRO DE 2020

(Acta número 09)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. Mónica Freire Rancaño
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. Agustín Baamonde Díaz
D. José Antonio García López
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira
D. José Manuel Gómez Puente

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas e dez minutos do día **vinde e nove de setembro de dous mil vinde**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E OITO DE XULLO DE DOUS MIL VINTE.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de xullo de dous mil vinte, e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

PARTE RESOLUTIVA

COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO

2.- PROPOSTA RELATIVA Á CESIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS A FAVOR DE VARIOS CONCELLOS.

Primeira.- *Proposta relativa á solicitude de cambio de titularidade, a favor do Concello de Lugo, das vías provinciais LU-P-2902 “Lugo-Ponte de Ombreiro (LUL-234)” e LU-P-2924 “Accesos á carretera de Ombreiro, en Saamasas”.*

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta, que textualmente di o seguinte:

“O Concello de Lugo mediante escrito presentado no rexistro provincial o 16 de setembro de 2020 da traslado a esta Deputación Provincial do acordo da Xunta de Goberno Local celebrada este mesmo día, de solicitude da cesión dos tramos dos viais das estradas provinciais LU-P-2902 e LU-P-2924.

O dito acordo, expresa o interese por dita transferencia de titularidade dado que “os tramos de viais sinalados das estradas LU-P-2902 e LU-P-2924 teñen vocación de converterse a curto prazo en viais de carácter urbano ou accesos á trama urbana, que existe a oportunidade de mellorar as condicións de urbanización e accesibilidade deste entorno estando supeditada a que os viais sexan municipais, dentro do proceso urbanizador do Sector Norte I (Saamasas), actualmente



en execución que se atopa rodeado polos tramos indicados das devanditas estradas, o que fará necesario dotalos dos correspondentes servizos urbanos e farán que se tornen en tramos de estrada con beiravías transformadas en beirarrúas (travesías) que deberán dotarse dos correspondentes servizos urbanos.

Esta situación só se poderá garantir se eses tramos de travesías pasan a ser do Concello e se lles exime do estrito cumprimento da lexislación de estradas en vigor. Para conquistar esta finalidade as vías deben ser titularidade do Concello. (...)”

A parte resolutiva do dito acordo, ao que xunta documentación gráfica pertinente, acorda solicitar á Excm. Deputación Provincial de Lugo a cesión dos seguintes tramos de viais:

a) Tramo inicial da estrada LU-P-2902 entre o p.k. 0+000 e o p.k. 1+034, cunha lonxitude total de 1.034 metros.

b) Estrada LU-P-2924 “Accesos á estrada de Ombreiro en Saamasas” na súa totalidade, cunha lonxitude total de 1.048 metros. Consta dun itinerario principal de 628 metros de lonxitude con inicio na LU-P-2902 e final na rúa dos Deportes e dun ramal de 420 metros de lonxitude que parte do itinerario principal e termina na intersección coa LU-P-2902.

Baixo o CSV V7GUOHK3QZ4JCUZ6IUFGIQGOQ o Servizo Provincial de Vías e Obras informa o 22 de setembro de 2020 que os tramos viarios interesados polo Concello de Lugo “*de acordo co Catálogo da Rede Viaria Provincial a estrada LU-P-2902 conta cunha lonxitude de 8.570,00. O tramo solicitado sitúase no inicio da vía, pq 0+000, entroncando cunha rúa do Concello de Lugo. O tramo remata pasada a ponte da N-540, no pq 1+034. Presenta un firme asfaltado na súa totalidade, con 2 carrís de 3,50 m de anchura. No tramo ata o paso sobre a N-VI presenta zonas de aparcamento en ambas marxes e beirarrúas. No seguinte treito e ata o remate no lateral dereito existe beiravía de 1,5 m e na marxe esquerda beiravía de 2,00 m. O estado xeral da estrada é bo.*

O itinerario principal da LU-P-2924 ata o pq 0+350 conta con dous carrís de 3,50 m e beirarrúas en ambos laterais. A partir dese punto pasa a ter un ancho de 5,00 m para os dous sentidos de circulación. O ramal da LU-P-2924 conta con dous carrís de 3,00 a 3,50 m de anchura (variable), agás no tramo comprendido entre os pq 0+100 e pq 0+175 no que se produce un estreitamento da calzada. Desde o pq 0+000 ao 0+225 conta con beirarrúa na marxe esquerda, a partir do pq 0+225 conta con aparcamento en batería na marxe esquerda, ata o pq 0+325. (...)”

Así mesmo o Servizo de Vías e Obras expresa que os ditos tramos discorren íntegramente polo termo municipal de Lugo e son susceptibles de cesión de titularidade. Inclúe a seguinte delimitación:

- o tramo da LU-P-2902, comprendido entre as coordenadas UTM29 ETRS89 X=616.559 Y=4.762.745 (pq 0+000) e X=615.764 Y=4.762.681 (pq 1+034)
- o itinerario principal da LU-P-2924, comprendido entre as coordenadas UTM29 ETRS89 X=616.303 Y=4.762.230 (pq 0+000) e X=616.118 Y=4.762.784 (pq 0+628)
- o ramal da LU-P-2924, comprendido entre as coordenadas UTM29 ETRS89 X=616.103 Y=4.762.439 (pq 0+000) e X=615.830 Y=4.762.631 (pq 0+420)

Tendo en conta que a lexislación sectorial está presidida pola Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, e o Regulamento xeral de estradas de Galicia aprobado por Decreto 66/2016 de 26 de maio.

Tendo en conta que o cambio de titularidade realizarase conforme o teor do artigo 9.4 da citada Lei: *“Los cambios de titularidad de carreteras o de tramos de éstas, cuando no se trate de travesías urbanas o tramos de éstas que estén incluidos en el inventario de travesías de su administración titular, deberán ser aprobados por decreto de la Xunta de Galicia, a propuesta de la consejería competente en materia de carreteras y previo acuerdo entre las administraciones afectadas”*. Así mesmo o seu número 7 dispón: *“Los cambios de titularidad podrán comprender*

carreteras, tramos de éstas, elementos funcionales y/o espacios de la zona de dominio público adyacente”.

Así mesmo, e en relación ao procedemento para o cambio de titularidade das estradas o Decreto 66/2016 de 26 de maio do Regulamento xeral de estradas de Galicia esixe no seu artigo 18.11: *“Los cambios de titularidad de tramos de carreteras a favor de administraciones de menor ámbito territorial sólo se llevarán a cabo cuando se trate de tramos terminales o cuando no impliquen la interrupción de ninguno de los itinerarios de los que forme parte sin que exista una alternativa viaria, existente o planificada, para todos ellos que proporcione un nivel de servicio al menos equivalente, a través de la red de carreteras de la Administración cedente o de las redes de carreteras de titularidad de administraciones de mayor ámbito territorial”.*

Consta no expediente o dito informe favorable do Servizo de Vías e Obras concordado pola Presidencia desta Deputación Provincial de data 22 de setembro de 2020 que, acompañado da súa planimetría, que literalmente di: este Servizo de Vías e Obras informa favorablemente o cambio de titularidade ao Concello de Lugo do tramo da estrada provincial LU-P-2902 “Lugo-Ponte de Ombreiro (LU-234)”, entre o pq 0+000 e o pq 1+034, e da LU-P-2924 “Accesos á carretera de Ombreiro, en Saamasas”, de lonxitude 1.048,00 m, formada polo itinerario principal de 628,00 m e o ramal de 420,00 m.

Baixo o CSV *IV7GVTBNZEWN3L6SXRFTCFCELY* consta no expediente informe favorable da Secretaría Xeral Adxunta de 23 de setembro de 2020 á solicitude de cambio de titularidade da estrada provincial mencionada a favor do Concello de Lugo. Conta coa conformidade da Secretaría Xeral e da Intervención segundo o contido dos artigos 54 do RDL 781/86 de 18 de abril e 173 do RD 2568/86 de 28 de novembro, en relación co artigo 47.2.ñ) da Lei 7/85 de 2 de abril, ademais do establecido nos artigos 3 e 4 do RD 128/2018 de 16 de marzo polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación Nacional.

Terase en conta que por imperativo legal, contido no nº 4 do artigo 9 da referida Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, o pretendido cambio de titularidade aprobarase por

Decreto da Xunta de Galicia previo acordo das administracións afectadas, a cuxos efectos darase conta do acordo plenario provincial ao Concello interesado para a súa aceptación, se procedese. Os citados acordos remitiranse á Consellería competente en materia de estradas para a súa proposta de aprobación. A resolución ou decreto polo que se aprobe o cambio de titularidade das estradas deberán ser publicados no DOGA e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación (nº 6 do citado artigo 9).

Unha vez aprobado o cambio de titularidade formalizarase mediante acta de entrega subscrita entre as administracións interesadas segundo a esixencia expresada no artigo 18 números 6.7.e 8 do Decreto 66/2016 do Regulamento xeral de estradas de Galicia.

De conformidade ao exposto e en aplicación do nº 23 do artigo 57 do noso Regulamento Orgánico propónse ao PLENO:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Lugo dos tramos solicitados das estradas provinciais:

LU-P-2902 “Lugo-Ponte de Ombreiro (LU-234)”, entre o pq 0+000 e o pq 1+034, de lonxitude 1.034,00 m.

LU-P-2924 “Accesos á carretera de Ombreiro, en Saamasas”, de lonxitude 1.048,00 m, formada polo itinerario principal de 628,00 m e o ramal de 420,00 m.

Segundo.- Remitir este acordo ao Concello de Lugo para a súa aceptación polo Pleno Municipal.

Terceiro.- Someter a aprobación á Xunta de Galicia o cambio de titularidade do referido tramo da estrada provincia”.



A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, e polo tanto por maioría absoluta, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

Segunda.- *Proposta relativa á solicitude de cambio de titularidade, a favor do Concello de Ribeira de Piquín, da vía provincial LU-P-5403, De Santalla (LU-P-5401) a Piquín”.*

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta, que textualmente di o seguinte:

“O Concello da Ribeira de Piquín mediante escrito presentado no rexistro provincial o 16 de setembro de 2020 da traslado a esta Deputación Provincial do Decreto da Alcaldía asinado o mesmo día, en cuxa parte resolutiva solicita a transmisión da titularidade da estrada provincial LU-P-5403, de SANTALLA (LU-P-5401) a PIQUIN.

Dita solicitude expresa a conveniencia da dita transferencia de titularidade e xunta a documentación gráfica pertinente.

O Servizo Provincial de Vías e Obras informa que o tramo viario interesado polo Concello de Ribeira de Piquín *está incluído no Catálogo da Rede Viaria Provincial cunha lonxitude de 1.021 m, presenta un firme asfaltado na súa totalidade, non conta con beirarrúas e si de cunetas e o estado xeral da estrada é bo. A dita estrada se desenvolve completamente polo termo municipal de Ribeira de Piquín*

Xunta un plano a escala E-1/5000 coas coordenadas UTM29 ETR89 que delimita a LU-P-5403 como segue:

P.K. 0+00
X=645.525 Y=4.780.240

P.K. 1+021
X=646.112 Y=4.779.693

Tendo en conta que a lexislación sectorial está presidida pola Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, e o Regulamento xeral de estradas de Galicia aprobado por Decreto 66/2016 de 26 de maio.

Tendo en conta que o cambio de titularidade realizárase conforme o teor do artigo 9.4 da citada Lei: *“Los cambios de titularidad de carreteras o de tramos de éstas, cuando no se trate de travesías urbanas o tramos de éstas que estén incluidos en el inventario de travesías de su administración titular, deberán ser aprobados por decreto de la Xunta de Galicia, a propuesta de la consejería competente en materia de carreteras y previo acuerdo entre las administraciones afectadas”*. Así mesmo o seu número 7 dispón: *“Los cambios de titularidad podrán comprender carreteras, tramos de éstas, elementos funcionales y/o espacios de la zona de dominio público adyacente”*.

Así mesmo, e en relación ao procedemento para o cambio de titularidade das estradas o Decreto 66/2016 de 26 de maio do Regulamento xeral de estradas de Galicia esixe no seu artigo 18.11: *“Los cambios de titularidad de tramos de carreteras a favor de administraciones de menor ámbito territorial sólo se llevarán a cabo cuando se trate de tramos terminales o cuando no impliquen la interrupción de ninguno de los itinerarios de los que forme parte sin que exista una alternativa viaria, existente o planificada, para todos ellos que proporcione un nivel de servicio al menos equivalente, a través de la red de carreteras de la Administración cedente o de las redes de carreteras de titularidad de administraciones de mayor ámbito territorial”*.

Baixo o CSV IV7GU7A5HFXNT7RCURQWOFIDAU consta no expediente o informe favorable do Servizo de Vías e Obras concordado pola Presidencia desta Deputación Provincial de data 11 de setembro de 2020 que, acompañado da súa planimetría, que literalmente di: *“Este Servizo de Vías e Obras informa favorablemente o cambio de titularidade a favor do Concello de*



Ribeira de Piquín da estrada provincial LU-P-5403, de SANTALLA (LU-P-5401) a PIQUIN. de lonxitude total 1.021m.

Baixo o CSV IV7GUCY7ZNEY5W4M6JNA55YXAM consta no expediente informe favorable da Secretaría Xeral Adxunta de XX de setembro de 2020 á solicitude de cambio de titularidade da estrada provincial mencionada a favor do dito Concello. Conta coa conformidade da Secretaria Xeral e da Interventora en cumprimento dos artigos 54 do RDL 781/86 de 18 de abril e 173 do ROF, en relación co artigo 47.2.m) da Lei 7/85 de 2 de abril.

De conformidade ao exposto estímase a procedencia de aceptar a solicitude de cambio de titularidade da estrada provincial mencionada a favor do Concello de Ribeira de Piquín cuxa competencia ten atribuído o Pleno Provincial en aplicación do nº 23 do artigo 57 do seu Regulamento Orgánico: “Cesión gratuíta de bens e dereitos a outras administracións públicas”.

Por imperativo legal, contido no nº 4 do artigo 9 da referida Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, o pretendido cambio de titularidade aprobarase por Decreto da Xunta de Galicia previo acordo das administracións afectadas, a cuxos efectos darase conta do acordo plenario provincial ao Concello interesado para a súa aceptación, se procedese. Os citados acordos remitiranse á Consellería competente en materia de estradas para a súa proposta de aprobación. A resolución ou decreto polo que se aprobe o cambio de titularidade das estradas deberán ser publicados no DOGA e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación (nº 6 do citado artigo 9).

Unha vez aprobado o cambio de titularidade formalizarase mediante acta de entrega subscrita entre as administracións interesadas segundo a esixencia expresada no artigo 18 números 6.7.e 8 do Decreto 66/2016 do Regulamento xeral de estradas de Galicia.

De conformidade ao exposto e en aplicación do nº 23 do artigo 57 do noso Regulamento Orgánico proponse ao PLENO:

Primeiro. Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Ribeira de Piquín do treito solicitado da estrada provincial LU-P-5403, de SANTALLA (LU-P-5401) a PIQUIN. de lonxitude total 1.021m.

Segundo.- Remitir este acordo ao Concello de Ribeira de Piquín para a súa aceptación polo Pleno Municipal.

Terceiro.- Someter a aprobación á Xunta de Galicia o cambio de titularidad do referido tramo da estrada provincial”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, e polo tanto por maioría absoluta, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

Terceira.- *Proposta relativa á solicitude de cambio de titularidade, a favor do Concello de Xermade, do tramo antigo da estrada provincial LU-P-2209 “Cabreiros (LU-861)-Touza”.*

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

Logo de ver a proposta, que textualmente di o seguinte:

“A Alcaldía do Concello de Xermade mediante escrito presentado no rexistro provincial o 31 de agosto de 2020 da traslado a esta Deputación Provincial do acordo adoptado polo Pleno Municipal celebrado o 12 de decembro de 2019 de solicitude de transmisión da titularidade do treito da LU-P-2209 comprendido entre o p.q. 0+00 (intersección coa estrada autonómica LU-861 “Vilalba-Igrexafeita”) e o p.q. 0+130 (paso inferior baixo a autovía AG-64 “Ferrol-Vilaba), denominado tramo antigo da LU-P 2209)

O Servizo Provincial de Vías e Obras informa que o tramo viario interesado polo Concello de Xermade se corresponde coa *estrada provincial LU-P-2209 “CABREIROS (LU-861)-TOUZA”* e se desenvolve completamente polo termo municipal do Concello de Xermade. Dita estrada está incluída no Catálogo da Rede Viaria Provincial e conta cunha lonxitude de 140,00 m, presenta un



filme asfaltado na súa totalidade de 4 m e unha explanación de aproximadamente 6 m de anchura, e as súas características de trazado en planta, perfil, ancho de sección transversal e pavimento son inferiores ás correspondentes ao trazado principal actual polo que discorre o tráfico rodado xeral da estrada LU-P-2209, que foi realizado en variante con motivo da construción da autovía autonómica AG-64, coa que conecta mediante o Enlace de Cabreiros, enlace que tamén permite a conexión coa estrada autonómica LU-861. O estado xeral da estrada é bo.

Xunta un plano a escala E-1/4000 que delimita a LU-P-2209 como segue:

P.K. 0+00
X=598.464 Y=4.806.205

P.K. 0+140
X=598.325 Y=4.806.202

Tendo en conta que a lexislación sectorial está presidida pola Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, e o Regulamento xeral de estradas de Galicia aprobado por Decreto 66/2016 de 26 de maio.

Tendo en conta que o cambio de titularidade realizárase conforme o teor do artigo 9.4 da citada Lei: *“Los cambios de titularidad de carreteras o de tramos de éstas, cuando no se trate de travesías urbanas o tramos de éstas que estén incluidos en el inventario de travesías de su administración titular, deberán ser aprobados por decreto de la Xunta de Galicia, a propuesta de la consejería competente en materia de carreteras y previo acuerdo entre las administraciones afectadas”. Así mesmo o seu número 7 dispón: “Los cambios de titularidad podrán comprender carreteras, tramos de éstas, elementos funcionales y/o espacios de la zona de dominio público adyacente”.*

Así mesmo, e en relación ao procedemento para o cambio de titularidade das estradas o Decreto 66/2016 de 26 de maio do Regulamento xeral de estradas de Galicia esixe no seu artigo 18.11: *“Los cambios de titularidad de tramos de carreteras a favor de administraciones de menor ámbito territorial sólo se llevarán a cabo cuando se trate de tramos terminales o cuando no impliquen la interrupción de ninguno de los itinerarios de los que forme parte sin que exista una alternativa viaria, existente o planificada, para todos ellos que proporcione un nivel de servicio al*

menos equivalente, a través de la red de carreteras de la Administración cedente o de las redes de carreteras de titularidad de administraciones de mayor ámbito territorial”.

Baixo o CSV IV67HSTCAAMJ7WVPTQA573TRCU consta no expediente o informe favorable do Servizo de Vías e Obras concordado pola Presidencia desta Deputación Provincial de data 11 de setembro de 2020 que, acompañado da súa planimetría, que literalmente di: “Este Servizo de Vías e Obras informa favorablemente o cambio de titularidade ao Concello de Xermade do tramo antigo da estrada provincial LU-P-2209 “Cabreiros (LU-861)- Touza”, de lonxitude total 140 m”.

Baixo o CSV IV7GU3DLDT56ZZFT4ZFHN4BAJ4 consta no expediente informe favorable da Secretaría Xeral Adxunta de data 16 de setembro de 2020 á solicitude de cambio de titularidade da estrada provincial mencionada a favor do Concello de Xermade.

Por imperativo legal, contido no nº 4 do artigo 9 da referida Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, o pretendido cambio de titularidade aprobarase por Decreto da Xunta de Galicia previo acordo das administracións afectadas, a cuxos efectos darase conta do acordo plenario provincial ao Concello interesado para a súa aceptación, se procedese. Os citados acordos remitiranse á Consellería competente en materia de estradas para a súa proposta de aprobación. A resolución ou decreto polo que se aprobe o cambio de titularidade das estradas deberán ser publicados no DOGA e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación (nº 6 do citado artigo 9).

Unha vez aprobado o cambio de titularidade formalizarase mediante acta de entrega subscrita entre as administracións interesadas segundo a esixencia expresada no artigo 18 números 6.7.e 8 do Decreto 66/2016 do Regulamento xeral de estradas de Galicia.

De conformidade ao exposto e en aplicación do nº 23 do artigo 57 do noso Regulamento Orgánico proponse ao PLENO:

Primeiro. Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Xermade do tramo antigo da estrada provincial LU-P-2209 “Cabreiros (LU-861)- Touza”, de lonxitude total 140 m.



Segundo.- Remitir este acordo ao Concello de Xermade para a súa aceptación polo Pleno Municipal.

Terceiro.- Someter a aprobación á Xunta de Galicia o cambio de titularidade do referido tramo da estrada provincial”.

Faise constar que figura no expediente o informe favorable da Secretaría Xeral Adxunta, e conta coa conformidade da Secretaría Xeral e da Intervención.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, e polo tanto por maioría absoluta, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

Cuarta.- *Proposta relativa á solicitude de cambio de titularidade a favor do Concello de A Pontenova, da vía provincial LU-P-4805 Boulloso (LU-704) Dodrín-Figueirúa.*

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta, que textualmente di o seguinte:

“A Alcaldía do Concello da Pontenova mediante escrito presentado no rexistro provincial o 3 de xuño de 2020 da traslado a esta Deputación Provincial do acordo adoptado polo Pleno Municipal celebrado o 28 de maio de 2020 de solicitude de transmisión da titularidade da estrada provincia LU-P-4805 De BOULLOSO, por DODRIN, a FIGUEIRÚA.

O Concello xustifica a dita solicitude dado que *a estrada de referencia pode ser considerada toda ela un treito terminal pois comenzando en Boulloso nunha estrada de titularidade autonómica (LU-704) comunica tres núcleos de poboación da parroquia de Conforto*

(San Mamede, Dodrín e Figueirúa) sen continuidade cara outros núcleos de poboación nin comunicando outras estradas que non sexan de titularidade municipal.

O seu uso é exclusivamente para comunicacións locais, é dicir, para comunicar tres núcleos de poboación cunha estrada de titularidade autonómica.

O Servizo Provincial de Vías e Obras informa que o tramo viario interesado polo Concello da Pontenova está incluído no Catálogo da Rede Viaria Provincial cunha lonxitude de 5.567 m, presenta un firme asfaltado na súa totalidade, non conta con beirarrúas e si de cunetas e o estado xeral da estrada é bo. A dita estrada se desenvolve completamente polo termo municipal de A Pontenova.

Xunta un plano a escala 1:30.000 que delimita a LU-P-4805 como segue:

P.K. 0+00
X=6470891 Y=4801744

P.K. 5+567
X=649826 Y=4804091

Tendo en conta que a lexislación sectorial está presidida pola Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, e o Regulamento xeral de estradas de Galicia aprobado por Decreto 66/2016 de 26 de maio.

Tendo en conta que o cambio de titularidade realizarase conforme o teor do artigo 9.4 da citada Lei: “Los cambios de titularidad de carreteras o de tramos de éstas, cuando no se trate de travesías urbanas o tramos de éstas que estén incluidos en el inventario de travesías de su administración titular, deberán ser aprobados por decreto de la Xunta de Galicia, a propuesta de la consejería competente en materia de carreteras y previo acuerdo entre las administraciones afectadas”. Así mesmo o seu número 7 dispón: “Los cambios de titularidad podrán comprender carreteras, tramos de éstas, elementos funcionales y/o espacios de la zona de dominio público adyacente”.



Así mesmo, e en relación ao procedemento para o cambio de titularidade das estradas o Decreto 66/2016 de 26 de maio do Regulamento xeral de estradas de Galicia esixe no seu artigo 18.11: *“Los cambios de titularidad de tramos de carreteras a favor de administraciones de menor ámbito territorial sólo se llevarán a cabo cuando se trate de tramos terminales o cuando no impliquen la interrupción de ninguno de los itinerarios de los que forme parte sin que exista una alternativa viaria, existente o planificada, para todos ellos que proporcione un nivel de servicio al menos equivalente, a través de la red de carreteras de la Administración cedente o de las redes de carreteras de titularidad de administraciones de mayor ámbito territorial”.*

Baixo o CSV IV67GPSPB3XT3JE3SPW5CYS7E4 consta no expediente o informe favorable do Servizo de Vías e Obras concordado pola Presidencia desta Deputación Provincial de data 11 de setembro de 2020 que, acompañado da súa planimetría, literalmente di: “Este Servizo de Vías e Obras informa favorablemente o cambio de titularidade ao Concello da Pontenova da estrada provincial LU-P 4805 “Boulloso (LU-704) Dodrin- Figueirúa” de lonxitude total 5.567m.

Baixo o CSV IV7GU3DKFL5K6SWYVTV5CYDD6U consta no expediente informe favorable da Secretaría Xeral Adxunta de 16 de setembro de 2020 á solicitude de cambio de titularidade da estrada provincial mencionada a favor do Concello da Pontenova.

Terase en conta que por imperativo legal, contido no nº 4 do artigo 9 da referida Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, o pretendido cambio de titularidade aprobarase por Decreto da Xunta de Galicia previo acordo das administracións afectadas, a cuxos efectos darase conta do acordo plenario provincial ao Concello interesado para a súa aceptación, se procedese. Os citados acordos remitiranse á Consellería competente en materia de estradas para a súa proposta de aprobación. A resolución ou decreto polo que se aprobe o cambio de titularidade das estradas deberán ser publicados no DOGA e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación (nº 6 do citado artigo 9).

Unha vez aprobado o cambio de titularidade formalizarase mediante acta de entrega subscrita entre as administracións interesadas segundo a esixencia expresada no artigo 18 números 6.7.e 8 do Decreto 66/2016 do Regulamento xeral de estradas de Galicia.

De conformidade ao exposto e en aplicación do nº 23 do artigo 57 do noso Regulamento Orgánico proponse ao PLENO:

Primeiro. Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello da Pontenova do treito solicitado da estrada provincial LU-P 4805 “Bouulloso (LU-704) Dodrin- Figueirúa” de lonxitude total 5.567m.

Segundo.- Remitir este acordo ao Concello da Pontenova para a súa aceptación polo Pleno Municipal.

Terceiro.- Someter a aprobación á Xunta de Galicia o cambio de titularidad do referido tramo da estrada provincial”.

Faise constar que figura no expediente o informe favorable da Secretaría Xeral Adxunta, e conta coa conformidade da Secretaría Xeral e da Intervención.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, e polo tanto por maioría absoluta, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta que textualmente di o seguinte:



“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación segunda ao convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de LUGO, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: *DESDOBRAMENTO, URBANIZACIÓN E HUMANIZACIÓN DA AVENIDA DUQUESA DE LUGO (INFANTA ELENA)*, que dispón o seguinte:

“PRIMEIRO.- A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión extraordinaria celebrada con data 29 de decembro de 2016, prestou aprobación ao convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de LUGO, coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: DESDOBRAMENTO, URBANIZACIÓN E HUMANIZACIÓN DA AVENIDA DUQUESA DE LUGO (INFANTA ELENA).

SEGUNDO.- En data 30 de decembro de 2016, asinouse o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de LUGO.

TERCEIRO.- Por acordo da Xunta de Goberno de data 28 de decembro de 2018 aprobouse adenda de modificación ao amentado convenio, addenda que foi asinada en data 31/12/2018, e constan incorporados ao expediente.

En dita addenda sinálanse, entre as obrigas da Deputación:

“2. Financiar o investimento, no importe da achega sinalada, e executar as actuacións obxecto deste convenio, con medios propios non personificados e/ou a través dos procedementos de licitación previstos na LCSP, ata os importes indicados na cláusula primeira.

3. Executar os investimentos obxecto deste convenio na data límite do 30 de setembro de 2020, incluída a recepción das obras ...”

E entre as obrigas do Concello de LUGO:

“c) Encargarse da dirección facultativa das obras e coordinación de seguridade e saúde.

d) Aportar os terreos precisos, permisos e autorizacións que sexan preceptivas”

Así mesmo, na cláusula cuarta da addenda de modificación, sinalase que “... a data límite da vixencia do convenio, salvo prórroga expresa antes da súa finalización, será o 30 de decembro de 2020, ...”

CUARTO.- En virtude do establecido no convenio e posterior addenda de modificación, a Deputación licitou a obra indicada, sendo adxudicada por acordo da Xunta de Goberno de data 15/05/2019 e séndolle comunicada dita adxudicación ao concello de Lugo en data 21/05/2020, con RS nº 6117.

Así mesmo, en data 21/05/2019 asinouse o contrato administrativo de execución da obra, do que se lle remitiu copia ao concello de Lugo o 27/06/2019 con RS nº 7883 a fin de efectuar os trámites que legalmente corresponden.

QUINTO.- Non consta a achega por parte do Concello de Lugo dos terreos precisos, permisos e autorizacións, non achegando acta de comprobación de replanteo, nin nomeamento de director de obra, nin calquera outra actuación encamiñada ao inicio da execución da obra.

SEXTO.- Dona Lara Méndez López, Alcaldesa do Concello de LUGO, achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, con RE 2020RT005773 de data 04/09/2020, incorporado ao expediente, a través do que manifesta “... que sempre que non se produzan novas situacións que provoquen confinamentos ou outras determinacións, dende o Concello se estima que o procedemento que permita a dispoñibilidade de terreos pode estar finalizado (e polo tanto os terreos a disposición para a execución das obras) a mediados do mes de novembro de 2020, momento no que se poderían iniciar as obras”

SÉTIMO.- Con ocasión da presentación do escrito do Concello detectouse que dita solicitude, demandaba a necesidade de preveer unha duración do convenio mais aló dos 4 anos, e que se efectúa a través desta addenda, evitando a perda da consignación anual, no sistema de xestión orzamentaria.

Fundamentos de dereito:



PRIMEIRO .- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a ambas entidades locais, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido. Esta acción pública colaborativa enmarcase nas relacións de cooperación interadministrativa con fundamento no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas” , asimesmo dita actividade se regula nos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015.

En canto ao papel de cooperación da Deputación respecto dos concellos atopa fundamento singular no art. 36 da LBRL e mesmo o 30 do RDL 781/86, de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

SEGUNDO.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

TERCEIRO.- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, obxecto, tipo, requisitos de validez e eficacia e contido dos mesmos, detallados no informe relativo á aprobación e addenda de modificación deste convenio obxecto de informe.

CUARTO.- O Convenio formalizado, denominado de colaboración, na redacción inicial, canaliza unha relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e no convenio analizado, ao igual que na modificación proposta. Esta ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta

coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”



2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

Doutra parte, na relación interadministrativa entre a Deputación e Concellos, instrúntase unha competencia propia da deputación provincial como é a de asistir económica, técnica e xuridicamente aos concellos da Provincia.

A maior abastanza a intervención desta Deputación Provincial, prevista no convenio de referencia tería sustento no artigo 36.1 da amentada Lei, e no artigo 30.6.e) e h) do RDL 781/1986 de 12 de abril, no sentido este último de que a Deputación executa obras no territorio provincial e coopera a través da subscrición de convenios de colaboración.

QUINTO.- A modificación do convenio de colaboración (subscrito o 30 de decembro de 2016, e posterior addenda de modificación subscrita o 31/12/2018), proposta polo Concello de Lugo, interesa unha ampliación da duración do convenio, para dar cumprimento o obxecto do mesmo.

A fin de avaliar esta intensificación da cooperación, compre efectuar as seguintes reflexións de orde mais dogmático, significando a evolución lexislativa e doutrinal, en canto a articulación das relacións interadministrativas.

O propio preámbulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro (LRXSP), destaca a vinculación entre eficacia e a ordenación xurídico –pública e institucional. Observase unha mutación no centro de gravidade, na concepción dos “servizos públicos” (lato sensu), que xa non é tanto a administración prestadora e as súas potestades, senón os cidadáns titulares de dereitos, par a súa esixencia e para unha prestación que sexa ademais de legal, boa, intelixente e eficiente. Nesta liña, o artigo 140 LRXSP fai referencia especialmente a eficiencia, “... compartiendo el uso de recursos comunes, salvo que no resulte posible, (...); en la gestión de recursos públicos supone compartir recursos comunes, recursos que pueden ser económicos, pero también medios personales o de bienes ...”

Sostense que na actualidade, o modelo de Estado relacional é unha evolución lóxica do “previo” Estado prestacional (Lorenzo Mellado Ruiz, “acercamiento a la acción pública

colaborativa: mecanismos horizontales y verticales de colaboración administrativa”, unidad formativa CEMCI 2018).

Na relación interadministrativa regulada no título III da Lei 40/2015, de 1 de outubro (LRXSP), diferenciase no capítulo I, de principios Xerais das relacións (art 140), un capítulo II, sobre o deber de colaboración entre as administracións públicas (art 141) e as técnicas de colaboración (art. 142), entre as que cabe citar o deber de asistencia e auxilio, para atender as solicitudes formuladas por outras administracións para o mellor exercicio das súas competencias (letra c) do art 142).

O capítulo II, do citado título III (LRXSP) ocúpase das relacións de colaboración, entre as técnicas de cooperación cítanse:

(...)

- a) As de tipo prestacional como a prestación de medios materiais, económicos ou persoais a outras administracións (art 144.1.d) –LRXSP).*

(...)

- g) As actuacións de cooperación en materia patrimonial, incluídos os cambios de titularidade e a cesión de bens, prevista na lexislación patrimonial (art 144.1.g –LRXSP)*

A formalización das relacións de cooperación require a aceptación expresa das partes, que se pode expresar como neste caso, por vía de convenio (art 143.2). En tanto que como técnica de cooperación, os convenios e acordos que formalicen a cooperación han de prever as condicións e compromisos que asuman as partes subscritoras.

Doutrinalmente alúdese a colaboración, a cooperación e a coordinación cos seguintes trazos xerais:

- Colaboración: deber de actuar co resto de administracións públicas para o logro de fins comúns*
- Cooperación: asunción por dúas ou máis administracións públicas, de maneira voluntaria e no exercicio das súas competencias, de compromisos específicos en aras dunha acción común.*
- Coordinación: obriga por parte dunha administración pública e, singularmente a Administración Xeral do Estado, de garantir a coherencia das actuacións das diferentes administracións públicas afectadas por unha mesma materia para a consecución dun resultado común, cando así o preve a Constitución e o resto de ordenamento xurídico.*



En consecuencia, a modificación proposta do convenio de colaboración epigrafado, enmárcase nesta base normativa e doutrinal, e organiza no eixe dunha acción colaborativa, sen crear personificacións xurídicas, entre administracións públicas:

- a) Técnicas de colaboración (deber de asistencia; art 142 LRXSP)*
- b) Técnicas de cooperación, mediante a prestación de medios materiais, económicos e persoais.*
- c) Actuación de xestión patrimonial para a posta a disposición de terreos necesarios para executar os fins do convenio, incluídos tarefas para a súa obtención e unha vez materializadas as obrigas de facer para obter o resultado, cal é a execución do DESDOBRAMENTO, URBANIZACIÓN E HUMANIZACIÓN DA AVENIDA DUQUESA DE LUGO (INFANTA ELENA), a súa entrega ao Concello de Lugo, titular dos resultados, para a súa posta en funcionamento, apertura ao uso público e mantemento e coidado, coas restantes obrigas propias do titular dese dominio público resultante.*

SEXTO.- As operacións de xestión patrimonial, vía convenio, fundaméntanse no antedito artigo 144.1.g da LRXSP e nos artigos 185 e D. Final 2ª da Lei 33/2003, de 3 de novembro, en relación con artigos 17 e 25 da Lei 5/2011, do 30 de setembro da Lei de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, aplicable ás entidades locais, en virtude da súa disposición adicional segunda.

O Concello de Lugo aportará as autorizacións e licencias precisas, que as poñerá a disposición da Deputación para a execución do investimento obxecto do convenio. Non constando polo momento que o Concello de Lugo aportara ditos terreos, autorización e licenzas, comprobación do replanteo ou calquera outra actuación encamiñada ao inicio da execución da obra.

O convenio articula, que o Concello aporte o proxecto técnico; a Deputación actúe como órgano de contratación; se ben será por Conta do Concello de Lugo a dirección técnica e a coordinación de seguridade e saúde.

O Concello de LUGO será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación, unha vez entregada a obra ao Concello, que se obriga a recepcionar da Deputación, unha vez cumprido o contrato de obras nos termos do artigo 243 da LCSP.

Tamén se ordena, neste negocio xurídico relacional, a recepción da obra (contrato de obra) e a súa entrega patrimonial ao Concello de Lugo (art. 173 do RD 1098/2001, do 12 de outubro).

SÉTIMO.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

OITAVO.- O municipio de LUGO é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d)



A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; e tamén materias como urbanismo ou medio ambiente urbano.

A Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, establece no seu artigo 1 o obxecto, sinalando “ten por obxecto regular o dominio público viario nas redes de estradas de titularidade Autonómica de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establecer os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección de aquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das distintas administracións titulares”. Do mesmo xeito, o artigo 9.3 desta mesma Lei sinala en canto a titularidade das estradas “... as de titularidade das respectivas entidades locais compoñen a súa correspondente rede de estradas”. É de ter en conta o establecido nos artigos 30.1.c en canto ao financiamento das actuacións, “mediante procedementos de colaboración con outras administracións públicas, sociedades ou entes públicos, con outros organismos locais, nacionais ou internacionais, ou con particulares” e 33.6 da amentada Lei, “correspóndelle aos Concellos a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando situados no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais, e lles sirvan a aqueles para exercer as súas competencias propias”.

Neste mesmo senso debe terse en conta o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia, e en concreto o establecido no artigo 18 – cambios de titularidade-; artigo 76.2 –procedementos de colaboración- “(...), c) Instalación, ás súas expensas e polos seus propios medios, de elementos funcionais ou equipamentos complementarios da estrada, tales como mobiliario urbano e calquera outro similar, (...); artigo 77 –convenios de colaboración- e artigo 85 –dirección e inspección da explotación-.

A maiores, debe terse en conta a Lei Galega 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade, que establece, entre outros, o principio de accesibilidade universal e fixa condicións de accesibilidade para o acceso e utilización de espazos públicos urbanizados, itinerarios, parques, xardíns e espazos libres, aparcamentos,... (artigos 5 a 8). Esta Lei Galega ditase tendo en conta o RD Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, de modo que a accesibilidade universal conforma unha acción para remover os obstáculos que impiden ou dificultan a igualdade efectiva de persoas ou grupos de persoas, consonte aos mandatos dos artigos 9.2; 10; 14 e 49 da CE e a convención internacional sobre dereitos das persoas con discapacidade e os tratados e acordos internacionais ratificados por España.

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

NOVENO.- A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación lexislación en materia de contratos:

- a) Non sería, por estar vixente no momento da sinatura do convenio, a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no art. 4.1.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que sinala que “están excluídos do eido da citada lei: (...); c) Os convenios de colaboración que desenvolva a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas, as Entidades Locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que celebren estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a esta Lei.”*
- b) Non é, por estar vixente no momento da modificación, a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.*

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o



Reglamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia aplicable como criterio interpretativo e de integración normativa aos convenios de colaboración nos que participe a comunidade autónoma.

DÉCIMO.- Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e na addenda de modificación se estableceu como data o 30 de decembro de 2020, debendo estar aprobada a certificación ou liquidación da obra na data límite do 30 de novembro de 2020, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontades, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

E dado que na data actual está pendente o cumprimento dos compromisos e obrigas asumidos no mesmo, e non existe vontade das partes en declarar a súa extinción, faise necesario a súa modificación, constando de xeito xustificado as causas de superación dos prazos de execución dentro do prazo xeral de vixencia do convenio.

O convenio non esta en ningunha das situacións de extinción do mesmo, de acordo co clausulado do mesmo, non se afecta a dereitos de terceiros e a súa modificación redunda no interese xeral buscado polas partes con este convenio.

Ademais, o concello dentro do prazo de vixencia solicitou o reaxuste, vontade coincidente coa desta Deputación, en reaxustar a vixencia do convenio para dar cumprimento os fins sinalados no mesmo e pendentes de execución a data actual.

En conclusión, entendendo que o convenio neste momento non está extinguido, ao non estar cumpridos os compromisos e obrigas do mesmo, compre responder a solicitude de reaxuste do concello de LUGO e mediando acordo de vontade das partes é posible a prórroga e a modificación do mesmo por estar prevista de xeito expreso esta posibilidade na cláusula quinta do convenio e cuarta da addenda de modificación.

O art. 49 letra g) da Lei 40/2015, do 1 outubro, LRXP, precisa que réxime da modificación se pode incorporar o contido do convenio, tal e como sucede ca antedita cláusula.

DÉCIMO PRIMEIRO.- En canto ao órgano competente sinalar que inda que o Convenio e addenda ao mesmo foi aprobada pola Xunta de Goberno, esta addenda, de ampliación de prazos adicionais (mais aló dos 4 anos que fixa o artigo 49 da Lei 40/2015), segundo o artigo 57, apartado 20 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) trátase dunha atribución que corresponde ao Pleno, atendendo a duración do convenio.

Así pois a proposta de addenda de modificación segunda do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a ampliación da vixencia do devandito convenio por catro (4) anos adicionais, e dicir, ata o 30 de decembro de 2024, debendo estar executados os investimentos antes do 30/09/2024 e aprobada a certificación ou liquidación antes do 30 de novembro de 2024, en consonancia cos prazos inicialmente fixados.

É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

Por todo o exposto anteriormente, propónse ao Pleno o seguinte acordo:

1. Aprobación da addenda de modificación segunda ao convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o concello de LUGO, coa finalidade común de



colaborar na execución de fins comúns consistentes en: *DESDOBRAMENTO, URBANIZACIÓN E HUMANIZACIÓN DA AVENIDA DUQUESA DE LUGO (INFANTA ELENA)*, de tal xeito que se modifique a vixencia deste convenio, ampliando a mesma por catro (4) anos adicionais, e dicir ata o 30 de decembro de 2024, debendo estar executados os investimentos antes do 30/09/2024 e aprobada a certificación ou liquidación antes do 30/11/2024, en consonancia cos items dos prazos fixados inicialmente.

2. Dar traslado do presente acordo ao Concello de Lugo, para o seu coñecemento e demais efectos, incluído a sinatura da addenda de modificación segunda aprobada”.

A Comisión de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Francisco Javier Balado Teijeiro D. José Pardo Lombao, e D. José Angel Santos Sánchez, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e propoñer ao Pleno a súa aprobación se procede”.

Intervén o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Quería simplemente agradecerlle, señor Presidente, que traia hoxe aquí a Pleno este asunto; isto é a demostración de que a Deputación con determinados concellos fai os deberes, porque á Deputación non se lle pode botar en cara neste tema que non fixera os deberes, e non coma noutras ocasións.

E seguramente a un home tan dilixente coma vostede ter todos estes cartos parados sen poder adicalos a algunha outra cousa non lle resulta grato, e nembargantes ten a deferenza de ampliar por catro anos máis este convenio en favor dos veciños de Lugo. Agardamos que sexamos quen de poñer fin a esta longa noite de pedra que vimos sufrindo os lucenses dende o ano 1999, e ter un goberno que se preocupe polos veciños e aproveitar esta oportunidade que nos da”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D. Ana M^a. González Abelleira, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido.

“Coma sempre son ben acaídos os agradecementos, porque a Deputación sempre traballa con vontade de seguir colaborando non só co concello de Lugo, como demostra esta proposta, senón con tódolos concellos tal e como se vén referindo e mostrando continuamente nos acordos, propostas, mocións, e proposicións que temos na Deputación.

Unha longa noite de pedra dende 1999 falaba vostede señor Poy, pero teño que dicirle que a longa noite de pedra dos compromisos, estamos a falar dunha addenda totalmente adherida á lei, que non está en ningún período contrario á normativa vixente, e que simplemente, por cuestións técnicas e cuestións que impediron a resolución en temas de terreos, se pide este aprazamento para chegar a bo porto con esa expansión dunha zona tan importante para a veciñanza de Lugo como vai ser o desdoblamento da Duquesa de Lugo.

Polo tanto son acaídos eses agradecementos, pero tamén nos gustaría que a Xunta de Galicia, que tanto que comenta que non chegan a bo porto os proxectos, e en Lugo ten moita débeda; e a Deputación está demostrando que cumpre coas súas promesas mentres que aínda estamos esperando polo plan paradaí, polo museo da romanización, pola residencia de maiores, polas actuacións que se ían facer na residencia. Por tanto eu creo que é intención da Deputación, así como do concello de Lugo, levar a termo estas actividades tan importantes”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Abraiante falar da Xunta no tema do desdoblamento de Duquesa de Lugo, a obra tiña que estar rematada mañá día 30 de setembro, e aínda non se puxeron nin os terreos a disposición da Deputación para que poda facer a obra. Pero, coma sempre, a culpa de todo é da Xunta, incluso cando a Xunta non pinta nada”.

Intervén a Sra. Deputada D. Ana M^a. González Abelleira, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“É un antollo seu que a obra tiña que estar rematada, porque tódolos convenios teñen a posibilidade de ser ampliados cando, por motivos ademáis alleos totalmente a calquera das



administracións que asinaron este convenio, non se poden rematar. Hai un escrito do concello, da Alcaldía do Lugo, onde se estima que eses terreos, que é o único escollo que neste momento falta, pola situación que nos tocou vivir, e legalmente deben ser apercibidos e deben ser notificadas as súas propiedades, e aínda non foron tódolos propietarios e propietarias con este requirimento de notificación.

Polo tanto é cousa súa que tiña que estar rematado o 30, pero os convenios están para ampliarse ou para conseguir o seu fin; e o único que pretenden a Deputación e o Concello de Lugo é cumprir eses obxectivos garantindo unha calidade de vida tamén á cidadanía, cun obxecto claro que é o asinado no convenio; por tanto sempre hai escollos e vaise rematar no mínimo prazo posible, e que se amplíe estes catro anos non significa que a obra vaia tardar catro anos en realizarse”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

4.- PROPOSTA EN RELACIÓN COA AMPLIACIÓN DOS PRAZOS DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS, INCLUÍDOS NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta que textualmente di o seguinte:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación coa ampliación dos prazos de execución e xustificación de investimentos, incluídos polos Concellos da Provincia no Plan Único 2019, emítase o seguinte informe:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019.

SEGUNDO.- O PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 21 de maio de 2019, figurando incluídos os investimentos para os que solicitan prórroga de adxudicación.

TERCEIRO.- Tendo en conta a situación actual, como a acaecida nestes meses anteriores, derivada da COVID-19, varios Concellos solicitaron prórrogas para a execución e/ou xustificación dos investimentos que teñen pendentes de executar e/ou xustificar.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Nas devanditas bases (BASE 21.2) estableceuse que “...Todos os investimentos deberán estar terminados na data límite do 30 de setembro de 2020 e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse a Deputación na data límite do 15 de outubro de 2020”.

Así mesmo, nas indicadas bases reguladoras do plan único 2019, indícase excepcionalmente os concellos poderá solicitar unha prórroga para o seu remate, que se concederá, no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno”

SEGUNDA.- O RD 463/2020, do 14 de marzo, que declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria provocada polo COVID-19, e ordenou a suspensión do cómputo de termos e interrupción de prazos, determinando o RD 537/2020, de 22 de maio “...con efectos dende o 01 de xuño de 2020 o cómputo dos prazos administrativos que foran suspendidos reanudarase ou reiniciarse ...”

TERCEIRA.- O artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, sinala “... la administración, salvo precepto en contrario, podrá conceder de oficio, o a petición de los interesados, una ampliación de los plazos establecidos...”.



CUARTA.- Tendo en conta que as bases reguladoras do plan único 2019 foron aprobada polo Pleno, a modificación destas debe ser competencia igualmente do Pleno.

CONCLUSIÓN

Polo que vai dito, e ponderando a competencia e función da cooperación do ente provincial, cos concellos (art. 36 LBRL), así como os principios relacionados no artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, a) servizo efectivo ao cidadán, b) boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional, infórmase favorablemente a ampliación do prazo de execución e xustificación dos investimentos incluídos polos Concellos no Plan Único 2019, de xeito que os prazos límite de execución quede establecido no 31 de outubro de 2020 e o de xustificación no 15 de novembro de 2020.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, propónse que polo Pleno se adopte o seguinte acordo:

1. Ampliar os prazos de execución e xustificación indicados nas bases do plan único 2019, de xeito que o prazo de execución quede fixado no 31 de outubro de 2020 e o de xustificación no 15 de novembro de 2020, quedando así modificada a base 21.2 relativa á xustificación dos investimentos.
2. Dar traslado do presente acordo aos Concellos da Provincia e publicar o acordo na páxina web desta entidade, no apartado relativo ao Plan único 2019”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Ante o ditame da Comisión anteriormente transcrito, preséntase unha emenda, do seguinte teor:

“Emenda que se formula ao ditame da Comisión de Asuntos do Pleno celebrado o 24-09-2020 en relación coa proposta de ampliación dos prazos do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2019.

Visto o informe da Sección de Promoción Económica e Emprego , no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación coa ampliación dos prazos de execución e xustificación do programa de fomento do emprego, incluídos polos Concellos da Provincia no Plan Único 2019, emétese o seguinte informe:

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de febreiro de 2019 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 052 do sábado 2 de marzo de 2019.

SEGUNDO.- O PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2019 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión extraordinaria celebrada en data 21 de maio de 2019, figurando incluídos os investimentos para os que solicitan prórroga de adxudicación.

TERCEIRO.- Tendo en conta a situación actual, como a acaecida nestes meses anteriores, derivada da COVID-19, varios Concellos solicitaron prórrogas para a execución e/ou xustificación dos investimentos que teñen pendentes de executar e/ou xustificar.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Nas devanditas bases, (BASE 8ª..1) relativa os custes financiáveis con cargo ao Plan Único estableceuse que “.... Os contratos ou nomenamentos realizados ao abeiro deste plan poderán formularse de acordo a calquera modalidade prevista na lexislación vixente e ata o 30 de setembro de 2020...” “...Admitiranse os gastos xerados como máximo durante 12 meses dende a data da sinatura dos contratos ou dos nomeamentos e ata o límite temporal do 30 de setembro de 2020.”



Igualmente na (BASE 8ª.2) relativa a prazos de execución establece “... O prazo de execución remata o 30 de setembro de 2020.”

Por último na (BASE 21ª.3) establece “ ... sendo a data límite de vencemento do programa o 30 de setembro. A efectos de xustificación deberá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación , na data límite de 15 de outubro de 2020 a conta xustificativa....”

SEGUNDA.- O RD 463/2020, do 14 da marzo, que declarou o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria provocada polo COVID-19, e ordenou a suspensión do cómputo de termos e interrupción de prazos, determinando o RD 537/2020, de 22 de maio “...con efectos dende o 01 de xuño de 2020 o cómputo dos prazos administrativos que foran suspendidos reanudarase ou reiniciarse ...”

TERCEIRA.- O artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común, sinala “... la administración, salvo precepto en contrario, podrá conceder de oficio, o a petición de los interesados, una ampliación de los plazos establecidos...”.

CUARTA.- Tendo en conta que as bases reguladoras do plan único 2019 foron aprobada polo Pleno, a modificación destas debe ser competencia igualmente do Pleno.

CONCLUSIÓN

Polo que vai dito, e ponderando a competencia e función da cooperación do ente provincial, cos concellos (art. 36 LBRL), así como os principios relacionados no artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, a) servizo efectivo ao cidadán, b) boa fe, confianza lexítima e lealdade institucional, infórmase favorablemente a ampliación do prazo de execución e xustificación do plan de fomento do emprego incluídos polos Concellos no Plan Único 2019, de xeito que os prazos límite de execución quede establecido no 31 de outubro de 2020 e o de xustificación no 15 de novembro de 2020.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior e atendendo ao establecido ao artigo 109 e seguintes do Regulamento Orgánico da Deputación de Lugo e demais lexislación aplicable, propónse que polo Pleno se

adopte a seguinte emenda de adición, e en consecuencia engadir no apartado primeiro do ditame da Comisión de asuntos do Pleno

Ampliar os prazos de execución e xustificación indicados nas bases do plan único 2019, relativo ao apartado de Fomento do Emprego, de xeito que o prazo de execución quede fixado no 31 de outubro de 2020 e o de xustificación no 15 de novembro de 2020, quedando modificadas a BASE 8ª.1 relativa a custes financiais, BASE 8ª.2 relativa a prazos de execución e BASE 21ª.3 relativa a xustificación do programa”.

En primeiro lugar procédese á votación da emenda presentada ao ditame da Comisión Informativa, e verificada a mesma, é aprobada por unanimidade.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Evidentemente claro que entendemos e votamos a favor da emenda porque ten moitísimo sentido. Entendemos, ademáis por petición dos concellos, que se amplíen os prazos de xustificación e de execución dos investimentos, e tamén que se faga, por iso se sumou a emenda, no fomento do emprego.

E así o fixemos constar tamén no ano 2020, entendemos que os prazos son moi xustos, e no pleno para debater as bases do Plan Único de 2020 troxemos unha emenda precisamente para ampliar os prazos, posto que estamos nunha situación moito máis complexa aínda que no 2019, e esta ampliación do ano 2019 vennos dar a razón nese pleno do ano 2020, que por certo vostedes alegaron que eran suficientes e que había suficiente marxe. Imos darnos conta dentro duns meses de que efectivamente vai haber que alongar tamén os do ano 2020, pero parece que todo o que trae o Partido Popular non se ten en conta.

Tamén é ben certo que a xestión deste expediente veu á presa, e proba delo é esta emenda á súa propia proposta, eméndanse a si mesmos, aproban tamén ampliar os prazos ó fomento do emprego, o cal celebramos, pero si que é certo que hai improvisación e sobre todo hai pouca consideración cos servizos técnicos e tamén coa propia oposición, que ó final dun día para outro tes



que andar recibindo a documentación e a verdade é que é practicamente imposible revisala. Neste caso confiamos en que todo sexa positivo, pero é ben certo que lle pedimos que se faga todo con algo máis de organización e non veña todo tanto á presa porque despois hai que traballar sobre estes asuntos, e entendemos que non debería ser necesario”.

Seguidamente intervéñ o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Só dicir que aquí o goberno da Deputación fai gala dunha flexibilidade e de entender a problemática dos concellos ca outras administracións non fan, que teñen uns cadros de xustificación moi estritos e que se non os cumpres perdes o dereito a calquera axuda. Entonces non entendo moi ben a intervención do señor Castiñeira porque aquí do que se trata é de normalizar os prazos e entender a situación actual do coronavirus.

E ó mellor outras administracións podían copiar o exemplo da sensibilidade que ten esta Deputación e non o fan, mesmo nas axudas das incorporacións dos gandeiros houbo unha gran polémica nos últimos meses por non ter en conta a situación do coronavirus. Polo tanto nós estamos moi contentos de seguir comprendendo ós concellos da provincia”.

Intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“O certo é que do que se trata é precisamente do que acabamos de escoitar, e é de comprender as necesidades que plantexan os concellos e ter a capacidade e a vontade de flexibilizar eses prazos sen lastrar o Orzamento desta Deputación do vindeiro ano; ese é exactamente o mesmo criterio que mantiñamos cando falabamos do Plan Único de 2020, os prazos teñen que ir para que as obras, as actuacións, e o plan de emprego se desenvolvan no ano seguinte como máximo, porque se pasamos un ano máis estaríamos lastrando o Orzamento da Deputación tal e como xa explicamos naquel Pleno, e eu creo que todos temos a capacidade suficiente para comprendelo porque ou ben gobernan ou ben somos oposición nalgún concello, e polo tanto sabemos de que vai isto.

E abondar un pouco na cuestión que acaba de dicir o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, comprensión e flexibilidade ante as necesidades, neste caso das administracións locais, dos concellos desta provincia, que demandaban esa ampliación de prazo. Pero tamén aproveitar a ocasión para dicirlle a vostedes que o mesmo que se lle esixe a esta administración o trasladen ós seus colegas de Partido que gobernan na Xunta de Galicia, e que deberían ter tamén a sensibilidade suficiente porque o Covid estámolo a padecer todos, isto aféctanos a todos de xeito transversal, e deberían ter a flexibilidade suficiente pero tamén a vontade de querer flexibilizar e tanto para os particulares, como acaba de dicir o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, coma no caso dos concellos que están vendo moi limitadas algunhas xustificacións, deberían tomar exemplo tal vez do que se está facendo noutras administracións, como neste caso está acontecendo na Deputación de Lugo, e levalo tamén á súa xestión.

E polo demais nada que dicir, conta cos informes favorables, polo tanto non hai ningún problema”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“A vostede, señor Castro, redundo un pouco no que lle dixo o señor Poy anteriormente ó Partido Socialista, déronlle o disco a principios da lexislatura de meter á Xunta en tódolos asuntos aquí na Deputación, e aí estamos con esa dicotomía.

O que teñen é que facer vostedes ben o traballo, non emendarse a si mesmos, traer ben presentada a documentación, que é o básico, que é o que lle piden os concellos e os veciños, e por outro lado atender ás veces o que lle di a oposición, que hai que alongar os prazos do Plan Único como pedimos no ano 2020, porque xa vimos perfectamente, e xa nos veñen vostedes dar agora a razón coa do 2019, en que o ano 2020 vai ser moito peor; pero como non se escoita o que di este lado da bancada, que por certo gobernamos en máis de trinta concellos da provincia, e representamos ó Grupo maioritario desta Cámara, pois nin niso nos escoita.

Por tanto verémonos en sucesivos plenos aprobando tamén ampliar os prazos do Plan Único de 2020 porque ademáis os concellos vano necesitar”.



A continuación efectúase a votación do ditame unha vez incluída a emenda aprobada, e verificada a mesma o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada.

--00000--

5.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA RECLAMAR QUE A XUNTA DE GALICIA ASUMA O CUSTO DAS LABORES DE DESINFECCIÓN DERIVADAS DA PANDEMIA DO COVID NOS CENTROS EDUCATIVOS.

Logo de ver a proposta de goberno sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e o Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de goberno para reclamar que a Xunta de Galicia asuma o custo das labores de desinfección derivadas da pandemia do Covid nos Centros educativos.

O protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino para o curso escolar 2020-2021 foi elaborado e aprobado o pasado 22 de xullo unilateralmente pola Consellería de Educación, a cal se negou a negociar as medidas previstas, así como a proporcionar os recursos necesarios para a súa implantación. Este protocolo atendía só a criterios económicos, por enriba da calidade educativa e das garantías sanitarias, e deixaba en mans das equipas directivas, do profesorado, das nais e dos pais, nos diferentes Concellos a responsabilidade da súa planificación e execución.

Establécese nese protocolo unha distancia de seguridade de 1 m. en lugar de 1,5 m. recomendados para os demais espazos, tanto interiores como exteriores, e o uso da máscara e xeles hidroalcohólicos. Despois das protestas de toda a comunidade educativa, sen recibir ningunha resposta, e cando dende os centros traballaban arreo para desenvolver unhas medidas nas que non

confiaban, o día 31 de agosto, dun xeito conxunto, as consellerías de Educación e Sanidade deron a coñecer o seu “Protocolo de Adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021”, no que modificaban unilateralmente a distancia de seguridade a 1,5 m. en educación secundaria e bacharelato, o que obriga aos centros educativos a comezar de novo, buscar solucións á falta de espazo, desfacerse de laboratorios, bibliotecas, ximnasios para habilitalos como novas aulas improvisadas. Isto é un nome abreviado para un documento que, na realidade, tiña un nome máis longo e farragoso: Instrucións polas que se incorporan á Declaración de Actuacións Coordinadas en Materia de Saúde Pública aprobadas polo “Consejo Interterritorial do Sistema Nacional de Salud Pública” (D.O.G Nº 174 Bis Do 28-08-2020) e a actualización das recomendacións sanitarias do Comité Clínico ao protocolo do 22 de Xullo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o Curso 2020-2021”.

Superada a barreira dun título pensado quizá para atordar ao lector/a, o documento conta cun punto 4 que leva por título “Medidas xerais de limpeza nos centros”. Literalmente, medidas xerais de limpeza. No título, cando menos no devandito punto 4, non se mencionan as tarefas de desinfección dun xeito explícito.

Porén, a primeira frase deste punto 4, o arranque do punto 4.1 di, literalmente que “cada centro disporá dun protocolo de limpeza e desinfección que responda ás súas características... O protocolo de limpeza é obrigatorio para todo o persoal de limpeza con independencia da súa dependencia orgánica polo que será de aplicación non só as empresas externas senón tamén ao persoal dos concellos”. E no subapartado 4.1.1 dise que o protocolo recollerá a “Limpeza polo menos unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, como no caso dos aseos, onde será de polo menos dúas veces ao día”.

Se o título orixinal do documento resultaba extenso e escuro, a redacción do mesmo deixa atónito ao lector. Por varios motivos. Por unha banda, xógase ao despiste, empregando ás veces só o termo limpeza, outras limpeza e desinfección. Ademais, a Xunta dille aos centros que elaboren o seu propio plan de limpeza, pero fíxalles unhas obrigas de limpeza diaria, ou, no caso dos aseos, de dúas veces ao día. Nesta liña, a consellería de Educación parece invitar aos directores dos centros a organizar as tarefas de limpeza dos centros; parece que os xestores da Xunta ignoran as condicións

nas que se prestan os traballos de limpeza na práctica totalidade dos colexios galegos: contratos plurianuais por concurso público suxeitos ás garantías que marca a legalidade vixente.

A redacción deste protocolo pretende obviar un feito claro: as medidas excepcionais de desinfección derivadas da Covid non son unha extensión dos servizos de limpeza que se realizan con carácter habitual. E impoñer medidas de desinfección diarias ou de dúas veces ao día supón, de feito, encargar traballos novos. Traballos que alguén terá que pagar.

O devandito protocolo da Xunta acada as 93 páxinas. Contén 30 puntos de medidas e 10 anexos sobre diversas cuestións. O que resulta máis rechamante, tendo en conta o carácter exhaustivo do documento, e que non contemple unha soa mención a quen ten que asumir o custo das medidas excepcionais que a Xunta obriga aos centros a adoptar. Isto non deixa de ser sorprendente, tendo en conta que apenas dous días despois da aprobación deste protocolo, o BOE confirmou o que a Xunta xa sabía; isto é, que lle correspondían case que 93 millóns de euros no reparto do fondo Covid do Estado.

Pero en lugar de destinar parte destes fondos a pagar o custo dos traballos de desinfección, a Xunta deriva esta responsabilidade aos concellos. Porque á Xunta non lle doen prendas en renunciar ás súas competencias se iso supón trasladar a responsabilidade a outro e, sobre todo, aforrar cartos. Mentres o presidente Feijóo pide por carta colaboración aos alcaldes, a actitude da Xunta cara os concellos pódese resumir coloquialmente nun “vos ide facendo e, sobre todo, ide pagando”.

No ámbito sanitario, con carácter previo á constitución da Comunidade Autónoma de Galicia, na fase preautonómica, procedeuse a transferir á Xunta de Galicia, a competencia en materia sanitaria, nos termos expostos na norma de transferencia, isto é, o Real Decreto 1634/1980, do 31 de xullo, sobre transferencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de traballo, industria, comercio, sanidade, cultura e pesca. No seu artigo 31, establece que “corresponde á Xunta de Galicia no marco da planificación xeral sanitaria do Estado e dentro do seu ámbito de actuación territorial, a organización, programación, dirección, resolución, control, vixilancia, tutela, así como a sanción e intervención nas actividades e servizos de competencia da Administración sanitaria do Estado relacionadas no artigo seguinte deste Real Decreto”.

E no artigo 32, menciona: “Transfírese á Xunta de Galicia as seguintes funcións e competencias en orde á acción pública sanitaria:

d) Os programas sanitarios tendentes á protección e promoción da saúde, como os de hixiene maternal, infantil, escolar, industrial, laboral, deportiva, mental, así como as accións sanitarias permanentes en materia de enfermidades transmisibles e non transmisibles, antroponozoonoses e educación sanitaria”.

No ámbito educativo, o Estatuto de Autonomía de Galicia, establece no seu artigo 31: “ É competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración da ensinanza en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas...”

Pero a competencia de desinfección derivada do Covid non é unha competencia propia dos concellos. E a desinfección derivada dunha emerxencia sanitaria excede dos traballos de limpeza, por moito que a Xunta tente confundir ambos termos.

A única normativa que regula a desinfección da Covid-19 como lexislación do Estado nos centros docentes é o RDL 21/2020, de 9 de xuño, que di que *"As administracións educativas deberán asegurar o cumprimento polos titulares dos centros docentes, públicos ou privados, que impartan as ensinanzas contempladas no artigo 3 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, das normas de desinfección, prevención e acondicionamento dos citados centros que aquelas establezan"*. Esta nova competencia diríxese ás administracións educativas e os municipios non o son, como así claramente se deduce da Disposición Adicional décimo quinta da L.O. 2/2006, de 3 de maio, que diferencia claramente entre as administracións educativas, dunha banda, e as administracións locais pola outra. As administracións educativas son concretamente o Ministerio de Educación e a correspondente consellería autonómica en materia de educación.

É certo que o punto 2 da citada disposición adicional décimo quinta recolle que *“La conservación, el mantenimiento y la vigilancia de los edificios destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial, corresponderán al municipio respectivo.”* Mesmo por este motivo, a Xunta xoga a camuflar as necesidades especiais de



desinfección dentro das tarefas xerais ou normais de mantemento e conservación. Pero a xeración de confusión non parece o mellor xeito de garantir unha loita axeitada contra unha pandemia. E sobrecargar aínda máis as arcas dos concellos, facéndolles asumir un custo extra que non lles corresponde, tampouco.

Por todo isto, reiteramos o noso compromiso de colaboración leal na loita contra a epidemia da Covid, e reclamamos á Xunta de Galicia que exerza as súas competencias de coordinación e de asunción das competencias que lle son propias. E somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo:

- Amose o seu rexeitamento pola improvisación na aplicación unilateral do protocolo Covid-19, aprobado pola Xunta de Galicia, así como o apoio ás demandas da comunidade educativa nesta materia.
- Solicite á Xunta de Galicia a que modifique as instrucións aprobadas polo Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde Pública e realice directamente as tarefas de desinfección de centros educativos derivadas das necesidades impostas pola loita contra a epidemia da Covid por non ser unha competencia dos concellos, asumindo a totalidade do sobrecusto derivado da implantación do protocolo Covid-19.
- Inste á Xunta de Galicia a presentar un plan estratéxico acerca de como vai empregar os 92.987.530 euros que lle corresponde no reparto do Fondo Covid-19.
- Emprace á Xunta de Galicia a abrir un proceso de diálogo urxente coa comunidade educativa e a FEGAMP co obxectivo de resolver os problemas derivados do protocolo, elaborado de forma unilateral pola Xunta de Galicia, para garantir o correcto inicio e funcionamento do curso escolar 2020-2021”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé M^a. Arias Fernández, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Nesta proposta que trae o goberno creo que se está demandando algo xusto e equitativo para os concellos.

Antes de nada teño que resaltar que dende que as medidas Covid se están levando a cabo a única axuda que recibiron os concellos da provincia de Lugo foi da Deputación de Lugo, que lles permitira que no Plan Único cada concello puidera gastar en medidas Covid ben fora para mascarillas ou para o que os concellos desexaran, uns optamos por unha cousa e outros por outra, incluso nalgúns concellos con mocións onde gobernaban e onde non se goberna preséntase dunha maneira ou presentase doutra, pero o Plan Único permitía así ós concellos facelo.

Esta proposta traémola porque a falta de previsións das Consellerías, tanto de Educación como de Sanidade, moitas veces son tardías, contradictorias e case que inintelixibles. Eu creo que as protestas de pais e de docentes, de ANPAS, e xogar coas medidas de seguridade, pouca sensación de tranquilidade que se lles dá ós pais e nenos cando se lles di que a distancia de seguridade é dun metro, logo dun metro e medio, despois de novo dun metro, logo mampara, finalmente que cada centro faga o que estime máis convinte.

E no medio tamén nos pilla ós concellos, porque despois disto con eses noventa e tres millóns de euros que recibe a Xunta de Galicia para as medidas Covid ós concellos non nos está chegando nada, isto é o de sempre, Feijóo di: “ide facendo e despois xa veremos”, isto é sívase canon de auga Xunta de Galicia e despois os convenios van para onde van e aquí os veciños pagámolo todos; iso é o que sucede sempre na Xunta de Galicia.

Isto equivale moitas veces a que agora os concellos que teñen contratada a limpeza con empresas que me digan como se pode facer porque isto é case que ilegal, os concellos fan contratacións con reparos dos secretarios, da Xunta de Galicia non recibimos nin un euro, non sei os noventa e tres millóns de euros para que son?, serán para facer algún tipo de obra ou será para aforrar cartos a ver se isto coa, e os concellos van pagando as medidas Covid; publicidade, publicidade, e publicidade.

Repito, é un problema de estabilidade en moitos concellos, cos conseguintes problemas de contratación coas empresas e cos reparos de Secretaría. Por iso que a única axuda que tivemos ata agora foi a da Deputación Provincial, hai que recoñecer que foi así.



Co cal isto ven dar paso ós problemas que existen agora mesmo nos colexios, e estamos asumindo os concellos unha competencia que si temos de limpeza pero non de desinfección, así o di a Constitución e creo que neste problema excepcional estas medidas de desinfección correspóndenlle á Xunta de Galicia e non ós concellos, e cando menos tiñan que asumilas, non só os custes senón os labores de desinfección, porque isto é algo excepcional que non entra dentro da limpeza e da obrigatoriedade que teñen os concellos cos centros educativos, e incluso meténdonos nunha responsabilidade ós propios concellos e ós Alcaldes neste caso”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Teño que recoñecer señor Arias que lle vou contestar fundamentalmente entorno ó que podo ler na súa proposta, porque, polo uso da máscara, a verdade é que me resulta complicado escoitar debidamente o sentido completo da súa intervención como quixera.

En realidade o problema que vostedes traen hoxe a colación é unha reedición da cuestión da colisión de competencias entre distintas administracións que a loita contra o Covid exacerba moi especialmente; certo que o fai á inglesa, como diría Paco Vázquez con ironía, recordaba nunha ocasión o ex Alcalde da Coruña o recoñecemento que había que facer á contribución dos ingleses á modernización da cidade, claro que esa contribución facíase a cañonazo limpo, os ingleses bombardeaban a cidade, destruían edificios e construcións, e obrigaban a reconstruílos novos, era unha forma peculiar de cooperación, exactamente igual que ocorre neste caso onde as distintas administracións reivindicán ou rexeitan administracións propias e impropias segundo lles pareza convinte.

E iso ocorre coa proposta que vostedes presentan, señor Arias, onde a Deputación tira por elevación cara á Xunta de Galicia, reclamándolle o exercicio de competencias, e ó mesmo tempo facendo escaqueo e deixación lóxicamente de funcións en relación coas competencias que tamén lle corresponderían en relación con esta materia.

Nós concordamos coa necesidade de dotar ós concellos de medios económicos para facer fronte á loita contra a pandemia, e moi especialmente nesta materia específica de desinfección dos

centros educativos; pero no que non estamos tan concordes é coa forma e a maneira que se fai a través da proposta que vostedes presentan. Pareceume entenderlle, señor Arias, que dicía vostede que a adopción desas medidas correpondelle á Xunta de Galicia, pois eu non teño esa percepción, e creo que a cuestión hai que abordala tendo en conta dous puntos de vista, en primeiro lugar o da competencia funcional, e en segundo lugar o da competencia material.

En relación coa competencia funcional, e aínda recoñecendo que é tremendamente farragosa a lexislación ó respecto, tanto a que invocan vostedes na súa moción como tamén outra normativa aplicable, como a Lei de Racionalización e Sustentabilidade da administración local, a Lei de Bases de Réxime Local, a Lei de Administración Local de Galicia, e o mesmo pacto ou acordo coa Fegamp, hai que colixir, e creo que é o sentir maioritario, que por certo séguese tamén noutras Deputacións de fóra de Galicia, algunhas gobernadas tamén polo propio Partido Socialista, que parece evidente que a competencia sobre o mantemento e conservación dos centros educativos, singularmente de primaria e infantil, corresponde ós concellos e á Xunta os de secundaria e FP.

Pero eu dicíalle que había que tomar tamén en consideración o aspecto material da competencia, é dicir cal é o ámbito dentro do que se exerce, e nese sentido se plantexa por moitas administracións locais a circunstancia de que estes gastos de desinfección do Covid non deben estar incluídos nesa competencia material que lles corresponde e da que antes falabamos. É verdade que hai expertos que sinalan que a competencia se exerce íntegramente con independencia de que se trate de circunstancias ordinarias ou extraordinarias.

Pero nós entendemos que efectivamente é razoable a posición de dúbida ó respecto, en primeiro lugar porque se trata dun acontecemento extraordinario como é a pandemia, un acontecemento extraordinario imprevisible, que obriga á adopción de medidas extraordinarias noutros moitos eidos económicos e sociais, e que polo tanto debera ter tamén un tratamento extraordinario nesta materia; en segundo lugar porque tamén é verdade que esa competencia nin sequera nas normas reguladoras do Estado de Alarma está atribuído expresamente a ningunha Administración, e polo tanto tampouco hai que considerar que por extensión sexa exclusiva da Administración Local. E tamén é verdade, nisto si coincidimos co que se di na proposta, que casa moi mal co *modus operandi* da prestación do servizo por parte dos concellos en relación co exercicio da competencia.



Por esa razón nós entendemos, señor Arias, que é moi difícil pedir que se preste directamente pola Xunta de Galicia, e atribuírlle esta cuestión de competencia directamente á Xunta de Galicia, porque iamos ter unha discusión difícil de resolver, e ía plantexar eses problemas competenciais importantes. Pero si cremos tamén que como non é unha competencia en sentido estrito propia dos concellos, e neste caso si que se debe acudir á colaboración institucional, á colaboración leal, entre as administracións, e solicitar a participación obrigatoria de todos na resolución do problema, no Estado a través da asignación deses fondos Covid, da Xunta de Galicia a través da participación neses fondos ou da maneira que se estime oportuno, pero tamén das Deputacións Provinciais que neste caso teñen unha oportunidade excelente para facer exercicio dese deber de cooperación que lle corresponde en relación cos concellos.

É certo que vostedes atribuíndolle á Xunta a competencia tratan de excluir a súa responsabilidade, pero eu creo que aquí si que temos que dar un exemplo de lealdade e de cooperación coas Administracións Locais, e en función de como vostede me oriente o sentido da súa actuación nós expresaremos a nosa intención de voto”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Sr. Baamonde, agradézolle o comezo desa introducción histórica, e a súa disertación técnica e técnico-xurídica, e detrás diso o único que tratan é de esconder a improvisación. Falaban antes de improvisación por corrixir un erro antes dun pleno, pero vostedes tiveron máis de seis meses para preparar o inicio do seguinte curso sabendo que ía estar afectado polo Covid-19, e non fixeron nada; centráronse quizá nas campañas electorais, é verdade que xa antes das eleccións deron mostra de cales eran os seus intereses no que tiña que ver coa educación pública cando o Presidente pediu públicamente, e sen ruborizarse, que se puideran destinar os fondos que ían para educación noutras cousas.

Con ese plantexamento inicial, daqueles polvos estes lodos, improvisación e cero responsabilidade, vostedes descargan contra os concellos e contra as familias; porque falamos do tema da desinfección, vostede aquí falou de que é moi difícil discutir de quen é ou de quen non é,

pois a competencia en educación é da Xunta de Galicia, polo tanto vostedes son os primeiros que tiñan que exercer a competencia de educación e de sanidade pública, e estamos falando dun tema que afecta gravemente ás dúas cousas.

Polo tanto vostedes deberían ser os que solucionaran o problema pero, coma sempre, disparan cara abaixo, porque a Xunta de Galicia vai resultar que só está para ter un telePresidente, porque segundo vostedes non hai ningunha solución; a desinfección dos centros teñen que pagala os concellos, e por asimilación a Deputación; as máscaras teñen que pagalas as familias, dúas máscaras por día como mínimo; e ó mellor a nós pode parecerse un gasto superfluo pero afecta a moitas familias; e vostedes non aceptan nada, nin sequera cumpren as recomendacións da OMS coas distancias dos nenos, que xa sabían que era un metro e medio mínimo e agora, como non tiñan sitio, como non investiron, como non se preocuparon de solucionar o problema, nin investiron en profesores, chega o problema e tiveron que metelos por debaixo dos estándares que din as autoridades internacionais en saúde pública.

É unha completa deixadez, pero a vostedes dálles igual a educación pública, e dálles igual o que pase coa pandemia nos colexios; e xa sen entrar no que fan en colexios con outras especificidades e outros problemas como pode ser en Sarria. Vostedes sensibilidade cero coas familias e coas nenas e nenos; e veñen aquí agochándose detrás de que é moi difícil saber de quen é a competencia, pois dígollelo eu, é súa, a de sanidade pública e a de educación é da Xunta de Galicia.

Polo tanto destinen o diñeiro que van recibir dos fondos europeos en educación, non fagan o que xa dixeron públicamente que van facer que é non destinalo a educación, porque lles dá igual, e solucionen os problemas, e cada vez que hai un problema deixen de mirar cara a outro lado porque miran sempre cara abaixo, é increíble!; a administración que debería gobernar ós galegos e galegas nunca ten nin responsabilidade nin diñeiro para nada, sempre miran cara abaixo. Pois eu creo que neste tema deberían tomalo en serio e non o están a facer, están metendo por debaixo de calquera estándar a todo o ensino público; e hai moitas Comunidades que o están facendo moito mellor ca vostedes, e miren para elas, pero aquí non, agora a falta de planificación vai ser culpa dos concellos, e xa era o que lles faltaba ós concellos, infrafinanciados e ter que solucionarlle os problemas á Xunta, incluídos os de sanidade pública.



Eu creo que deben deixar esa retórica, aquí viña vostede señor Baamonde cun buenismo de “imos axudarnos todos”, pero iso podía aceptarllo se quen ten a responsabilidade fixera algo, pero como non fan nada, onde imos todos?, sempre falta unha parte, a máis importante que é a Xunta de Galicia.

Polo tanto creo que é unha reivindicación clara, incluso máis alá das competencias que para min están máis que claras, a Xunta de Galicia debería ter máis que sensibilidade neste tema e non a ten. Por tanto deixen de mirar cara ós concellos, cara ás familias, e asuman algún custe, porque vostedes queren saír da crise do coronavirus a custe cero, e iso non pode ser porque hai que investir e vostedes non invisten máis ca en publicidade.

Eu creo que deberían votar a favor desta proposta, que é unha reivindicación de tódolos concellos e de tódalas familias, e facer iso que dicía vostede, señor Agustín, de ir da man, e para iso hai que poñer a alma”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé M^a. Arias Fernández, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Señor Agustín, eu creo que vostede, que tamén foi Alcalde, debería convencer ó seu Grupo para apoiar esta proposta, porque aquí estamos reivindicando unha axuda, ben directa ou indirecta, tampouco se está pedindo nin esixindo ningunha cousa do outro mundo; moitos concellos están agobiados e asfixiados por un problema de estabilidade, incluso con estes gastos.

O único que recibiron os concellos foi a axuda do Plan Único, aquel que o quixo facer, outros gastaron en obras, pero o que o quixo facer foi claramente a Deputación Provincial de Lugo. Eu quixera saber a que se adican eses noventa e tres millóns de euros, porque a Xunta de Galicia non asume as súas competencias, tanto en sanidade coma en educación, a nosa provincia, tan rural, está sufrindo falta de medios, de profesorado, de persoal sanitario, falta de previsión como case sempre.

Seis meses para facer un protocolo e non dá chegado claramente ós concellos, non temos nin sequera información dos nenos afectados; pero o máis importante foi a campaña electoral e Galicia, iso si; “temos menos incidencia Covid en Madrid”, esta é a resposta dun Presidente Feijóo a través dos medios, sobre todo na TVG.

Hoxe viamos como en El Progreso incluso queren solucionar o problema da intermodal de Lugo cos fondos de reconstrucción; preocúpense vostedes de facer un plan de dixitalización no rural para os problemas que poden ter os nenos se teñen que volver á casa; un plan serio en Galicia, e non dicir agora que o Partido Popular propón que os fondos de reconstrucción europeos vaian para a intermodal de Lugo, pero onde se viu isto?, esta é a falta de previsión, e así funciona tanto o protocolo de educación enviado ós concellos como funciona a Xunta de Galicia; pero iso si, con corenta e dous vostedes fan o que queren, paréceme moi ben, o pobo xa votou, xa decidiu, e o pobo, coma sempre, ten o que elixiu, eu respecto sempre iso.

Pero estoulles pedindo unha axuda para os nenos, para a xente, e para os concellos que son as administracións máis cercanas, e que estamos asumindo competencias impropias, que estamos pedindo que nos axuden ben economicamente ou ben que asuman a desinfección, porque é un traballo extraordinario das competencias que teñen os concellos, non estamos dicindo máis nada; e leo textualmente os últimos dous puntos: Inste á Xunta de Galicia a presentar un plan estratéxico acerca de como vai empregar os 92.987.530 euros que lle corresponde no reparto do Fondo Covid-19; senón teremos que preguntarlle a Madrid como se gasta este diñeiro, para que son esas axudas.

E que se emprace á Xunta de Galicia a abrir un proceso de diálogo urxente coa comunidade educativa e a FEGAMP co obxectivo de resolver os problemas derivados do protocolo, elaborado de forma unilateral pola Xunta de Galicia, para garantir o correcto inicio e funcionamento do curso escolar 2020-2021.

Eu creo que non estamos aquí esixindo unhas cousas que non se poden cumprir; di “colaboración”, pois é o que estamos a pedir, colaboración e comunicación coas administracións”.

Intervén o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:



“Vaia por diante unha aclaración expresa, cando falamos de competencias aquí non se trata de opinións persoais de ningún Deputado nin de ningunha das persoas que estamos aquí, as competencias dependen de normas que as regulan e a interpretación desas normas dan o resultado que dan. Non estamos falando de competencias propiamente educativas, senón de competencias relacionadas coa educación que é o mantemento e conservación dos centros, e que se está exercitando da maneira que se exercita.

Señor Castro, eu escoito a súa perorata, que está ben na liña que antes lle apuntaba o meu compañeiro señor Poy, de estrambote, que asume vostede o seu papel dentro do goberno provincial; pero a min recórdame a aqueles curas que reflectía o Arcipreste de Hita, que subían ó púlpito, dicían unha cousa, e despois facían o contrario, exactamente o que están facendo vostedes, que lle están reclamando á Xunta que exerza unha competencia, que é de dubidosa realidade; pero que nós, señor Castro, non negamos que a Xunta ten alo menos a obriga de cooperar cos concellos na realización da axuda para estes niveis competenciais, o que si reivindicamos é o papel de omisión que está mantendo a Deputación.

Qué fixeron vostedes na axuda do Covid en relación ós concellos, señor Castro?, señor Arias?, nada, están facendo únicamente permitirlle que recursos do Plan Único podan ser asignados a esa circunstancia, pero estan facendo que os concellos adiquen eses recursos a conta de non adicalos a outra función que realmente lles correspondía, fan como aquel que lles din doulle o dobre pero despois réstolle a metade, e deixan ós concellos exactamente igual ca estaban.

E mire, está ben que dean vostedes leccións de cooperación, que reclamen vostedes á Xunta de Galicia axudas para os concellos, moi especialmente, señor Arias, vostede que representa ó Grupo Socialista, cando hai poucos días estabamos vendo como o propio Partido Socialista español estaba sisando fondos ós concellos a través da incorporación de remanentes, que agora mesmo parece vostede que quere utilizar en dirección contraria.

E non é un criterio que lle diga eu, ou que manteña este Grupo exclusivamente; noutras Deputacións doutros lugares de España, Deputacións por exemplo que goberna o Partido Socialista, como a de Cuenca, Toledo ou Albacete, outras tamén como a de Palencia, as Deputacións

respectivas seguen un criterio diferente ó de vostedes, asumen que esa prestación debe ser realizada polos concellos e o que fan é aprobar liñas de crédito, liñas de axuda, liñas de actuación, para axudarlles a facer fronte a esa obriga; aquí para vostedes é moito máis cómodo que vaian facendo os demais mentres nós non facemos absolutamente nada; no mesmo sentido de aquel vello cacique que cando lle dicían que os contrarios compraban os votos a tres pesetas e que el non tiña cartos para ofrecer máis, dicíalle ós seus correlixionarios: “é moi fácil de resolver o problema, pagádeos a cinco e reclamádelle os tres que lles da a outra parte”, outros queren que os demais asuman as competencias que vostedes non queren exercer”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Señor Agustín, teño que dicirlle que sempre coincidiu moito máis o discurso do seu Grupo co da igrexa e os curas que o Grupo que represento eu.

Pero volve detrás desa retórica, é certo que nos ameniza o Pleno, están a agochar as carencias da Xunta. A Xunta de Galicia tivo tan pouca sensibilidade cos concellos e coas familias, que incluso o 22 de setembro no Parlamento de Galicia unha proposta levada polo BNG de axudar cando menos e non pagar o custe total das máscaras ás familias dos nenos e nenas, a Xunta votou en contra, e vai na mesma liña do que quere facer aquí, porque vostedes non queren investir un euro en ensino público, e queren botar a responsabilidade para calquera que pase por alí, ben sexan os concellos ou ben sexan as familias. E detrás de toda esa retórica é o que hai, non queren investir en ensino.

E por certo en canto ás comparacións, esta Deputación destina moita máis parte da porcentaxe do seu Orzamento a axudas directas a concellos para tódolos ámbitos, que case calquera do Estado español. Polo tanto as comparacións ás veces non valen, pero se non axudan noutras cousas e fan fondos Covid, bueno, pero aquí podemos estar orgullosos do que fai esta Deputación no que ten que ver con axudas directas ós concellos. Polo tanto esas comparacións a mín non me suponen ningunha incomodidade porque o que deberían é copiar nas que por exemplo gobernan vostedes que non destinan diñeiro ós concellos.



Por tanto, repítolle, detrás de toda esa retórica o que hai é agochar as vergoñas da Xunta de Galicia, que non quere investir no ensino público, e non quere axudar a solucionar os problemas nin ós concellos nin ás familias dos alumnos e alumnas do ensino público”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé M^a. Arias Fernández, en representación do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“A verdade é que a filosofía nunca foi o meu, eu sei un pouco de leis pero filosófico non son moito, pero de verdade o Estatuto de Galicia di claramente de quen son as competencias, iso en primeiro lugar, e é o que ten que ler señor Agustín.

Pero a competencia de desinfección derivada do Covid non é unha competencia propia dos concellos, e a de desinfección derivada dunha emerxencia sanitaria excede dos traballos de limpeza, por moito que a Xunta e vostede intenten confundir á xente. A Xunta xoga a camuflar as necesidades especiais de desinfección dentro das tarefas xerais ou normais de mantemento do servizo.

Así que primeiro lea o Estatuto para ver quen ten as competencias. O que pasa é que, coma sempre, as competencias son dos demais, os problemas son dos demais, cando non son dos de Madrid son dos concellos; a Xunta nunca ten competencias en nada; e eu a verdade cando as persoas non teñen competencias nunha cousa, e noutra, e noutra, non sei como chamarlles”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

6.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA PARA. RECLAMAR Á XUNTA QUE RECOÑEZA O CARÁCTER OFICIAL DA RUTA XACOBEOA COÑECIDA COMO “CAMIÑO DO MAR”.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar á Xunta que recoñeza o carácter oficial da Ruta Xacobeá coñecida como “Camiño do Mar”.

Hai case unha década, o 26 de xullo do ano 2011, a Deputación de Lugo aprobaba por unanimidade unha proposta de goberno na que se lle solicitaba á Xunta que recoñecese como rutas xacobeas oficiais a do Camiño do Mar, na Mariña lucense, e o Camiño de Inverno, que pasa pola Ribeira Sacra. Algúns dos actuais deputados provinciais estiveron presentes naquel pleno ordinario e seguro que o lembran.

Xa daquela, a proposta defendida polo deputado provincial socialista Mario Outeiro tiña a condición de relembro. Porque, como dixo o señor Outeiro na súa intervención, o Parlamento Galego xa aprobara por unanimidade – o 8 de abril de 2010 - unha proposición non de lei na que se solicitaba a delimitación, trazado e recoñecemento legal das rutas do Mar e de Inverno.

O 2010 era Ano Santo, e a iniciativa parlamentaria fora presentada polo PP, o partido no goberno, circunstancias que fixeron albergar daquela esperanzas de que o recoñecemento se acadase con rapidez. Cabe entender que a inacción provocase, un ano despois, a queixa de colectivos e asociacións e a decisión desta Deputación de darlle un novo impulso ó tema. O propio grupo provincial do PP, que votou a favor da proposta en 2011, recoñecía en boca do deputado Fernando Pensado que “posiblemente eses trámites (refírese ós trámites aprobados no Parlamento)... non se axilizaron da maneira que a todos nos gustase que así fora”.

O que resulta de todo punto sorprendente é que agora, case unha década despois, esta institución volva ter que reclamar o devandito recoñecemento. O Camiño do Mar segue sen ser recoñecido dun xeito oficial a pesares daquela iniciativa parlamentaria. A pesares do traballo de divulgación levado a cabo por asociacións históricas, turísticas, de veciños ou de comerciantes, así



como pola Asociación de Amigos do Camiño na Provincia de Lugo. A pesares das reclamacións efectuadas polos alcaldes da Mariña ó longo destes dez anos.

Hai unha década, o acordo unánime desta Deputación falaba de impulsar o Camiño do Mar e o Camiño de Inverno porque “a actividade turística xoga un papel determinante na dinamización económica”. Hai apenas uns meses, na súa intervención nas xornadas “Abrindo as portas. A recuperación do turismo”, organizadas por esta Deputación Provincial, o alcalde de Foz incidía nesta idea, aínda máis urxente no momento actual. Porque hoxe, por mor do especial impacto da covid na zona, A Mariña precisa que se faga unha aposta de recuperación económica de todos os sectores produtivos. Dun xeito especial, dun turismo moi golpeado polas limitación impostas polas necesidades sanitarias.

É certo que as cousas da Xunta van a modo, pero no caso do Camiño do Mar, o atraso en cumprir unha iniciativa parlamentaria resulta tan sorprendente como inexplicable. Ó longo dos anos, a Xunta foi recoñecendo as dez rutas que agora mesmo figuran na web oficial do Xacobeo: Camiño Francés, de Fisterra. Muxía, Inglés, Primitivo, do Norte, de Inverno, Portugués, Portugués da Costa, a rama da Vía da Plata e a ruta Marítima de Arousa e río Ulla. Cumpre salientar que a oficialidade do Camiño de Inverno, reclamada en 2011, foi recoñecida pola Xunta no ano 2016, despois de varios anuncios - ía ser no 2014 – e atrasos.

Chama a atención que o Camiño do Mar quede excluído cando o seu trazado, entre Ribadeo e Neda, o convertía no punto de unión entre outros dos camiños xa recoñecidos: o do Norte e o Inglés. Do seu percorrido entre Ribadeo e Cedeira se conserva case que a totalidade de establecementos hospitalarios de atención ós viaxeiros, como os hospitais de Ribadeo, San Martiño, Cervo, Celeiro ou Santiago de Viveiro. Enterramentos e documentos episcopais deixan tamén testemuña histórica da pegada dos peregrinos na Mariña. Por qué a Xunta non lle quere dar o recoñecemento que merece a este incuestionable pedigree histórico? É que a Mariña merece ver esquecida ou minusvalorada unha parte senlleira do seu legado histórico? Por qué se lle nega a esta comarca unha ferramenta de modernización e dinamización do turismo, de pegada nacional e internacional?

Por todo isto, e para integrar dun xeito oficial o Camiño do Mar no conxunto das rutas xacobeas do que histórica, social e culturalmente forma parte, o Grupo Provincial Socialista reitera hoxe a petición que xa fixera no ano 2011 e somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo

- Solicite á Xunta de Galicia que recoñeza o carácter oficial da ruta xacobeira coñecida como Camiño do Mar, que discorre polas vilas lucenses de Ribadeo, Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove, Viveiro, O Vicedo e prosigue pola provincia da Coruña, vía Mañón, Cariño, Ortigueira, Cedeira, Valdoviño, Narón ata Neda, e o inclúa en todas as accións de promoción turística e reactivación económica ligadas á celebración do vindeiro ano Xacobeo 2021”.

Intervén a Sra. Deputada dona María Loureiro García, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“En primeiro lugar aclarar unha pequena errata que hai na Exposición de Motivos da moción, xa que Mario Outeiro era Deputado do Bloque Nacionalista Galego e non do Partido Socialista como di na moción.

Estamos novamente nunha mostra de desidia e abandono da Xunta de Galicia coa Comarca da Mariña. O 26 de xullo de 2011 aprobouse na Deputación por unanimidade solicitar á Xunta que recoñecese como rutas xacobeas oficiais a do Camiño do Mar na Mariña Lucense, e a do Camiño de Inverno na Ribeira Sacra.

Daquela había un ano que se aprobara no Parlamento Galego, no ano 2010, unha Proposición non de Lei na que se solicitaba a delimitación, o trazado, e o recoñecemento legal das rutas do Mar na Mariña Lucense e do Camiño de Inverno na Ribeira Sacra. O Camiño de Inverno foi recoñecido no 2016, pero do Camiño do Mar nada se sabe dende aquela; algúns concellos, Alcaldes e Alcaldesas, interesáronse nestes anos por como ía a tramitación, incluso algúns concellos coma o de Viveiro pediu cita para falar e transmitir a importancia da oficialidade deste Camiño e tampouco tivemos noticia.



Polo tanto o motivo de traer esta moción novamente a esta Institución é porque máis ca nunca necesitamos que a Xunta de Galicia se poña as pilas. Coa situación do Covid que estamos vivindo, máis o rebrote de xullo que tivemos na Mariña, a situación de Alcoa, e a carencia dun plan industrial, cremos que é o momento de levar a cabo esta implicación e de que se oficialice o Camiño do Mar. Será necesario para apoiar o turismo, a cultura, e sobre todo a economía da comarca da Mariña.

Por mor do Covid na campaña de 2020 algúns establecementos e zonas da Mariña viron reducida a súa actividade dun 75% con respecto a unha tempada normal. Poder participar no fluxo da actividade do Xacobeo 2021 sería un bo xeito de axuda a recuperar o sector, tendo en conta ademáis a intención da Xunta de conseguir prolongar o carácter de Ano Santo no ano 2022.

Por iso cremos que é urxente oficializar esta Ruta Xacobeá “Camiño do Mar”. Durante estes anos oficializáronse outras rutas, e porque non o Camiño do Mar?, que somos os veciños da Mariña?, veciños de segunda?”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Jesús Novo Martínez, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Para comezar, señor Presidente teño que traer o meu propio cronómetro porque, como xa dixen nalgunha outra ocasión, non son capaz de velo dende aquí, e por iso teño o meu. E se é posible agradeceríalle se se pode subir un pouco.

Efectivamente non vai ser o Grupo do Partido Popular, nin este Alcalde, o que non reclame, igual que reclamamos todos, o Camiño do Mar; é certo que non estamos falando só do pleno do ano 2011 senón que xa no ano 2010 se levou por parte de dous Parlamentarios da Mariña que tiñamos naquel momento na Xunta, Balseiro e Emma, e xa se recoñeceu por parte da Xunta o inicio do traballo para poder formalizar este Camiño.

É certo que estamos no ano 2020, pasaron dez anos; é certo que vai moi lento; e tamén é certo que nós imos votar a favor da moción porque crémola moi interesante. Pero non temos que

deixar de darnos conta de que é un traballo arduo e estudoso, dease de conta, señora Loureiro, de que cando na páxina web de turismo oficial do seu concello non fala de concellos polos que pasa o Camiño do Mar, non nomea nin tan sequera dous concellos, pois imaxínese como facerán os estudos.

Por outra banda, se imos a distintos sitios de Google hai varios trazados do mencionado Camiño; quero dicir que neste momento aínda non esta nin exactamente definido nin exactamente decidido o Camiño. Sabe vostede que hai un Camiño que chega a Sacido e sobe para Riobarba no concello do Vicedo, e vai polo interior e non volve saír ó pé do mar ata o concello de Ortigueira E hai outro trazado que chega incluso ata a Estaca de Bares.

Entonces, é certo que temos que sacalo adiante, pero tamén é certo que temos que estudalo ben e saber exactamente por onde vai. Supoño que coñece perfectamente a Manuel Vicente, o presidente da Asociación, eu estiven en contacto con el falando do Camiño; esa asociación en concreto é unha das que di que o Camiño vai por Sacido e sobe a Riobarba; pero tamén é certo que estiven falando con outra xente que opina que o Camiño, como ben o di a palabra “camiño do mar”, percorre dende Ribadeo, alí divídese en dous onde un vai cara Lourenzá e Mondoñedo, que é o Camiño Norte, e o Camiño do Mar sería un segundo itinerario do Camiño Norte.

Con isto non intento desculpar de ningunha maneira o atraso que levamos; efectivamente eu creo que tanto o seu concello coma o meu, o de Ribadeo xa ten o Camiño Norte, pero digamos dende Foz ata Vicedo, falando da provincia de Lugo, ese Camiño sobre todo no inverno que, como se sabe, temos moita fame de turismo porque estamos moi mal en inverno, o noso turismo é estacional e non hai moito máis turismo; estamos totalmente de acordo niso, e espero que desta moción saia algún froito, alo menos eu persoalmente, e o Grupo que represento, estamos dispostos tamén a botar unha man neste tema.

Pero, insisto, non é fácil, a día de hoxe non teñen o itinerario totalmente claro; eu estiven con xente que fala dun itinerario e con xente que fala doutro; de feito, non só na páxina web oficial do seu concello senón tamén nalgún artigo dalgún diario obvian algúns concellos como é o de Mañón na provincia da Coruña, ou como é o propio concello de O Vicedo. Entonces cando pasa iso



quere dicir que o tema tampouco está tan claro, co cal eu creo que primeiro hai que estudar profundamente por onde discorre, e despois levalo a cabo”.

Seguidamente intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Don Jesús, póde vostede traer os cronómetros que queira, pero o que vale é este”.

Intervén a Sra. Deputada dona Mónica Freire Rancaño, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Comezar agradecendo as palabras de colaboración do señor Novo, porque non sempre é así, e cando se dá é gustoso escoitar ese tipo de aportacións.

Dende o noso Grupo facemos tamén nosa a demanda que presenta hoxe o Grupo Socialista a través desta moción. Entendemos que a declaración do Camiño do Mar de xeito oficial pode ser unha ferramenta moi útil e moi positiva de apoio ó setor turístico da comarca da Mariña, aínda máis ás portas dun Ano Santo como vai ser o do vindeiro ano 2021.

Ademáis, como é sabido, as circunstancias que o setor turístico está a vivir na actualidade, provocado pola situación do Covid-19, que na Mariña tiveron un dobre impacto negativamente debido a ese segundo confinamento do mes de xullo, fan aínda máis urxente a toma de decisións no que a medidas de apoio se refire a este setor estratéxico nesta parte do país; de xeito que tódalas vías que poidamos implementar dende as administracións, evidentemente cada unha dende o seu marco competencial e dende a súa capacidade, en apoio a este setor turístico benvidas serán.

Nós evidentemente imos votar a favor desta moción, como non pode ser doutra maneira, e esperamos tamén que o acordo sexa unánime por parte de tódolos Grupos Políticos hoxe aquí representados”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada dona María Loureiro García, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Evidentemente, señor Novo, non é fácil facer o trazado deste Camiño, porque si que é complexo, pero é que levamos dez anos; e ademáis vostede sabe igual ca min que está todo documentado na Xunta; ademáis, vostede mesmo mencionou ó presidente da Asociación Amigos do Mar, que creo que é dos que máis saben sobre o Camiño, e en varias ocasións eu falei con el, aínda o día 13 imos á Dirección Xeral de Patrimonio precisamente a falar e reivindicar este Camiño á Xunta de Galicia, el ten moita documentación, moitos estudos, e tampouco o chamaron dende a Xunta de Galicia.

Eu creo que pode ser complicado, pero nestes dez anos tampouco se deu ningunha mostra da intención de levalo adiante; cada concello fai o que pode, o concello de Viveiro promociona este Camiño, evidentemente ao non estar oficializado temos limitacións, e creo que nestes dez anos que tamén se oficializaron outros Camiños, como o Camiño Francés de Fisterra, o Primitivo do Norte, o de Inverno, o Portugués da costa, etc.; é dicir que a complexidade está claro que a hai, pero creo que en dez anos se podía sacar adiante.

Agradecer tamén esa dispoñibilidade e esa colaboración, e imos ver se o conseguimos para o ano 2021 para darlle ese impulso económico á Comarca da Mariña que tan resentida quedou por causa do Covid e por todo o que estamos a vivir agora mesmo co tema de Alcoa San Cibrao”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Jesús Novo Martínez, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Efectivamente, e tamén no pleno ao que se fai referencia na moción, onde estaba eu, se votou a favor.

E xa me aclararon o de Mario porque creo que o señor Outeiro debía estar cabreado por cambialo de Grupo, pero unha vez aclarado xa queda claro.

As noticias que teño é que neste momento a Xunta mais alá de ter encargado o estudo, o que está facendo é, porque cabe a posibilidade, pola tipoloxía cultural, de recoñecelo ademáis como Camiño Cultural, que vén tipificado na Lei 5/ 2016 do Patrimonio Cultural de Galicia; iso xa sería ir un pouco máis alá posto que non é só o Camiño en si senón engadido co que é camiño cultural.



E dende logo que non caiba dúbida que todo o que sexa tirar polo turismo da Mariña e da provincia de Lugo, como dixeran ó principio, impedimentos cero, ó contrario, nós nunca imos estar en contra diso, podemos argumentar dun xeito ou doutro, podemos defender a nosa Administración, que por certo tiveron sorte en non gañar a Xunta porque senón non sei que mocións ían traer vostedes. Pero, independentemente disto, apoiaremos a moción”.

A continuación intervén a Sra. Deputada dona María Loureiro García, en representación do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Para rematar, dicir que non se trata xa de argumentar porque os argumentos levan xa dez anos enriba da mesa, precisamente hoxe aínda máis que hai dez anos debemos contar con ferramentas dispoñibles para reactivar o turismo lucense, porque é un dos sectores máis afectados polo impacto do Covid, que levou a paralizar case que totalmente as actividades dos sectores.

Polo tanto agradecer novamente a unanimidade nesta moción, e imos ver se conseguimos dunha vez por todas que o oficialicen”.

Rematado o debate, efectuada a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade acorda prestar aprobación á moción presentada.

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA ESIXIR Á XUNTA A REACTIVACIÓN DA ATENCIÓN PRIMARIA NOS CENTROS DE SAÚDE

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para esixir á Xunta de Galiza a reactivación da atención primaria nos centros de saúde

Exposición de Motivos:

A pandemia orixinada pola COVID 19 puxo de relevo que a Atención Primaria é chave para garantir a atención sanitaria, a saúde dxs galegxs. Desde este nivel asistencial, a pesares dos recortes a que se viu sometido durante os últimos 11 anos, realizou un traballo moi importante no tratamento e seguimento das persoas infectadas que non precisasen hospitalización, a vez que na medida do posíbel, atendeu as necesidades sanitarias da poboación.

Mais a decisión de que os centros de saúde reduciran drasticamente a asistencia presencial, e que a atención se centrara case exclusivamente en consulta telefónica para evitar contaxios tanto dxs profesionais como da poboación, ocasionou moi graves problemas no acceso á asistencia sanitaria, que se viron agravados coa chegada da época estival, onde a escaseza de persoal foi alarmante, ao obrigar xs profesionais a disfrutar das vacacións nos meses de xullo e agosto e non telxs substituído na maioría dos casos, nin tampouco as baixas por ILT.

As consecuencias son desastrosas: escasísimos profesionais, listas de espera de semanas para consultas, analíticas e incluso para a atención telefónica, persoas facendo cola á intemperie para acceder aos centros...

Esta situación está xerando que cada vez máis persoas estean acudindo á sanidade privada, diante da falta de resposta na sanidade pública, e xerando desprotección entre a poboación con menos recursos. Desprotección que tamén se produce, diante da reconversión da asistencia presencial en telefónica ou telemática, nas franxas de maior idade, de menos recursos para o acceso e manexo das novas tecnoloxías.

A resposta á situación de pandemia non pode estar baseada en incrementar as restricións de acceso á asistencia ao sistema público, porque supón un claro risco para a saúde da poboación. Esta situación pode levarnos a un problema de saúde colectiva, de cronificación de patoloxías, de atención tardía...



Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo do seguinte acordo:

Exixir a Xunta de Galiza que realice de inmediato todas as accións precisas para activar a atención presencial e rematar coas listas de espera en Atención Primaria, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación”.

Intervén a Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“A pandemia do Covid-19 puxo en evidencia a necesidade dunha sanidade pública gratuita e de calidade; tamén puxo en evidencia a liña política do goberno do Partido Popular e do señor Feijóo, de recortes encamiñados ó desmantelamento dun servizo público tan importante como é a asistencia sanitaria.

Levamos once anos escoitando as denuncias dos profesionais da sanidade, e foron moitas as mobilizacións tanto do persoal sanitario como tamén das persoas doentes, e lembremos a última celebrada en Compostela non hai moitos meses cunha participación masiva.

Listaxes de espera camufladas, peche de planta e de camas, son moitas as persoas que mentres isto estaba acontecendo permanecían amoreadas nos corredores das urxencias dos hospitais.

Recortes que afectan tamén ás condicións de traballo das sanitarias, que aínda así fixeron e fan un labor importantísimo, suplindo a falla de recursos económicos, técnicos e humanos, con moita vontade e esforzo.

Isto ocurría xa antes da chegada do Covid, a Xunta do Sr. Feijóo está aproveitando unha situación de auténtica crise sanitaria para dar un paso máis no desmantelamento da sanidade pública, encamiñando ou forzando ás persoas doentes cara a unha sanidade privada dada a falta de resposta na sanidade pública; peche de centros de saúde, e aumento nas restriccións de acceso á

asistencia ó sistema público, é a resposta do Partido Popular ante un momento de claro risco para a saúde da poboación, provocando con estas medidas a cronificación de patoloxías e de atención aínda máis tardía. O señor Feijóo véndenos coma unha mellora a eliminación da atención sanitaria non presencial, senón a través da consulta sanitaria.

Dende o Grupo Provincial do BNG sempre cremos que a atención primaria é máis importante, e nestes momentos máis aínda, nunha situación de distanciamento social, unha poboación envellecida, moitas desas persoas viven en vivendas illadas e soas, que non teñen a seguridade da atención directa e presencial do persoal sanitario, moitas desas persoas non teñen acceso a internet, e incluso dificultades para acceder a través do teléfono no momento de demandar unha asistencia médica; iso xera ansiedade e unha preocupación a maiores que acaba afectando á saúde de moitas desas persoas.

A atención primaria nos centros de saúde é primordial para axudar a que a calidade e vida das persoas que viven nos concellos do rural, dada a dispersión xeográfica, e persoas que teñen dereito a unha asistencia sanitaria pública e de calidade independentemente do nivel de renda e do lugar onde vivan, e o Goberno ten a obriga de prestar ese servizo.

Por iso o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego pedimos ó Partido Popular que cumpra as súas promesas e atenda ás demandas tanto de doentes coma de persoal sanitario, e poña os medios económicos, técnicos e humanos necesarios para que dende os centros de atención primaria teñan unha atención médica axeitada e que nestes intreos estásenos negando a tódalas galegas e galegos”

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Esta é unha moción moi semellante á que nos trouxeron ó pleno do pasado mes de xullo, na que demandaban que se retomasen os servizos médicos en dous centros de saúde da nosa provincia, concretamente Parga e Castro de Rei. E lóxicamente a nosa postura vai ser moi semellante ou case coincidente; porque estamos de acordo con vostedes en que a atención primaria



é moi importante, probablemente o eixo fundamental do sistema sanitario pola proximidade que ten ós veciños e veciñas e ós pacientes en xeral.

Pero non podemos compartir con vostedes que a atención presencial se teña que manter nos centros de saúde como antes da pandemia, coma se aquí nada pasase, como pretenden vostedes porque, como xa lles manifestamos no pleno do mes de xullo, é de todos coñecido que dende que se decretou o estado de alarma en tódalas Comunidades Autónomas, con independencia da cor política que as governe se adoptaron medidas tendentes a reducir a atención presencial nos centros de saúde, primouse a atención telefónica, tratouse de evitar o contacto directo entre os doentes entre si nos centros de saúde e entre doentes e facultativos.

Evidentemente podemos falar de que se viu resentida a atención primaria en tódalas Comunidades Autónomas do noso país, pero todo elo por razóns de seguridade para evitar ese contacto físico; e temos numerosos exemplos de Comunidades Autónomas, gobernadas por todos vostedes, por nacionalistas e socialistas, nas que isto sucede; e voules poñer exemplos, porque eu creo que a proba documental é o mellor exemplo que pode haber, aquí os políticos podemos afirmar o que queiramos pero habendo probas e exemplos claros efectivamente podemos facer entender o erro que vostedes están a cometer.

Tirando de hemeroteca, relativo ó Principado de Asturias, gobernado polo Partido Socialista, “Asturias cierra más de cincuenta centros de salud por el coronavirus y reagrupa toda la atención primaria”; outra nota de prensa relativa ó Principado de Asturias, “el Consejero de salud asturiano ha justificado la decisión de mantener cerrados algunos consultorios de salud periféricos asturianos, motivos de seguridad y un posible repunte de casos son las principales razones para que los centros sigan sin abrir sus puertas, no podemos bajar la guardia”, din os socialistas asturianos, e póñolla como exemplo porque é unha Comunidade pegada á nosa.

Di o coordinador de saúde asturiano: “se trata de evitar el paso masivo a los centros de salud de personas y garantizar la seguridad, según ha manifestado el reto en estos momentos es fijar una estrategia basada en la seguridad y en la flexibilidad, en la que no se puede volver a la situación anterior de masificación de los centros”; quedo con esta última frase, di o coordinador de saúde da Comunidade veciña do Principado de Asturias: “no se puede volver a la situación anterior

de masificación de los centros”; e vostedes veñen aquí pedir que efectivamente se retome, ademáis de xeito inmediato, a atención presencial nos centros de saúde.

Pero mire, Xornal médico, Redacción médica: “En España han cerrado sus puertas cuatrocientos ochenta y cuatro consultorios, según ha podido contabilizar Redacción médica”. Ademáis dos centros de saúde que mencionei no Principado de Asturias, “setenta y cuatro han cerrado sus puertas en Cantabria”. No País Vasco, gobernado polo Partido Nacionalista Vasco, que son os seus compañeiros no País Vasco, “..se han cerrado consultorios periféricos, pero si bien desde la Consejería no se ha facilitado el dato de centros cerrados”. Na Comunidade Valenciana, gobernada polo Partido Socialista, “se han cerrado ciento noventa y un consultorios auxiliares”. A Comunidade Balear, gobernada polo Partido Socialista, “se han cerrado aproximadamente cincuenta consultorios locales”. En Castilla-La Mancha, “apuntan fuentes oficiales, se han cerrado consultorios locales total o parcialmente”, pero tampouco os socialistas de Castilla-La Mancha non facilitan exactamente os datos dos consultorios pechados.

Quero dicir con isto que vostedes non poden vir aquí ó Pleno da Deputación pedirnos que apoiemos medidas para que a Xunta de Galicia adopte unha serie de medidas que son as contrarias das que adoptan vostedes onde gobernan; o que poden pedir vostedes é que a atención presencial se vaia retomando pouco a pouco, pero iso non o poden pedir no avanzado estado da pandemia no que nos atopamos.

E eu teño que facerlles unha crítica, señores do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, vostedes, dende o inicio da pandemia, foron tan imprudentes como contradictorios; imprudentes porque foron capaces de arroupar, impulsar e apoiar unha macro manifestación no centro de España, coa pandemia xa no noso país, en contra das recomendacións sanitarias da Organización Mundial da Saúde, e en contra incluso da opinión de moitos Estados membros da Unión Europea; pero en cambio tamén foron contradictorios, porque efectivamente aquí estamos vendo con exemplos claros e manifestos, que onde vostedes gobernan pechan centros de saúde, non retoman a atención presencial nos centros de saúde, e en cambio onde son oposición veñen pedir xustamente o contrario do que fan onde gobernan.



Entonces eu creo que vostedes non sei se están aquí polo plan de que nos contaxiemos todos, ou porque a vostedes a política que lles gusta facer é a de contradicción, ou sexa dicir unha cousa onde gobernan e dicir o contrario onde son oposición. Eu creo que é isto realmente a clase de política que están a facer, pero eu xa lles digo que non imos ser partícipes efectivamente destas propostas que vostedes nos traen”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Sr. Balado, encontroo un pouco irritado, non sei porque non podemos falar razoablemente dunha cuestión tan importante para todos como é a sanidade pública, os centros de atención primaria, e para vostedes que son Alcaldes de concellos pequenos.

A verdade é que é unha evidencia que a crise do Covid acaba de deixar ben á vista a profunda política de recortes do Partido Popular, de Feijóo, en Galicia en asistencia sanitaria. Vostede da datos pero aquí hai moitos datos que dar, e se falamos dos últimos once anos de goberno da Xunta de Galicia temos que dicir que se suprimiron 1.400 profesionais na sanidade, que se recurtaron un total de dous mil millóns de euros dende o 2009, e que deixaron de pedir cento cincuenta prazas MIR de medicina familiar.

E á vista de todo isto a verdade é que, sinceramente, hoxe máis ca nunca é necesario realizar unha aposta orzamentaria, crible, profunda, pola sanidade pública, e máis se cabe nos centros de atención primaria. Eu creo que a ninguén se lle escapa a poboación que temos nesta provincia, aquí ninguén está promovendo o contaxio nin nada máis lonxe diso, pero vostede tamén xoga a confundir, coma sempre; vostede vén aquí explicarnos que a seguridade nada ten que ver cos números, máis ben ven dicirnos que estamos promovendo a seguridade, e nós xa lle dicimos que fan falta médicos en Galicia, fan falta médicos nos centros de atención primaria para atender a unha poboación maior que moitas veces está soa e que está desatendida.

Eu voulle poñer un exemplo, o meu pai ten parkinson, oitenta e pico anos, se eu non podo chamar ó médico e prepararlle a medicación, quen o fai?; se os seus fillos nos temos recursos

suficientes para poñerlle coidadoras, quen o fai señor Balado?, e é un exemplo que me toca vivir a mín, pero creo que todos podemos falar do mesmo.

Voulle poñer outro exemplo máis, en Antas de Ulla, no meu concello, temos un centro médico que leva un montón de anos feito, que non presta as mellores atencións, pero o problema non está no centro médico en si senón que o problema está en que tiñamos tres prazas de médico, unha leva anos sen cubrir, e das outras dúas cando unha das doutoras está de vacacións, ou ten que coller unha baixa, ou non pode vir por calquera motivo, queda unha persoa soa que ás veces chega a atender a máis de setenta pacientes nunha mañá, e da igual que os teña que atender por teléfono ou de xeito presencial, iso é inviable, aínda é máis difícil entenderse por teléfono coa xente maior que facelo presencialmente que alo menos pódennlle mirar ós ollos e sentir e ver o que pensan e se os entenden ou non cando lles falan.

Esa é a realidade. E sabe o que fixo a Xunta de Galicia nese caso?, vir a Antas de Ulla, iso si, en precampaña, prometer un centro novo, que o aplaudimos todos e parécenos perfecto, pero o que nos fan falta son médicos para atender á nosa xente. E igual que pasou en Antas de Ulla, que é un exemplo que podemos poñer na provincia, lle podo falar de Guitiriz, da Pontenova, pódolle falar de Monforte, de Viveiro, de Vicedo, do Courel, de Mondoñedo, e seguro que me quedan moitos máis centros médicos de atención primaria nesta provincia que reduciron as prazas de médicos, que as teñen sen cubrir.

E esa é a realidade desta provincia, á que vostedes non fan fronte, e veñen aquí falar de inseguridade por pedir atención para as nosas persoas; a vostedes esquécelles que a sanidade é unha cuestión humana, falamos de persoas non de números; e agóchanse detrás das cifras, e máis doutras cousas que lles convén, cando non queren poñer enriba da mesa as necesidades reais. Vostede é Alcalde nun concello pequeno, cunha poboación similar ó que me toca vivir a mín, e como vostede a maioría dos que estamos aquí, e coñecemos a realidade desta provincia; por iso non concibo, señor Balado, que despois de vir tantas iniciativas ó Pleno desta Deputación pedindo melloras en atención sanitaria, vostedes sigan cubrindo as costas de Feijóo; poden gañar eleccións as veces que queiran, pero a atención sanitaria neste país estase volvendo tercermundista.



E a maiores diso, os nosos maiores teñen unhas pensións reducidas, a maioría da agraria, quéreme dicir como unha persoa que cobra 600 euros ó mes pode dispoñer de cartos para desprazarse a Lugo en taxi ó Hula recibir unha, duas, ou varias consultas ó mes?, non é de recibo o que están facendo co medio rural galego, non é de recibo o que están facendo coa sanidade, e vostedes sábeno.

Por iso non me gusta a actitude que tivo vostede intentando desviar a atención e intentando que se confunda a seguridade na atención, que é o que vostede disimula, di que aquí se vén promover a inseguridade na atención nos centros médicos, cos números, e os números son que fan falta máis médicos neste país, e nesa liña é na que nós lles pedimos que traballen, teremos seguridade e teremos atención que é do que se trata”.

A continuación intervén a Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“A verdade é que a súa intervención, señor Balado, deixame bastante preocupada, porque para xustificar a incompetencia do Partido Popular e do goberno do señor Feijóo pón o exemplo das Comunidades Autónomas coas que pretende xustificarse dicindo que como elas tamén o fan pois está ben feito tamén.

Estamos falando do noso país, señor Balado, de aquí, de Galicia, dos nosos concellos, das nosas familias, do noso rural, e vostede é o menos indicado para dicir que nós dicimos unhas cousas dependendo do lugar onde esteamos, porque aí quen gaña por goleada é o Partido Popular que nos ten afeitos a dicir no Parlamento Galego unha cousa e en Madrid dicir o contrario; polo tanto sexamos un pouco serios.

Non renunciamos a un dereito como é o acceso a unha atención sanitaria axeitada, porque a incompetencia da Xunta de Galicia e do Partido Popular nestes últimos tempos vémosla cada día na nula xestión, porque xa non é que xestionen mal senón que non xestionan, vostedes están desaparecidos señor Balado. Vemos o que está pasado co ensino público, vemos o da sanidade, vemos o de Alcoa, como se lavan as mans tamén vostedes; gobernen, asuman a responsabilidade que lles deu a veciñanza, os cidadáns do noso país.

A asistencia sanitaria, e imos deixar de lado o que está pasando coas residencias onde están os nosos maiores, qué dereitos lles garanten vostedes a todas esas persoas que por culpa das súas políticas tiveron que ver marchar ós seus fillos e ás súas fillas fóra do país, quedan sós nas súas vivendas, illados, sen unha atención sanitaria que simplemente lles dea un pouco de consolo cando están sós, enfermos, e teñen medo e están agobiados e preocupados pola situación sanitaria que temos.

Señor Balado, señores do PP, fagan inmediatamente, ou o antes posible, todas esas atencións precisas, porque dende logo que isto non vai por bo camiño e ímolo ter moi complicado como vostedes non empecen xa a tomar esas medidas tanto económicas, como técnicas, como de recursos humanos, antes de que desapareza totalmente algo que foi tan importante lograr que é unha sanidade pública de calidade, universal, e gratuita”.

Intervén o Sr. Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Simplemente para saír ó paso das críticas que fai a señora García Porto e a señora Ferreiro. A señora García Porto acode ó personalismo, a comparar a situación dos médicos de Antas de Ulla, e di que perderon médicos, claro que os perderon, pero vostede non di que perderon poboación, que quere?, ter os mesmos médicos que tiñan hai vinte anos?. Coñecerá vostede, ou debera coñecer o seu concello mellor cá mil, vostede sabe que Antas de Ulla no ano 95 tiña 3000 habitantes e hoxe non chega ós 2000; a vostede parécelle lóxico defender o mesmo número de facultativos para Antas de Ulla que tiña hai trinta anos?, parécelle iso correcto?.

O que ocorre é que aquí unha vez máis asistimos ó discurso catastrofista, que eu xa o puxen de manifesto no pleno do mes de xullo, do Partido Socialista e do BNG, e non lles funcionou na campaña electoral e agora queren tralo aquí á Deputación de Lugo facéndose solidarios coas persoas maiores, dicindo que lles preocupa a sanidade; incluso a señora Ferreiro di que lle preocupa moito Alcoa, pois non se nota que á esquerda do noso país lle preocupe Alcoa, porque agora resulta que a viabilidade de Alcoa depende única e exclusivamente das competencias industriais da Xunta de Galicia!; mire, levamos meses esperando por que se aprobe un estatuto da industria



electrointensiva, que nin son capaces de aprobar en Madrid nin coa axuda do BNG, nin aínda que fagan o que fagan, é imposible.

Pero o tema de debate neste punto é o que di a moción, e esta di ben claro que o que se pide é que se retome a atención presencial nos centros de saúde de xeito inmediato, aquí non se fala nin de xeriátricos nin de Alcoa. E nós o que vimos dicir é que non se pode adoptar esta medida de xeito inmediato porque non é o correcto, porque estamos nunha situación excepcional, que adoptan outras Comunidades Autónomas, e polo tanto non temos en Galicia porque adoptar este tipo de medidas que non se adoptan noutras Comunidades Autónomas.

Esquecen vostedes tamén que a Consellería de Sanidade acaba de facer a maior contratación e incorporación de futuros especialistas nun só ano na Comunidade Autónoma galega; no caso de Lugo son 57 médicos residentes os que se incorporan xa dende esta semana, están traballando nas tres áreas sanitarias, en Monforte, en Lugo, e na zona sanitaria da Mariña, diso non falan, non lles interesa.

Tampouco lles interesa falar da atención que fixeron dende os centros de saúde ás persoas que están en corentena, atención domiciliaria; e a atención que lle fixeron e están a facer a persoas que están infectadas nos seus domicilios. Iso todo tamén se fai dende a Consellería de Sanidade.

E xa para rematar dicir que a Consellería de Sanidade comete erros, coma tódalas Consellerías, a Xunta de Galicia tamén comete erros, non vimos aquí dicir que non se equivoca o goberno do Sr. Feijóo, todo o contrario, si que se equivoca; pero, cos erros e virtudes que poidan ter, eu o que teño claro é que os galegos e galegas dende que entrou a pandemia na nosa Comunidade Autónoma pouco lle deben á oposición que teñen en Galicia, porque vostedes o único que fixeron dende que a pandemia está aquí foi poñer paus nas rodas e trabas ó Goberno galego”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Señor Balado, falar é gratis, pero ou non entende ou non quere entender; acaba de dar un dato importantísimo, acaba de dicir que en Antas de Ulla hai uns anos eramos tres mil habitantes, é

dicir que saíamos a mil por cada médico, agora hai ocasións en que saímos a dous mil e pico, cando está de vacacións durante todo o mes de agosto un deles temos un só médico para toda a poboación, e pódolle asegurar que somos máis de dous mil con tódolos que veñen de fóra; e ademáis os que vivimos alí todo o ano temos unha media de idade moitísimo máis avanzada, co cal a atención é máis difícil; e non só iso, moitas desas persoas maiores viven soas, con poucos veciños, porque nas aldeas xa non queda xente.

E a verdade é que me sorprende que vostede diga isto tendo o centro de Castro pechado como tivo, a verdade é que me sorprende; neste caso teño que aplaudir ó meu Alcalde que polo menos saíu na defensa dos intereses dos veciños e di que conseguiu un centro médico novo, eu xa me dou por satisfeita, imos ver se veñen despois os médicos.

Dito isto, tamén lle teño que dicir algunha cousa máis. Vostedes non atenden á poboación coa súa sanidade, pero tampouco atenden ós sanitarios, porque neste país tódalas manifestacións, tódalas queixas, tódalas reivindicacións que veñen do sector sanitario son por algo, e vén aquí o seu voceiro dicir que dende aquí non se escoita, e o seu Goberno na Xunta de Galicia a quen escoita?, escoitan algunha vez as demandas do sector sanitario galego?, teñen ollos, oídos, ou é que non interesa porque seguen botando números señor Balado.

A verdade é que é bastante lamentable querer solucionalo todo cun cambio de Conselleiro, que ó mellor aparentemente está ben, pero non cala no fondo, non chega ó fondo da cuestión, o fondo da cuestión é o que lle dixen no primeiro turno de intervención e non me cansarei de reivindicar, fan falta médicos, temos unha poboación maior que necesita ser atendida e que vive nun medio rural complexo; e iso é do que teñen vostedes que tomar nota, e facelo chegar a onde corresponde; aquí estamos nun pleno, digamos aquí se estamos a favor ou non de que os nosos veciños e veciñas na provincia de Lugo, tantos que viven nas aldeas, teñen dereito ou non a ter médicos, se teñen que seguir recibindo as consultas como as están recibindo ata agora, mal atendidos en pouco tempo e por teléfono, non por vontade dos médicos senón por falta deles. Digamos iso aquí votando, señor Balado”.

Intervén a Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, en representación do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:



“Mire, señor Balado, todo o mundo comete erros, pero cando un ou unha comete erros é porque fai algo, o problema deste goberno é que non fai nada; se cometen erros rectifiquen, pero fagan algo, asuman a súa responsabilidade.

E mire, eu entendo as argumentacións que dá aquí porque un Partido que ten como Presidente a un señor que di que o Rei foi elixido democráticamente a verdade é que confianza en que o Partido Popular faga un bo traballo nos gobernos qué quere que lle diga?, permítame quedar coa dúbida”.

Rematado o debate, efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG PARA GARANTIR QUE CONTINUE EN FUNCIONAMENTO A PLANTA DE ALUMINIO HOXE PROPIEDAD DE ALCOA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para agaarantir que continue en funcionamento a planta de aluminio hoxe propiedade de Alcoa

Exposición de Motivos:

A crise social e económica derivada da emerxencia sanitaria veu a agravar na Galiza profunda crise industrial existente que afecta especialmente, pero non de maneira exclusiva, á industria electrointensiva.

O Goberno do estado ven asistindo impasible nos últimos anos a distintos capítulos desta desoladora historia, e coa súa falta de interese facilitou o agravamento da crise industrial na Galiza. Sendo un dos seus últimos capítulos o pretendido peche da planta de aluminio de ALCOA en San Cibrao na Mariña lucense.

Para evitar a catástrofe económica e social que tería en toda a comarca este anunciado peche, entendemos que o Goberno do estado español debe apostar pola nacionalización desta factoría, que xa no seu día foi pública e que nunca debeu ser privatizada; asegurando así, os postos de traballo e o futuro do principal motor económico na Mariña. Nin o marco normativo galego, nin o do Estado español, nin o da Unión Europea impiden a nacionalización de ALCOA, polo tanto, esta solución so precisa da vontade política das Administracións públicas; solución que permitiría preservar o emprego e salvar o futuro da comarca.

A solución proposta non nos debe facer esquecer que a enerxía consumida por este tipo de industrias é un dos factores determinantes para axudar a garantir a súa viabilidade. Galiza coma produtor excedentario de enerxía eléctrica que é, exportando un terzo da súa produción, debe verse compensada no seu desenvolvemento social e económico polos custos ambientais e sociais historicamente soportados. Non pode ser que as galegas e galegos sexamos no ano 2020 os que pagamos a tarifa máis cara do Estado español. Por iso o BNG continua a demandar e defender unha Tarifa Eléctrica Galega que abarate este custo enerxético para as nosas empresas e para o conxunto da poboación.

É por isto que o BNG ten proposto en reiteradas ocasións que, nos territorios excedentarios, como é o caso de Galiza, se proceda a actuar sobre a peaxe de transporte, cunha bonificación do 100 %; por ser de xustiza que a electricidade sexa máis barata a beira de onde se produce.

Neste senso, entendemos que esta actuación convertería en máis eficaz o tan necesario Estatuto do Consumidor Electrointensivo; que debe ser mellorado tamen coa subida hasta o 100 %

das bonificacións dos cargos xa previstos e complementariamente elevando ó máximo permitido a compensación por CO2 .

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos;

1.- Para ALCOA San Cibrao, no caso de manterse a negativa da empresa a negociar ou vender, que as Administracións galega e do estado aposten pola intervención pública para a nacionalización da planta de aluminio de forma que se garanta a continuidade da actividade e dos postos de traballo.

2.- Que o Estado español aprobe un Estatuto do Consumidor Electointensivo que realmente supoña unha solución para o sector da industria electointensiva, é dicir, que garanta un prezo estable, predecible e asumible. Para iso, será necesario mellorar o borrador presentado, actuando sobre a peaxe do transporte, cunha bonificación do 100% e tamén coa subida ó 100% da bonificación dos cargos xa previstos e complementariamente elevando ó máximo permitido a compensación por CO2.

3.- Facilitar polas Administracións galega e estatal a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega, dada a condición de país produtor excedentario de enerxía eléctrica, que permita abaratar o custo da electricidade tanto para as empresas como para os particulares.

4.- Que o Goberno do estado e a Xunta de Galiza pulen por un Plan de reindustrialización de Galiza, adaptado a las exixencias do momento e dos retos da transición ecolóxica, garantindo desenvolvemento, xustiza social e benestar”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Eu quero comezar a miña intervención mandándolle un saúdo e forza a tódalas traballadoras e traballadores que a esta hora están concentrados, e non só hoxe senón que levan

meses de loita polo seu futuro e o da súa familia, e tamén polo futuro da comarca da Mariña e por extensión da nosa provincia e do noso país; polo tanto mandarlles dende aquí moita forza e moito ánimo porque a súa loita é a de todos, o futuro dunha comarca como é a Mariña e o futuro da nosa provincia, e eles están loitando por todo iso. Polo tanto moito ánimo ós traballadores e traballadoras.

Miren, estamos nunha situación dramática, hai que retomarse moito atrás ó mellor para entendela; Alcoa era unha empresa pública, incluso os terreos foron expropiados para construíla, o Estado investiu alí unha contía importante de millóns, daquela de pesetas, e que un goberno, que foi o do Sr. Aznar, pouco menos que regalou Alcoa.

O que fixo Alcoa con este agasallo do Estado é facer recéns a toda unha comarca, a máis de 2000 traballadores, e rirse dos traballadores, de Galicia, e do Estado español, está trabando ó Estado español coma unha monarquía “bananeira”, está rindo de todos; e os gobernos que teñen competencias nisto estiveron bailándolle a auga a Alcoa, pedíndolle por favor que venda, xogando cos tempos e empeorando a situación da comarca e dos traballadores, e pouco menos que tortura a todas aquelas familias que dependen de Alcoa.

O BNG advertiu que se ía chegar a esta situación, levámolo dicindo dende antes incluso do conflito, que había que abordar o tema das electrointensivas e propoñer unhas tarifas eléctricas xustas, e ningún goberno de ámbalas dúas cores políticas en Madrid o fixo.

Tamén cando empezou o conflito dixemos que a única solución era unha intervención pública, e chamousenos de todo por iso; tamén é certo que outros gobernos, xa que o señor Balado fixo repaso de tódolos gobernos das Comunidades, incluídos algúns que asimilou ó BNG e nada teñen que ver con nós na política económica cando menos, gobernos que teñen moito que ver co Partido Popular nacionalizaron empresas e non parece que sexan uns gobernos comunistas, aínda que nós defendémolo ideolóxicamente incluso, pero demostrouse que a intervención pública era a única solución; e vostedes, os dous gobernos, tanto o da Xunta de Galicia como o do Estado español, puxéronse en mans da boa vontade de Alcoa que é unha multinacional que o único que lle importan é as súas contas de resultados, ese é o modelo neoliberal.



Polo tanto estamos nunha situación na que unha comarca enteira e unha provincia, e case un país, depende de vontade política; hai fórmulas legais de facer unha intervención pública, ten que haber fondos para iso, e hai dous gobernos que teñen as competencias que son a Xunta de Galicia e o Estado español; así que non hai xa máis tempo que darlle ó crono, hai que decidirse, están moi ben as vontades, todos detrás da mesma pancarta, pero agora chegou o momento de decidir aqueles que teñen competencias; imos deixar que Alcoa se ría de toda Galicia e do Estado español, e que de paso destrúa unha comarca enteira?, ou imos exercer as competencias que ten o Estado e a Xunta de Galicia e salvar unha comarca, salvar un montón de millóns de diñeiro público que se levan investidos nacionalizando Alcoa e dándolle un futuro?.

Iso é o que está enriba da mesa, e é o que propón o BNG, pódese salvar a situación?, si, hai mecanismos e só fal falta vontade política; polo tanto é o que pedimos, que se solucione, e xa estamos máis aló do tempo de desconto, hai que reaccionar e exercer as competencias que teñen os gobernos, e dar un golpe enriba da mesa e pararlle os pés a unha multinacional que non se pode rir de tódolos galegos e galegas”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Comezar simplemente corrixindo ó señor Castro; fixo unha afirmación dicindo que Alcoa foi unha empresa pública, e nunca foi unha empresa pública Alcoa, o que foi unha empresa pública foi Inespal no seu momento, Alcoa é unha multinacional americana; simplemente facer esa corrección porque o que dixo non é certo.

Pero no resto estou bastante de acordo con vostede en moitas das súas apreciacións. É certo que o domingo rematou o prazo que se deron os axentes para que se intentase chegar a un acordo de venda entre Alcoa e Liberty House, parece que vostedes non están moi de acordo con ese intento de venda senón que, polo que entendo, só se van á nacionalización pura e dura.

Ese acordo de momento non chegou, e estamos con vostede en que Alcoa rompeu as negociacións e segue coa súa idea de querer parar a produción de aluminio primario en Xove neste

caso, porque a planta de aluminio está en Xove, e seguir cun expediente de regulación de emprego de 534 traballadores, o cal nos parece extremadamente grave e que non debemos admitir.

Si que é verdade, e tamén así o penso, que con este panorama debemos ter unha fronte común todos. Creo que tanto o comité de empresa como as institucións estamos nunha liña de defensa a ultranza da factoría de Aluminio Español na Mariña, todos queremos que siga pervivindo e se siga fabricando aluminio, e por suposto que se manteñan os postos de traballo.

Parece ser que o único que trae un proxecto viable para o futuro desta fábrica é a empresa Liberty House, e entendemos que deben retomarse esas negociacións. Incluso o Goberno do Estado e a Xunta de Galicia propuxeron que o SEPI fixese unha intervención intermedia provisional para facilitar ese paso; Alcoa negouno, o cal significa que efectivamente, como vostede ben di, que Alcoa ten moi poucas gañas de seguir coa fábrica de aluminio de Xove. Polo tanto estamos a favor desa posible intervención pública para evitar que Alcoa peche as instalacións.

Levamos moitos meses dicíndoo, incluso anos debatendo este asunto, o Partido Popular estivo sempre aí, falou cos traballadores nos momentos máis complexos, sabemos que hai un problema dende o ano 2019 de falta de competitividade enerxética, seguimos sen ter aprobado o estatuto electointensivo, levamos dous anos con elo, no momento máis importante das negociacións e do futuro de Alcoa era necesario ter o estatuto electointensivo aquí, que é o que regula o mercado da enerxía e o que precisamente dá seguridade xurídica a todos estes pactos de futuro que se pretenden entre Alcoa e Liberty House.

Vostede fala, señor Castro, de que só cre na nacionalización, nós entendemos que hai máis camiños, a posible venda a Liberty House é factible, estamos intentando o Goberno da Xunta de Galicia e o Goberno do Estado que iso se produza, e a verdade é que todos debemos ir nese sentido.

Tamén lles digo, señores do BNG, que vostedes hai dez meses asinaron co Partido Socialista, nesta foto que lle mostro, que ían dar o seu voto a favor do señor Sánchez para investilo Presidente a cambio de que se solucionase o asunto de Alcoa. Non temos estatuto, dez meses despois dese pacto seguimos absolutamente sen nada. De verdade que se vostedes cren que non



teñen ningún tipo de competencia neste asunto e non teñen ningún tipo de responsabilidade eu creo que están equivocados.

O Partido Popular cre que neste momento debemos ser todos moi conscientes do que nos xogamos, imos votarlle a favor desta moción, aínda que entendemos que hai cousas que diverxen moito do que nós pensamos, un deles é o punto tres que é a famosa tarifa galega coa que nós non estamos de acordo, entendemos que non é o momento de poñer límites nin localismos á enerxía, este é un tema global, ó contrario, necesitamos prezos e custes igualitarios en toda Europa, pero de todas formas parece que o Goberno o que está a facer é o contrario; seguimos pechando fábricas produtoras de enerxía como é As Pontes e Meirama, cada vez compramos máis enerxía ó exterior, a Francia, a Portugal, incluso a Marruecos, dende logo a política que enerxética que se leva non é a máis adecuada. Pero neste caso pedímoslles que eliminen ese punto tres da moción, de todas formas avanzámoslle que, co noso afán e con ese ton construtivo, imos votar a favor da moción porque eu creo que a imaxe que debe dar esta Institución é de unidade fronte ó que vostede fala de acoso agora mesmo de Alcoa contra os intereses de tódolos mariñáns e contra os intereses desta provincia e de tódolos galegos”.

Intervén a Sra. Deputada dona María Loureiro García, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Non podemos deixar de loitar polo futuro empresarial da Mariña; os socialistas temos defendido, defendemos, e defenderemos sempre unha aposta polo mantemento dos postos de traballo de Alcoa e polos plans de industiralización que poñan en valor a nosa zona.

O Presidente da Deputación xa ó inicio de todo este proceso dixo que o importante era manter os postos de traballo e manter a produción do aluminio primario na provincia de Lugo, na comarca da Mariña, e foi dos primeiros que xa se adiantou e dixo que se era necesario, había que facer unha intervención ou un accionariado, o que fose posible para manter os postos de traballo. Vivimos un proceso longo, pero si que é certo que nesta fin de semana vivimos na Mariña uns momentos moi críticos e de moita tensión porque xa rematou o domingo o prazo no que Alcoa ou vendía a planta ou iniciaba o ERE.

Unha vez máis volve ser evidente a mala fe de Alcoa, que nunca lle valeu nada, prefire pechar unhas instalacións a vendelas e que siga producindo para manter viva toda unha comarca. Nestes últimos meses o Goberno traballa para conseguir que Alcoa venda a un novo inversor, a Liberty House, neste último mes co apoio da Xunta de Galicia; Liberty House ten un proxecto de futuro real e viable para a nosa comarca, na última fase deste proceso dende a semana pasada o Goberno dá un paso definitivo ó ver que o novo inversor e Alcoa non chegan a entendemento, hai que dicir que non chegan a entendemento pola mala fe da factoría multinacional.

Por iso o Goberno pón enriba da mesa unha proposta que é comprar a factoría de Alcoa a través do SEPI; non hai precedente nos últimos vinte anos dun goberno que estivese disposto a mercar unha planta para manter os postos de traballo e unha factoría. Ante ese escenario Alcoa empeza a poñer condicións, condicións que se valoraron, que se aceptaron polas dúas partes, o Goberno puxoo en coñecemento á Xunta de Galicia, a Liberty House, e ían aceptando esas condicións que Alcoa ía poñendo. Como as negociacións avanzaban porque había vontade política, Alcoa vía que a compra estaba preto, entón o que fixo foi romper a negociación o domingo á noite de repente e anunciar que continuaba co ERE.

Xa dende o inicio hai unha vontade clara de peche por parte de Alcoa da planta de San Cibrao, o problema xa non é o prezo da enerxía, quere ter o monopolio do aluminio primario e traelo doutros países e pechar a produción en Europa; Alcoa quixo levar isto ó conflito, e agora vai ter un conflito laboral e á fronte vai estar o Goberno esperamos que co apoio da Xunta de Galicia, que están buscando ferramentas necesarias para garantir a produción do aluminio primario na Mariña e manter os postos de traballo.

Non podemos permitir que unha multinacional como Alcoa, que gañou millóns e millóns de euros grazas ó traballo e á suor dos veciños e veciñas da Mariña, se vaia e que non queira vender a planta, se se quere ir que se vaia pero que deixe paso a un novo proxecto de futuro, real e viable, para a nosa comarca.

Eu tamén pido aquí unidade; hai uns días os Alcaldes e Alcaldesas da Mariña tiñamos unha reunión co comité de empresa, onde nos pedía unidade e que toda a presión recaera sobre Alcoa,



que agora mesmo o problema non era a aprobación do estatuto porque claramente vemos que o problema agora é a mala fe de Alcoa”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Eu creo que ben se entendía que cando dicía que Alcoa era pública referíame á planta e non a Alcoa en si que é de capital transnacional domiciliada en Estados Unidos; así que, aínda que non era un erro, grazas pola aclaración. E xa que nos corriximos, tamén lle corrixo eu en que non son só 554 postos de traballo os que están en xogo agora mesmo, porque detrás deses van outros 500 das auxiliares, e realmente detrás de todo isto o que hai é a vontade clara e dita, unhas veces máis clara ca outras, de Alcoa de pechar a planta.

Vostede falaba de que nós só criamos na nacionalización coma se quixeramos nacionalizar tódalas empresas, só o criamos porque Alcoa leva moito tempo dando sinais de que non quere a venda, porque o que quere é intervir no mercado internacional, ela quere irse pero quere deixar pechada a produción, non quere dar entrada á competencia, así é como funciona o sistema neoliberal e Alcoa só pensa na súa conta de resultados.

Por iso nós só cremos en que ten que intervir o Estado, vostede falaba dunha fórmula que xa o BNG propuxo tamén, e a nós valeríanos esa fórmula intermedia dunha mediación temporal ou como lle queira chamar, que é un sistema que ten o SEPI, nós apoiariamos ese tipo de medidas, calquera que salve a planta, incluso se agora chegaran a un acordo tamén nos valería unha venda que garantira iso, valeríanos a venda con Liberty porque nós non estamos en contra. Nós o que dicimos é que Alcoa está decidida a non vender.

Polo tanto o Estado e a Xunta teñen mecanismos para intervir nesa decisión, e non deixar o futuro de toda unha comarca e de parte da nosa provincia en mans dunha multinacional; por iso defendemos ese tipo de mediación. Se houbera unha situación normal onde a empresa A chamémoslle Alcoa quere vender á B Liberty, e se manteñen a produción e os postos de traballo, nós non teríamos nada en contra diso; defendemos a intervención porque hai mala fe, hai unha

empresa que veu e levou un montón de recursos públicos, porque non hai que esquecer iso, e agora quere seguir deixando un deserto nunha comarca.

Por tanto nós cremos e estamos seguros de que hai ferramentas para que o Estado e a Xunta de Galicia medien nese conflito, e válenos incluso unha intervención temporal como dicía vostede señor Castiñeira, que xa teñen falado representantes do meu Partido desas fórmulas hai meses. Polo tanto aquí o que hai que facer é xuntarse, buscar tódalas ferramentas que ten o Estado, e agora mesmo como Alcoa non ten vontade doutra cousa, hai que facer unha intervención, da forma que queiran, pero salvar os postos de traballo e salvar a comarca da Mariña”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Sr. Castro, estou moi de acordo coas súas afirmacións. Efectivamente agora mesmo hai un problema de que unha multinacional non entra en razón e mira única e exclusivamente os seus intereses. Neste caso nós, dende este pleno e dende tódalas institucións, debemos mirar os intereses de tódolos mariñáns, de tódolos lucenses, e por suposto de tódolos galegos, e non admitir para nada esa opción de peche, sobre todo cando hai alguén que cre que é viable. E nese sentido temos que apoiar esa opción.

Hoxe mesmo o Presidente da Xunta abogou precisamente porque en todo caso haxa unha intervención por parte do Estado e pública no caso de que non se chegue a ningún tipo de acordo. E niso estamos completamente de acordo, xa o dixemos no anterior pleno, e é ben certo nestes últimos meses debatemos moito diso; a posición do Partido Popular neste sentido foi sempre firme e directa, queremos a viabilidade de Alcoa, cremos que ademáis a fabricación de aluminio primario en San Cibrao é posible e polo tanto imos loitar cos traballadores e coas súas familias para que se siga facendo.

É ben certo, señora Loureiro, estivemos nas manifestacións e creo que estamos dando unha imaxe de unidade, pero temos que saber tamén cando collemos unha pancarta o que pon na pancarta, nos piden “enerxía solución”, levamos dous anos intentando darlle solución a isto; primeiro non se podía dar solución ó estatuto electointensivo porque un goberno en funcións non



podía; despois íamolo facer inmediatamente de que houbese un goberno; despois ía ser a finais do verán segundo dixo a Ministra Maroto.

Estamos no peor momento da crise de Alcoa e seguimos cunha incertidume enerxética que non tiña porque estar aí. Se agora mesmo estivera plantificado aquí o estatuto electointensivo habería moitas máis posibilidades de negociar esa venda; non é o momento de tirarnos os trastos, de verdade que o que a mín me gustaría é que se levara unha imaxe de que todos estamos unidos neste sentido, e agora mesmo hai un culpable desta situación que é a empresa Alcoa, e aí estaremos todos intentando loitar para manter os postos de traballo e seguir mantendo a produción de aluminio primario na Mariña.

Pero se é ben certo, e volvo pedirullo, creo que agora mesmo falar da tarifa eléctrica galega pode ser incluso ata contraproducente, porque Galicia é imposible que poida loitar no mercado global con produtores enerxéticos de tanta índole. De todas formas, fágano ou non, e teñan vontade ou non de chegar a ese acordo, nós imos votar a favor igualmente por respecto e por convicción”.

A continuación intervén a Sra. Deputada dona María Loureiro García, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Nós tamén imos votar a favor desta moción, cremos que tanto a Xunta coma o Goberno Central encontrarán os mecanismos necesarios para manter a produción do aluminio primario na comarca da Mariña e para manter os postos de traballo.

Quero volver incidir e deixar clara a mala fe de Alcoa, vimos que non lle valeu nada durante estes meses, un novo inversor solvente, un inversor que foi da man do Goberno, por tanto se o inversor está disposto a asumir a planta de Alcoa é porque a ve viable; por iso cremos que o problema xa non é o prezo da enerxía senón que é que non quere competencia na comarca da Mariña e non quere competencia en Europa.

Por iso nós dende o Partido Socialista imos tamén estar unidos, cremos que a Xunta e o Goberno teñen que traballar en bloque; pero tamén quero resaltar todo o labor que fixo o Goberno dende este proceso, que en primeiro lugar logrou a prolongación do ERE, despois actuou de

mediador entre as dúas multinacionais para chegar a acordos, e actuou de comprador xa que estivo disposto a mercar nunha operación única a factoría de Alcoa a través do SEPI.

Cónstame que estan traballando, para buscar os mecanismos necesarios para que non morra unha comarca que agora mesmo estamos preocupados, e estamos en tensión, e que dende o Partido Socialista lle mandamos o noso apoio ós traballadores e traballadoras da Mariña e ás súas familias, porque neste caso que eu tamén estiven con eles no concello de Viveiro pechados a fin de semana, non é unha situación fácil pero eu creo que, dentro da situación crítica, é o mellor escenario que podemos ter, porque está o Goberno de España traballando e a Xunta de Galicia como autoridade laboral tamén está traballando, por iso confiamos en que todo saia ben”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Eu creo que no debate quedou claro, alo menos agora no final, aínda que con matices, seguramente que podemos estar de acordo en que hai que defender a comarca da Mariña, a todos eses traballadores e, como digo sempre, é a defensa da provincia e a defensa do país ante unha multinacional, e para vostedes será o último recurso para nós é unha ferramenta que poden utilizar os Estados; pero que agora, na situación en que está Alcoa poñendo escusas para non actuar no mercado libremente, só queda para salvar a eses traballadores, unha intervención.

Polo tanto agradecemos que haxa ese apoio, que se entenda, e que se poña por diante de todo salvar esa comarca aínda que sexa intervindo o Estado que é o que cremos que ten que facer. Por tanto quero lanzar unha mensaxe de esperanza e de que o que aquí se vaia votar que non quede só en palabras senón que os dous gobernos que teñen competencias que leven a cabo esas intencións, e salvemos todos xuntos a comarca da Mariña”.

Pide a palabra o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, séndolle concedida pola Presidencia, para preguntar se se atende a emenda in voce manifestada en relación coa retirada do punto tres da moción. Manifestándolle o señor Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG que non se acepta e propón que se vote a moción como está.

Por parte do Sr. Presidente maniféstase que, dado que non se aceptou a emenda, vaise proceder á votación da moción nos termos en que foi presentada.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á moción presentada.

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO EQUIPO DE GOBERNO PROVINCIAL A QUE RESOLVA O ACCESO AO NÚCLEO DE OUTEIRO EN CASTROVERDE.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“José Antonio García López, na súa calidade de vicevoceiro segundo do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao equipo de goberno provincial a que resolva o acceso ao núcleo de Outeiro en Castroverd

Exposición de Motivos:

Hai case 3 anos que a Deputación de Lugo iniciou os trámites administrativos para a execución da obra “CASTROVERDE.- ACONDICIONAMENTO LU – P 1201 “DE SOUTO DE TORRES A SOBRADO”, P.K. 0+000 A 2+280 “. Trátase dunha actuación cun investimento total de máis de 380.000,00 euros.

A obra, nun treito desta vía, de titularidade provincial, que une a estrada autonómica LU-530 co polígono industrial, e que ademais une o concello de Castroverde cos concellos de O Corgo e de Barallla, foi licitada en decembro de 2017 e adxudicada en marzo de 2018 cun prazo de execución de 9 meses.

A día de hoxe, 29 meses despois, os traballos que se están a realizar no treito indicado non remataron e ademais non respostan ás necesidades dos veciños do núcleo de Outeiro. Tal é así que, son moitas as queixas que existen nestes momentos a este respecto. Ademais de criticar a tardanza dos propios traballos, a veciñanza tamén está descontenta coas actuacións que se están a realizar na zona da ponte sobre o río Chamoso.

O retraso considerable que acusa esta obra imposibilitou transitar aos veciños por ese treito durante todo este tempo que, incluso, segundo lle expuxeron a este grupo, nalgunha ocasión tiveron que cruzar o río a pé para facer os seus traballos e que noutras obrigou aos nenos a dar unha volta considerable para coller o autobús.

Asemade, a veciñanza considera que as obras nas inmediacións da ponte en construción non son axeitadas, xa que o acceso ao lugar de Outeiro que engancha coa ponte, presenta unha pendente moi pronunciada, ao ter que ser levantada de cota o que pode dificultar a circulación e mesmo converterse nun punto inseguro para os seus usuarios.

Diante esta situación, cómpre sinalar que o goberno provincial dende un primeiro momento non levou a cabo unha planificación correcta e que mesmo actuou con certa improvisación o que deu lugar a que as obras a realizar non se estudasen e proxectasen co rigor necesario.

De feito, 9 meses despois da adxudicación e formalización do contrato, o 21 de decembro de 2018 asinouse a acta de suspensión total das obras, xa que o organismo provincial non dispoñía da autorización da Confederación Hidrográfica.

E, un ano e catro meses despois, en abril 2020, a Confederación comunicou que non autorizaba a execución da estrutura prevista pola institución provincial no proxecto inicialmente existente, e que consecuentemente debía modificar a tipoloxía da mesma ao ser necesaria unha maior luz libre, motivo polo que a Deputación tivo que redactar a modificación do proxecto de obra.

Todo isto pon de manifesto que a falta de previsión, de planificación e de axilidade por parte do equipo de goberno provincial na execución desta obra e a falta de seguimento da mesma



foi o que provocou que os veciños non puideran dispoñer dos servizos deste treito durante tanto tempo.

Dende este grupo tivemos acceso ao expediente, incluídos proxectos e modificacións de proxectos, relativo á obra que se está a facer nesta estrada e comprobamos que nos mesmos non se contemplan as correccións no punto sinalado e que tampouco se contempla a solución de instalar unha plataforma para poder acceder á marquesiña que hai cerca do núcleo; solución coa que se podería atender rapidamente a petición dos veciños.

Consecuentemente, consideramos que é necesario que o goberno da Deputación atenda as demandas dos veciños do núcleo de Outeiro no municipio de Castroverde e que polo tanto actúe para corrixir a execución das obras que se están levando a cabo neste tramo da estrada LU - P 1201 de xeito que se remate a mesma canto antes para causar o menor prexuízo aos que circulen por esta vía e para que finalmente, se dote aos veciños dun acceso máis seguro a súa parroquia. E, ao mesmo tempo, tal e como solicitan os veciños, constrúa, de forma urxente, un paso provisional e seguro a pé sobre o río Chamoso.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular eleva ao pleno da corporación provincial a presente moción e propón a aprobación do seguinte acordo:

Instar ao equipo de goberno provincial a que atenda as demandas dos veciños do núcleo de Outeiro (Castroverde) respecto á obra de Acondicionamento da estrada LU-P 1201“ DE SOUTO DE TORRES A SOBRADO”, P.K. 0+000 A 2+280 e concretamente que:

- Leve a cabo as actuacións necesarias para corrixir a execución dos traballos que se están realizando na mesma nas inmediacións da ponte sobre o río Chamoso de xeito que os veciños de Outeiro poidan acceder de forma segura a súa parroquia.
- Leve a cabo, de forma urxente, a construción dun paso provisional e seguro a pé sobre o río Chamoso”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Hai tres anos que a Deputación iniciou os trámites administrativos para a execución da obra en Castroverde, acondicionamento da LU-P-1201 de Souto de Torres a Sobrado, 2,28 quilómetros, que ten un investimento total de 380.000 euros.

A obra, nun treito desta vía, ademáis de titularidade provincial, que une a estrada autonómica LU-530 co polígono industrial, e que ademais tamén une o concello de Castroverde cos concellos de O Corgo e de Baralla, foi licitada no ano 2017 e adxudicada en marzo de 2018 cun prazo de execución de nove meses; tiña que estar feita xa.

A día de hoxe, 29 meses despois, os traballos que se están a realizar no treito indicado non remataron, e ademais non respontan ás necesidades dos veciños concretamente do núcleo de Outeiro. Tal é así, que son moitas as queixas que existen nestes momentos a este respecto; ademais de criticar a tardanza dos propios traballos, como acabamos de dicir, a veciñanza tamén está descontenta coas actuacións que se están a realizar na zona da ponte sobre o río Chamoso.

O retraso considerable que acusa esta obra imposibilitou transitar aos veciños por ese treito durante todo este tempo que, incluso, segundo lle expuxeron a este grupo que visitamos a obra nalgunha ocasión, houbo que cruzar o río a pé para acceder ós seus traballos, e mesmo agora os nenos deben dar unha volta considerable para coller o autobús.

Asemade, a veciñanza considera que as obras nas inmediacións da ponte en construción non son axeitadas, xa que o acceso ao lugar de Outeiro que engancha coa ponte presenta unha pendente moi pronunciada, ao ter que ser levantada de cota o que pode dificultar a circulación e mesmo converterse nun punto inseguro para os seus usuarios.

No Pleno de Castroverde, cuxo Alcalde tamén é Deputado e membro do equipo de goberno, presentou un informe, entendemos que chega tarde e dende logo o único que fai ese informe é cabrear ós veciños, xustificando que as obras están moi ben e van cumprir a legalidade, pero é ben certo que non cumpre o que piden os veciños.



Diante desta situación, cómpre sinalar que o goberno provincial dende o primeiro momento non levou a cabo unha planificación correcta e que mesmo actuou con certa improvisación o que deu lugar a que as obras a realizar non se estudasen e proxectasen con rigor. De feito nove meses despois da adxudicación e formalización do contrato, o 21 de decembro de 2018, asinouse a acta de suspensión total das obras xa que o organismo provincial non dispoñía da autorización da Confederación Hidrográfica. Iamos facer unha obra sobre un río, e o mínimo, entendemos tódolos que andamos nisto, é que hai que pedir os permisos á Confederación, non se pediron.

Un ano e catro meses despois, en abril de 2020, a Confederación comunicou que non autorizaba a execución da estrutura prevista pola institución provincial no proxecto inicialmente existente, e que consecuentemente debía modificar a tipoloxía da mesma ao ser necesaria unha maior luz, motivo polo que a Deputación tivo que redactar a modificación do proxecto de obra, mais retrasos.

Todo isto pon de manifesto que a falta de previsión, de planificación e de axilidade por parte do equipo de goberno provincial, repito, do que forma parte o Alcalde de Castroverde, na execución desta obra, e a falta de seguimento da mesma, foi o que provocou que os veciños non puideran dispoñer dos servizos deste treito durante todo este tempo.

Dende este grupo revisamos o expediente e vemos que efectivamente non se contemplan con claridade as necesidadeas que piden os veciños. Consecuentemente, consideramos que é necesario que o goberno da Deputación atenda as demandas dos veciños de Outeiro no municipio de Castroverde, e que polo tanto actúe para corrixir a execución das obras que se están levando a cabo neste tramo, de xeito que se remate a mesma canto antes para causar o menor prexuízo posible e que se dote aos veciños dun acceso máis seguro peonil, que llo reclamaron sucesivamente e non foi capaz de dalo. E, ao mesmo tempo, tal e como solicitan os veciños, constrúa esa ponte provisional sobre o río Chamoso.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular eleva ao pleno da corporación provincial a presente moción e propón a aprobación do seguinte acordo:

Instar ao equipo de goberno provincial a que atenda as demandas dos veciños do núcleo de Outeiro respecto a esta obra. Que leve a cabo as actuacións necesarias para corrixir a execución dos traballos que se están realizando na mesma nas inmediacións da ponte sobre o río Chamoso, de xeito que os veciños de Outeiro poidan acceder de forma segura a súa parroquia. E que leve a cabo, de forma urxente, a construción dun paso provisional e seguro a pé sobre o río Chamoso”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Vou ser moi breve, nós estivemos falando cos Servizos da Deputación que nos aseguraron que parte deses problemas que dicían os veciños deses accesos a fincas se ían solucionar; o resto, como vostede dixo, achácano á falta de dilixencia pero calquera obra que teña que pedir permisos á Confederación dificulta moito a pendente da ponte, vostede dixo que a Confederación esixiu máis luz, e se fai falla máis luz hai que levantar a ponte, non hai outra fórmula.

E no tocante á pasarela peonil provisional, cremos que técnica e economicamente non é doado facer unha pasarela por riba dun río, e que tería que ter autorización tamén. Polo tanto nós confiamos nos Servizos da Deputación en que naquilo que sexa posible vaise mellorar o proxecto, xa o aclararon en parte, e van facer todo o posible, como non pode ser doutro xeito, para que unha obra feita por esta Entidade o que faga é dar un bo servizo ós veciños e veciñas desta provincia, neste caso ós da parroquia de Outeiro”.

Intervén o Sr. Deputado D. Xosé María Arias Fernández, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Esta moción foi tratada o outro día, e me parece correcto, no pleno ordinario de Castroverde o xoves pasado; pero vir con isto aquí como moción a min paréceme que máis que nada sería case que un Rogo ó Presidente. Pero vén en forma de moción e así se vai tratar, pero eu non o considero importante para isto.



Si considero importantes ós meus veciños, e considero importante que a vía municipal que entronca coa ponte quede ben. Eu a verdade é que me agarro moito a un informe técnico porque o director da obra fixo un informe moi ben a petición incluso do concello de Castroverde e reunímonos alí cos veciños, e ¡que casualidade señor Castiñeira que ós dous días se reúne vostede tamén cos veciños!, e non sei estes veciños cambian a súa opinión, ou cantos son, pero iso é o de menos.

E para aquel que non coñeza isto llelo explico rápidamente, aquí míntese cando se di que estivo o treito todo pechado, a carretera está pechada dende hai dous meses nada máis, non durante todo ese tempo, realizáronse as obras de mantemento da estrada, botouse incluso o aglomerado, e a carretera sempre estivo aberta; está pechada dende hai dous meses, e estes días estanlle botando a soleira co cal din a dirección de obra e o coordinador de seguridade e saúde que ten que estar pechada vinte e oito días.

Pero a ponte do río Chamoso, para quen non coñeza aquilo, a carretera municipal ia antes e vai agora perpendicular á ponte, unha vez rematada a ponte entronca coa carretera municipal. Co cal agora a subida da ponte, como xa se lles explicou ós veciños, levanta un pouco máis ese acceso, hai un compromiso creo que asumible incluso polo contratista, e tamén o Presidente o dixo, pois todo será ir un pouco máis reenchendo a estrada municipal non sei se en vinte metros ou en vinte e cinco e deixar un acceso como ten que quedar.

O problema dos nenos, incluso catro nenos que tiñan o transporte escolar ó final arreglaron, senón o concello ata lles pagaría un taxi para ir durante estas catro semanas, non houbo problema ningún, está arreglado. En canto ó entronque eu, como Alcalde, son o mellor defensor do entronque da carretera municipal que é o que me preocupa.

Por tanto considero que esta moción é máis ben un Rogo ó Presidente para que se acometan eses traballos e que queden o mellor posible. Creo que vai quedar definitivamente ben, é un compromiso, e eu non dubido para nada, coma vostedes, da dirección de obra e dos técnicos desta Casa, que me parece que están facendo un traballo correcto, e creo que o demais é todo asumible.

Con respecto ó paso da xente, facer unha pasarela naquel tramo do río Chamoso, estamos a falar de tres ou catro metros de profundidade, seis metros de ancho nunha pasarela para pasar durante un tempo que non molesta case ós veciños, os que teñen a actividade agraria deron o rodeo e non foron precisamente os que se queixaron. Os nenos teñen o problema solucionado. Así que eu non vexo esta disconformidade cos veciños que vostedes presentan aquí, nin esta preocupación tan grande.

Houbo un tempo cando estivo aberta que había douscentos metros que tiñan baches, pero a Deputación pouco a pouco cada mes ía tapando eses baches, pero sempre se circulou pola ponte exceptuando este mes e medio que se iniciaron os traballos, e agora estas catro semanas, segundo a dirección da obra, que son as que a ponte non vai estar aberta ó tráfico. Co cal isto para mín case ven ser un absurdo”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Señor Arias, dende logo que non vou discutir a súa capacidade como Alcalde porque leva moitos anos e ademáis ten a confianza dos seus veciños, non vimos aquí a iso. Vimos aquí, e non o traemos como un Rogo porque cremos que é suficientemente importante para que vostede dea aquí as explicacións que non lles deu ós veciños, e sabe que non llas deu. Foi co Presidente da Deputación e coa voceira visitar esa obra e, sabendo que hai un problema porque hai 27 ou 30 veciños dese núcleo concreto de Outeiro, non foron capaces de ir visitalos e darlles razón.

Si que é certo que das cousas que puideron foron arranxando algunha delas, outras está claro que non, e eu estou seguro de que a vostede llo transmitiron, pero si é ben certo que cando chegan ó Partido Popular é precisamente porque non se lles fixo caso. Eu entendo que vostede no seu labor de membro do equipo de goberno e de Alcalde debería atender esas peticións.

Non se supervisou ben o proxecto nin por parte da Deputación nin por parte do propio concello, estas cousas había que entendelas. Un proxecto para facer unha ponte non se pode iniciar, señor Castro, se non hai un permiso da Confederación Hidrográfica; vostede confiará moito nos



técnicos pero dígolle que a súa voceira en Castroverde votou a favor desta moción porque sabe que aí hai un problema cuns veciños e que hai que solucionalo.

Se as nosas reivindicacións e todo isto serve para que se faga ese traballo e quede o mellor posible, benvido sexa; pero hai outras cousas, todas esas molestias e esas circunstancias que non van poder ser. O que pedían os veciños era unha plataforma provisional que se podía facer de madeira, que iso vai no permiso de obra, así que non o compliquen tanto. Houbo meses nos que estiveron, e sobre todo no verán, practicamente incomunicados, pero non o digo eu senón que o din os veciños que tiveron que chegar á prensa dicir que estaban descontentos coa actuación da Deputación e do propio Alcalde porque precisamente non aproveitaron o día que foron para falar con eles que sería o máis adecuado.

E hoxe chegamos aquí, pero por culpa de vostedes; e de verdade lle digo que non vimos aquí fiscalizar o seu traballo, estou seguro de que os veciños de Castroverde son sabios e saben o Alcalde que teñen, pero o que si queremos é que se fagan ben as cousas e que non se adie esa obra, que leva moitos anos de retraso, sen dar conta das solucións que propoñen os veciños”

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Señor Castiñeira, eu sei perfectamente o que votou a voceira do BNG en Castroverde, e tamén sei perfectamente que esta non é exactamente a mesma moción, e tamén sei que avanzou a situación dende que se debateu a moción en Castroverde, polo que lle digo que hai non só un compromiso senón a decisión desta Deputación de solucionar aqueles problemas que técnicamente son solucionables, evidentemente sendo o Alcalde de Castroverde membro deste goberno con máis peso aínda.

Entonces a situación evolucionou e hai unha parte que non ía na súa moción ou, polo que teño entendido, na que presentaron en Castroverde, que é o da pasarela peonil que vostede reduce a que se poda incluír no permiso de obra, e eu dígolle que non, segundo me dicía que non se pode facer unha obra sen permiso da Confederación non se pode facer unha pasarela peonil por riba dun río, que non é como cando se fai unha obra no casco urbano saltar unha beirarrúa, estamos falando

de cruzar un río, e iso é case que unha obra máis, e o custe sería elevadísimo e a tramitación de meses.

Por tanto creo que hai que pedir cousas que sexan posibles, e esta, na miña humilde opinión, creo que posible é pero na balanza do que custaría, tanto en recursos económicos como administrativos, non parece razoable; máis razoable é que as obras vaian todo o dilixentes que podan ser. Polo tanto ningunha contradición porque nin está no mesmo punto a situación nin é a mesma moción e, repito, hai que pedir cousas que sexan realizables”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé María Arias Fernández, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“É chocante cando alí un veciño, e isto é unha anécdota, que pasaba dun prado a outro cravou nun amieiro un tablón e despois puxo outro e pasaba por el, entón chegou o coordinador de seguridade e saúde e púxollo a valla para alá, e entón preguntado canto custaría facer unha pasarela cunha profundidade de catro metros e seis metros de longo eu creo que custaba máis ou menos como facer a carretera municipal toda a feito case.

É dicir, hai que falar de cousas sensatas, eu voulle dicir que a ponte vai quedar moi ben, que o acceso municipal ó concello, que é o que me preocupa, do núcleo de Outeiro que vai perpendicular, queda no mesmo sitio que estaba, antes había unha pendente pequena, agora pode quedar unha pendente máis grande, pero pode quedar igual indo atrás o camiño, arreglando, que o vai arreglar a Deputación; e había un ángulo de xiro de tres metros na ponte da carretera da Deputación cando nos cruzábamos dous coches ás veces paraba un para pasar o outro, agora queda un ángulo de xiro de oito metros na carretera municipal, co cal todo vai quedar mellorado, e o entronque da carretera municipal vai quedar incluso mellor, haberá que arreglalo un pouco máis longo para que a pendente quede supeditada.

E tódalas molestias dunha obra eu non sei onde as encontraron, porque os veciños entenderon que eses tablóns non se podían poñer, e vostedes piden unha pasarela peonil que ten que ter unha autorización da Confederación Hidrográfica, que custa moito diñeiro facela, máis case



que outra ponte, e non vale poñer uns tablóns para que pase a xente, vostedes cóntanlles iso, eu explíqueillo, e o director técnico das obras tamén llelo explicou.

Fun co Presidente e con Pilar García Porto, e non considerei nin de tanta importancia ir a aquilo, xa fomos, foi o Alcalde, foi o director de obra, e con tódolos veciños llelo explicamos, despois foron vostedes azuzar un pouco a algúns, que a mín paréceme ben porque para vostedes é unha zona fría que teñen que potenciar, para facer as listaxes municipais nesas mesas tiveron que levar a nove persoas da mesma zona, pois eu comprendo que teñen vostedes que traballar, pero hai que enterarse do que se fai e non traer unha moción deste tipo aquí, e os resultados despois foron os que foron. E eu sinto moito dicirllelo pero isto é así, e o máis preocupado da carretera municipal non son os veciños, é o Alcalde.

Por tanto isto é un absurdo, pídalle ó Presidente e traian cousas que merezan a pena por Castroverde, pero é que hai aquí algún Deputado que coincidiu comigo hai dezaseis anos que votaba en contra da construción das piscinas e máis tiñamos os permisos todos. Así que traian vostedes algunha cousa construtiva para Castroverde”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, quen manifesta o seguinte:

“Pois se para vostede, señor Arias, é unha broma, trinta veciños afectados no núcleo de Outeiro é unha broma, se lles fan unha nota de prensa solicitando a axuda e a mediación e vostedes non lles fan caso, se fan unha visita a unha obra e vostedes non van alí, pois estupendamente; sempre hai tempo de empeorar tamén llo digo, así que non se faga tantas ilusións porque eu fun Alcalde, e quizá coa súa mesma confianza, despois fun para a oposición, así que nese caso non se preocupe.

Pero nós non imos traballar nese sentido, politicamente cadaún terá que facer o que queira; ó que vimos aquí é a plasmar unha realidade que é unha obra mal feita, que levou moitísimo tempo de retraso, vostede o sabe, e que non se asumiu ningunha responsabilidade dese tipo, e que se está improvisando, non se pediron permisos á Confederación Hidrográfica, que se están facendo obras no río moito máis complexas, e melloras desa obra que non viña no proxecto moito máis caras que

a propia pasarela provisional, e que se causaron molestias. Se para vostede iso é de broma e de graza para rematar a súa intervención, grazas”.

Rematado o debate, efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG. Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR Á ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIA DE SUELO (SEPES) E Á SOCIEDADE SUELO EMPRESARIAL DEL ATLÁNTICO S.L.; SME (SEA) A POÑER EN MARCHA UN PROGRAMA DE INCENTIVOS PARA FAVORECER A IMPLANTACIÓN EMPRESARIAL NOS PARQUES INDUSTRIAIS QUE PROMOVEN NA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“José Antonio García López, na súa calidade de vicevoceiro segundo do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar á *Entidad Pública Empresarial de Suelo* (SEPES) e á sociedade *Suelo Empresarial del Atlántico, S.L.; SME* (SEA) a poñer en marcha un programa de incentivos para favorecer a implantación empresarial nos parques industriais que promoven na provincia de Lugo

Exposición de Motivos:

A *Entidad Pública Empresarial de Suelo* (SEPES) promove, na provincia de Lugo, os parques industriais de Ribadeo e Sarria.



Suelo Empresarial del Atlántico, S.L. ; *SME (SEA)* promove e xestiona os parques empresariais de Monforte, Rábade e Mondoñedo.

Polo tanto, son varios os concellos na provincia de Lugo cuxo desenvolvemento industrial depende de SEPES e de SEA e, polo tanto, do Estado.

Algúns destes parques empresariais non responderon, ata o momento, ás expectativas que suscitaron. O custo do solo nos ditos polígonos converteuse nunha das principais dificultades para a súa ocupación.

Para que estes parques empresariais sexan competitivos co solo industrial desenvolto noutros concellos, dependente fundamentalmente da Xunta de Galicia, a través de XESTUR, ou no seu caso da Deputación Provincial, é preciso que a oferta de solo por parte de SEPES e SEA se efectúe a un prezo similar ao doutras administracións.

Cremos que unha das medidas para atraer inversións ás comarcas nas que están situados os parques empresariais que promoven SEPES e SEA é facilitar o acceso ao solo empresarial e abaratar o seu prezo, unha medida de especial relevancia no contexto actual de crise económica derivada da covid – 19 e que traería consigo efectos moi positivos para contribuír a paliar a mesma.

Outras administracións, como é o caso da Xunta de Galicia, tratan de incentivar a compra de solo industrial público por parte das empresas e para iso ofrecen máis facilidades aos interesados en adquirir estes terreos. Con ese obxecto, o Goberno galego puxo en marcha en 2015 o seu programa de incentivos para favorecer a implantación empresarial en parques da súa propiedade: bonificacións no prezo de venda das parcelas (de ata un 50%), ampliación dos prazos para facilitar os pagos ou o denominado dereito de superficie; programa que continúa vixente.

O obxectivo final é incentivar a aquelas empresas que opten pola nosa provincia e pola nosa C.C.A.A. para xerar actividade económica e crear novas oportunidades de emprego. Existen fórmulas para facer do solo industrial dispoñible, ou futuro, espazos atractivos para a implantación de empresas.

Sen lugar a dúbidas o Goberno galego vai na boa dirección á hora de decidir ofertar solo industrial a un prezo máis accesible, de modo que a nosa provincia tamén poida competir en mellores condicións coas zoas limítrofes. De feito, desde que o P.P. accedeu á responsabilidade do goberno en Galicia impulsa a posta en valor da infraestrutura industrial existente, desde o propio solo empresarial ata incentivos no aluguer, para atraer tanto novo investimento produtivo como impulsar a actividade interior, isto é, das empresas xa emprazadas na nosa comarca que poidan precisar deste solo.

Non debemos esquecer tampouco o momento no que se propón esta decisión, cando xa se evidencia a desaceleración da economía. É máis urxente que nunca facer que empresas e emprendedores volvan a recobrar a confianza e impulsar a súa actividade inversora, e para iso é preciso darlles facilidades para que poidan emprender e xerar emprego.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular eleva ao pleno da corporación provincial a presente moción e propón a aprobación dos seguintes acordos:

O Pleno da corporación provincial insta á *Entidad Pública Empresarial de Suelo* (SEPES) e a Sociedade *Suelo Empresarial del Atlántico, S.L.*; *SME* (SEA) a poñer en marcha un programa de incentivos para favorecer a implantación empresarial nos parques industriais que promoven na provincia de Lugo (rebaixar o prezo do solo, facilidades de pago, etc.).

O Pleno da corporación provincial insta ao goberno da institución provincial a que manteña os compromisos adquiridos por SUPLUSA relativos á construción e xestión dos parques industriais, cun prezo competitivo de modo que se garanta aos respectivos concellos a súa continuidade”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG, preséntase unha emenda de adición e de supresión, do seguinte teor:

“Engadir no punto primeiro os polígonos industriais de Xestur.



Suprimir o segundo punto, dado que Suplusa está nestes momentos en liquidación, e mentres non conclúa o procedemento e se incorporen os seus bens á Deputación non procede abordar esta cuestión”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“O Grupo Provincial do Partido Popular con esta iniciativa creo que quere instar a corrixir unha situación que se dá nesta provincia, e que cremos que é absolutamente inxusta e que non é boa para a provincia; e como precisamente cremos que para iso estamos aquí, este é o motivo da presentación de dita moción.

Ó longo deste pleno, como nos anteriores, creo que está máis que de manifesto a situación na que se atopa esta provincia, na que se atopa todo o Estado e esta Autonomía, que é a situación dunha pandemia sanitaria que está ameazando claramente xa non só a saúde das persoas, que lóxicamente é o primeiro, senón de forma moi clara tamén á economía do futuro e os anos que nos quedan por vir.

Polo tanto cremos que debemos optar a instar medidas que aposten polo tecido industrial, polo tecido económico desta provincia, e por facilitar a menor destrución de emprego posible, por axudar ás empresas a instalarse nesta provincia nos distintos polígonos empresariais que temos, e en definitiva por corrixir realmente o rumbo dunha economía que neste momento camiña cara a anos escuros.

A situación da provincia de Lugo con respecto á economía no ámbito do asentamento de empresas ten unha problemática que temos claramente definida, que é que o solo industrial do que depende o asentamento de ditas empresas nesta provincia depende basicamente de tres Administracións, o propio Estado a través do Ministerio de Fomento e das dúas Sociedades promotoras de solo público que son SEPES e SEA, a Xunta de Galicia a través da Empresa pública XESTUR, e a Deputación Provincial de Lugo, anteriormente xestionada por SUPLUSA e agora mesmo sen xestión ningunha.

Polo tanto, analizado este panorama, cremos que deben tomarse medidas con respecto á situación na que se atopa a provincia. Por un lado, e analizando a casuística da venda de parcelas en toda a provincia, está claro que existen unhas zonas desta provincia, uns concellos, nos cales o solo industrial está carísimo, está fóra da posibilidade de implantación de empresas, e de feito a experiencia dos últimos anos parece claramente comprobar que efectivamente eses polígonos están atrancados.

Básicamente estes polígonos industriais son os que se asentan en cinco concellos desta provincia, en Ribadeo, en Sarria, en Monforte, en Rábade e en Mondoñedo, xa que os cinco polígonos dependen das dúas sociedades estatais, a SEPES e a SEA. Consideramos que lóxicamente a análise do prezo das parcelas nestes polígonos está por riba do dobre da media na que están os polígonos de XESTUR, é dicir dos polígonos que promove a Xunta de Galicia.

Polo tanto cremos que debemos instar ó Ministerio, a través das súas sociedades interpostas, para que se resolva esta situación. E esta situación, aparte dunha análise económica dos polígonos, hai detrás dela unha análise política que é a vontade da Xunta de Galicia, a través de XESTUR, nos últimos anos de apostar polo asentamento das empresas nos concellos da provincia de Lugo, e de forma clara pola bonificación na metade do prezo na instalación nos seus polígonos. Isto fai que XESTUR estea ofrecendo solo na provincia de Lugo practicamente á metade de prezo que o Estado, está claro que isto conleva que para os concellos nos que están instalados os polígonos estatais existe un problema de competitividade absolutamente claro.

Pero todo isto agrávase aínda máis pola situación na que se atopan os polígonos da provincia de Lugo correspondentes a esta Deputación, xa que todos sabemos a decisión que ía incluída no pacto de goberno na actual lexislatura de liquidar a Entidade SUPLUSA, e que a día de hoxe está por parte desta Deputación sen dar, e imos para o segundo ano de lexislatura, ningún tipo de solución ós compromisos que tiña esta Deputación, anteriormente Suplusa, para instalar ditos polígonos.

Polo tanto nesta moción básicamente o que solicitamos é por unha banda que todos aqueles polígonos industriais desta provincia que dependen do Estado adapten e tomen as decisións



correspondentes para adaptar o seu prezo ós mesmos parámetros que está usando a Xunta de Galicia, que consideramos que neste sentido dende logo está apostando claramente pola implantación industrial e empresarial nesta provincia.

Cremos que o Estado e as dúas sociedades interpostas deben adaptar neses prezos as bonificacións que está realizando XESTUR e a Xunta de Galicia, que conleva unha maior flexibilidade lóxicamente nas condicións de adquisición desas parcelas e no prezo final das mesmas. Cremos sen dúbida que esta é unha das cuestións máis importantes que ten que resolver o tecido empresarial desta provincia, polo tanto deberíamos facer fincapé nesta situación.

E tamén esiximos ó mesmo tempo que a Deputación Provincial, nese pacto de lexislatura que vostedes asinaron, lle dea unha solución ós compromisos atrancados durante máis dun ano coa extinción de Suplusa, que por certo non está cumprindo nada do que se dixo, falabase de que se extinguía Suplusa basicamente para aforrar e para adelgazar esta Deputación, e pese ós nosos intentos innumerables de saber o que lle está custando a xestión da nova empresa que vostedes contrataron para levar a cabo os traballos que antes facía Suplusa, nada sabemos, iso si, os únicos parámetros que realmente coñecemos é o custe que está sendo moi superior ó que existía antes.

Polo tanto cremos que é unha medida importante en tempos difíciles, e que así o debiamos instar ás sociedades dependentes do Ministerio de Fomento”.

Neste momento abandona o Salón de Plenos o Sr. Deputado D. José Angel Santos Sánchez, membro do Grupo Provincial do Partido Popular.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Mónica Freire Rancaño, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Señor García, vostede é liquidador da entidade Suplusa?, porque da a entender que non é coñecedor de nada do que alí se fala e se xestiona, son un pouco sorprendentes esas afirmacións que vostede acaba de facer .

Centrándome na moción que presentan, e léndoa, a verdade é que teño a sensación de que a persoa que a escribiu liouse un pouquiño, creo que teñen que aclarar e sobre todo aclararse no que queren plantexar con esta moción. Se o que buscan con ela é que tanto a Entidade pública Empresarial de Suelo, SEPES, como que a Sociedade Suelo Empresarial del Atlántico, SEA, poñan en marcha un programa de incentivos para favorecer a implantación empresarial nos parques industriais que promoven na provincia de Lugo, tal e como aparece no título e tal como desenvolven na Exposición de Motivos, non teñan ningunha dúbida de que o noso Grupo vai apoiar ese punto; dirixirnos a estas entidades, que tamén lle lembro que están participadas polo Estado no caso do SEPES, e están participadas polo Estado máis pola Xunta de Galicia no caso do SEA, pois entendemos que dirixirnos a estas entidades debería ser algo lóxico e obvio se queremos intentar conseguir que todos estes polígonos efectivamente se desenvolvan e isto revirta na creación de emprego e na creación de tecido económico nestes concellos.

Son polígonos, e fálolle dende a experiencia que temos en Ribadeo, que non teñen moita demanda, ou é practicamente nula, basicamente porque teñen unha escasa competitividade vía prezos con respecto a outras infraestruturas semellantes que están en zonas próximas. E entendemos que efectivamente é necesario facer algún tipo de rebaixa ou levar a cabo algún tipo de acción para corrixir estas diferenzas.

Eu cóntolle a experiencia de Ribadeo que ten un polígono que é de SEPES, e alí no meu concello levamos intentando explicar esta situación xa dende o ano 2017; nese ano 2017, que por certo gobernaba o Estado español Mariano Rajoy, puidemos explicarlle esta situación do polígono á daquela directora do SEPES, Lucía Molares, esta persoa entendeu perfectamente os argumentos que alí lle dixemos e comprometeuse a buscar unha saída para esta situación, máis a realidade non foi así. Logo, ó ano seguinte, xa con Pedro Sánchez no goberno, o Alcalde de Ribadeo puido manter unha nova entrevista co novo director do SEPES, con Alejandro Soler, que igualmente comprendeu a situación do polígono naquel momento e se comprometeu a buscar unha saída esperanzadora para a súa situación, pero a realidade tampouco foi así. Pero se na Mariña somos bastante teimudos, e este ano 2020 aproveitando o cambio de dirección do SEPES, voltamos pedirlle ó novo director, a Lucrecio Fernández, unha entrevista para voltar explicarlle esta situación do polígono.



E como lle dicía, e lle reitero, se isto é o que pretenden con esta moción, evidentemente o noso apoio vano ter, porque é na dirección na que estamos a traballar e a que levamos traballando moito tempo dende o noso Grupo Político.

Máis o que non acabamos de entender é o segundo punto dos acordos da moción, porque nada ten que ver cos motivos expostos, e o que lle pido é que nos explique porque inclúen ese punto cando nin no título nin na exposición de motivos se fai referencia a ese acordo”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“A verdade é que sorprende que na parte expositiva desta moción se fale de prezos caros ou baratos pero non se ofrezca nin un só dato nin unha soa cifra, supoño que non ofrecen estes datos porque o fracaso de políticas de solo industrial da Xunta, exemplificada por XESTUR, lle aconsella non dalos.

Sorprende tamén que diga que a Xunta vai polo bo camiño cando a política de solo industrial da Xunta reflicte no baleiro precisamente das parcelas de XESTUR o baleiro da súa política de industrialización.

Pero con datos obxectivos, e falando de prezos, podemos observar por exemplo que *Suelo Empresarial del Atlántico* ten parcelas dispoñibles no polígono industrial de Monforte a un prezo de 19,5 euros/m², así figura o dato na propia web de SEA que conta cun buscador de parcelas por prezo de metro cadrado. Cando un acode á web de XESTUR esta información non está dispoñible, hai que facer as divisións parcela a parcela. E en canto ó que se refire ó porto seco, XESTUR ten parcelas a 33,5 euros/m², a 26 ou a 25.

Así que non sei se hai un erro nas cifras que manexan vostedes, ou se é que de repente tamén se vai formular aquí que lle pidamos a XESTUR unha mellora nas súas tarifas e na súa xestión, unha xestión que lle vén custando ós galegos millóns de euros e que mantén sen saída moitos metros cadrados de solo industrial no noso país, por certo que este dato pode ser inexacto

porque XESTUR non ofrece datos do total de solo do que dispón sen uso e hai que ir sumando para ver que ocorre.

Os problemas da implantación de industrias en Galicia non son os prezos do solo industrial da SEA ou do SEPES; no ano 2018, no que os fluxos de inversión estranxeira directa en España alcanzan o seu máximo histórico, Galicia perdeu un 41,6% dese investimento, situándose na quinta Comunidade Autónoma pola cola, captando tan só sesenta e cinco millóns de euros dos corenta e seis mil oitocentos vinte e oito millóns que se captaron no Estado español.

Veñen vostedes hoxe preocuparse polo prezo de solo en cinco polígonos que SEA e SEPES teñen na nosa provincia; non deixa de ser curiosa a súa orde de prioridades, poderían vir preocuparse pola xestión dos moitos milleiros de metros mortos de XESTUR, e mellor aínda podían vir aquí para pedirlle a Feijóo e ó Conselleiro de Industria que presenten o plan de industrialización para a provincia e para Galicia.

Dende o noso Grupo entendemos que non é o momento de plantexar este tipo de cuestións é polo que presentamos unha emenda de adición e de supresión conxuntamente co BNG, na que plantexamos engadir no primeiro punto do acordo “os polígonos industriais de XESTUR”, e suprimir o segundo punto dado que Suplusa está neste momento en liquidación, e mentres non conclúa o procedemento e se incorporen os bens á Deputación non procede abordar esta cuestión”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Eu creo que claramente definiría como distintas as contestacións que deron os dous Grupos do goberno con respecto a este tema. Por un lado en relación co BNG hai que recoñecer que a representante do concello de Ribadeo recoñece o problema, de feito Ribadeo leva pelexando neste tema co goberno anterior e con este, polo cal xa estamos máis cerca de que existe un problema.

A contestación do Grupo Socialista é altamente decepcionante para esta provincia, acabar dicindo que este non é o momento para plantexar o futuro dos asentamentos e do emprego nesta



provincia decata un pouco para o que serven vostedes que é para absolutamente nada, aquí todo é culpa de Feijóo e o que non é culpa de Feijóo é culpa de Rajoy, o goberno de España non ten ningunha competencia nesta provincia, igual ca vostedes mesmos que tampouco teñen ningunha.

Entonces atopámonos cunha emenda que acaban de presentar, que é realmente alucinante, ou sexa mentres este Grupo o que pide a SEPES e a SEA é que aplique nos seus polígonos exactamente a bonificación do 50% que fai XESTUR, vostedes queren que incluamos a XESTUR que precisamente é o espello ó que nos queremos parecer.

Non poñemos datos non porque os descoñecemos senón porque realmente non fai falla, con analizar absolutamente tódalas parcelas que están á venda nesta provincia verá que o prezo medio das parcelas de XESTUR está entre os 30 e 40 euros, mentres que por exemplo en Sarria se vai iniciar unha segunda fase de urbanización e SEPES pide a máis de 70. Se vostede o que quere poñer é o exemplo de Monforte, que di que é un polígono estatal e que vende a 19 euros, tamén nos vale ese prezo para toda a provincia. Pero do que teñen que darse conta é de que realmente esta Deputación non está contestando a nada, non está asumindo ningún tipo de competencia na situación na que estamos, e a provincia non se pode permitir isto.

E con respecto ó segundo punto, o que pedimos é que esta Deputación continúe cos compromisos industriais e de creación de emprego que tiña o goberno anterior que era do mesmo signo político, creo entender; mentres vostedes cando tomaron a decisión de eliminar Suplusa non lle deron solución de continuidade ós problemas que estaba enfocando Suplusa; faláron dun criterio económico que resulta ser absolutamente falso, e cando realmente saibamos o que está custando por exemplo Tragsa para facer as mesmas funcións que facía antes Suplusa, verán o inservible da súa decisión.

Polo tanto, por suposto que non entendemos esta emenda nin a aceptamos, nós temos moi claro o que queremos, e o que queremos é que o solo industrial nos concellos que dependen do Estado sexa na media o mesmo que o solo industrial promovido pola Xunta de Galicia, cunha decisión política clara, a bonificación do 50% do custe do mesmo”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Mónica Freire Rancaño, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Eu reitérolle o que lle dixen antes na miña primeira intervención; o segundo punto que non me explica exactamente porque o inclúen aí con calzador cando na exposición de motivos e no título non fan referencia a iso e sen embargo aparece nos acordos, eu a verdade é que sigo sen entender o que pretenden con iso, non sei se é unha cuestión de disonancia cognitiva ou se hai algunha outra vontade nese aspecto.

Repito, o segundo punto de acordo que vostedes plantexan eu entendo que por un lado non ten nada que ver coa moción, e por outro lado incluso está mal plantexado técnicamente, esa é a miña opinión. Dende o noso Grupo entendemos que se queren plantexar ese acordo evidentemente teñen dispoñibilidade para facelo, pero terán que facer unha moción específica e coherente explicando os motivos que os levan a buscar ese acordo ou non deste Pleno nese asunto.

E de tódolos xeitos vostede, igual ca min, é liquidador de Suplusa, co cal ten un espazo e un tempo para plantexar este tipo de propostas nas reunións de Suplusa que facemos con certa periodicidade, e de ser o caso no pleno de disolución cando se celebre. E ata agora, e corríxame se me equivoco, nas reunións de Suplusa nada dixo sobre este asunto, entón vostede saberá.

Volvo dicirlle que dende o noso Grupo entendemos que este segundo punto se ten que retirar e darlle a forma correcta para ser debatido nunha moción independente e coherente, se o manteñen votaremos en contra desta moción por esa falta de coherencia, e se o retiran apoiaremos o primeiro punto porque estamos de acordo co que alí plantexan”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. Mayra García Bermúdez, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Vostede estivo aquí no pasado mandato e sabe perfectamente quen gobernaba Suplusa, que era precisamente o Partido Popular con Manuel Martínez.



Ó igual que di a compañeira do BNG, vostedes na exposición de motivos non dixeron absolutamente nada nin fixeron referencia, e vostede está na comisión liquidadora de Suplusa, que por certo tamén esa decisión se adoptou cun acordo por unanimidade de tódolos Grupos Políticos. Entendemos que mentres que estea neste proceso de liquidación non corresponde abordar este tipo de cuestións; eu creo que cada cousa ten que ser no seu momento, creo que se está facendo un traballo rigoroso e serio para facer canto antes a súa liquidación.

E por outra banda, se tanto lles preocupa favorecer a implantación industrial na nosa provincia entendo que tampouco habería ningún inconveniente en incluír o que nós pedimos nese primeiro apartado en canto a que se inclúan tamén os polígonos industriais de XESTUR; e por outra banda, mentres que dure ese proceso de liquidación e non se conclúan, suprimir o que piden vostedes no segundo apartado; agás que teñan outras intencións que nós dende aquí descoñecemos porque, repito, non aparece nada diso na exposición de motivos, non lle vexo ningún inconveniente para que non poida saír un acordo unánime con estas modificacións que plantexamos conxuntamente dende o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, quen manifesta o seguinte:

“Resúltanme altamente decepcionantes as suas contestacións e as deste goberno, intentan confundir a función da comisión liquidadora coas declaracións políticas que asume este Pleno en Corporación Provincial.

En primeiro lugar dicirlles que engadir no punto primeiro os polígonos industriais de XESTUR non ten sentido, porque o que estamos pedindo é que se aplique a bonificación do 50% no prezo final das parcelas como fai XESTUR, como imos incluír ós que queremos imitar?, a ver se somos un pouco serios.

En segundo lugar, o gran problema que lles crea é o punto segundo porque din que somos liquidadores, precisamente na comisión liquidadora estase facendo unha función técnica de liquidación dunha sociedade, non se están tomando decisións políticas como é a que aquí se pide. E din que non poden apoiar o segundo punto que é que a Deputación manteña os compromisos con

solo industrial que había nesta provincia, é que iso xa o fixeron en varios Plenos e dende logo xa o fixeron cando xustificaron a súa decisión de eliminar Suplusa, que dixeron claramente que esta Deputación ía manter tódolos compromisos industriais que había nesta provincia, o cal agora parece que lles está creando un grave problema porque realmente e efectivamente esta provincia leva un ano e medio atrancada industrial e empresarialmente”.

Rematado o debate, efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 11 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

11.- CONTA DOS INFORMES DO 2º TRIMESTRE DE 2020, RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010, DA DEPUTACIÓN DE LUGO, DA SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO, SA, E DO CONSORCIO PROVINCIAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE LUGO, E INFORMES DOS MESES DE ABRIL, MAIO, XUÑO E XULLO DE 2020 DO RD 635/2014.

Dáse conta dos informes do 2º trimestre de 2020, relativos ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010, da Deputación de Lugo, da Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, SA, e do Consorcio Provincial para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento de Lugo, e informes dos meses de abril, maio, xuño e xullo de 2020 do RD 635/2014. O Pleno da Corporación queda enterado.

12.- CONTA DA INFORMACIÓN ECONÓMICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO A 30 DE XUÑO DE 2020.

O Pleno da Corporación queda enterado da información económica da Deputación de Lugo a 30 de xuño de 2020.



13.- CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA A 30 DE XUÑO DE 2020 E PREVISIÓNS A 31 DE DECEMBRO DE 2020.

Dase conta do informe de avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira a 30 de xuño de 2020 e previsións a 31 de decembro de 2020. O Pleno da Corporación queda enterado.

14.- CONTA DE RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE CONCESIÓN DO RÉXIME DE ADICACIÓN EXCLUSIVA AO DEPUTADO PROVINCIAL D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA LÓPEZ.

O Pleno da Corporación queda enterado da resolución da Presidencia de data vinte e nove de xullo de dous mil vinte, sobre concesión do réxime de adicación exclusiva ao Deputado Provincial D. José Antioio García López.

15.- CONTA DAS RESOLUCIONS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE OS MESES DE XULLO E AGOSTO DE DOUS MIL VINTE.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un de xullo ao trinta e un de agosto de dous mil vinte, que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 2058 ao 2705. O Pleno da Corporación queda enterado.

16.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

ASUNTO DE URXENCIA

Polo Sr. Presidente maniféstase que hai unha proposta de goberno para ser tratada de urxencia, se así a acepta o Pleno, polo que se procederá en primeiro lugar á votación da declaración de urxencia da mesma.

PROPOSTA DE GOBERNO PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA QUE HABILITE UN SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO PARA OS ALUMNOS E ALUMNAS DE SECUNDARIA QUE TEÑEN HORARIO DE TARDE.

Logo de ver a proposta de goberno sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e o Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte proposta de Goberno para reclamar á Xunta de Galicia que habilite un servizo de transporte adaptado para os alumnos e alumnas de secundaria que teñen horario de tarde.

A mala xestión e a falta de previsión da Xunta de Galicia veñen agravando e complicando aínda máis un principio de curso condicionado polas esixencias sanitarias que impón a pandemia. A falta de acerto das políticas desenvolvidas pola consellería de Educación dende a chegada do virus quedou posta de manifesto co cambio, a comezos de setembro, da conselleira Carme Pomar. Pero en política, unha rectificación fóra de prazo pode converterse nun novo erro. Os alumnos e alumnas, os profesores/as e as familias, están pagando agora o prezo da falta de previsión da Xunta. E ven como medidas que poderían terse adoptado hai meses, como se fixo noutras comunidades, chegan tarde, solapadas co propio inicio do curso escolar. De aí a urxencia desta moción.

A mellor proba é a publicación no DOG do 17 de setembro a *Orde do 16 de setembro de 2020 pola que se ditan instrucións sobre o comezo do curso académico 2020/21 e pola que se modifica a orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*. O baile en torno á distancia de seguridade (1 metro, metro e medio, de novo un metro máis mampara), a situación xerada nos comedores escolares ou a tardanza en contratar ós profesores/as



de apoio son só un exemplo da falta da coordinación das políticas da Xunta, cun equipo a punto de ser cesado que tomaba en xuño medidas que tiveron que ser desbotadas en setembro. Mostra deste desleixo é que a Consellería tivo que retrasar o inicio do curso escolar ata o día 28 de setembro debido a improvisación das medidas.

Un caso especial prodúcese no ensino secundario, onde algúns centros optaron por desdobrar as clases en quendas de mañá e quendas de tarde. Porque a orde citada, no seu artigo 3.4 prevé o desdoblamento de grupos no caso no que non se poida manter a distancia de seguridade, e amparados nesta orde, moitos centros están optando por establecer horarios diferenciados de mañá (para ensino secundario obrigatorio) e de tarde (para bacharelato).

Esta decisión, que cambia por completo a organización habitual dos cursos, altera a rutina familiar e deixa aos nenos e nenas sen opcións de ocio ou actividades extraescolares. Ademais, esta medida adóptase sen consultar aos pais e nais e practicamente co curso empezado, isto é, sen que as familias que non queiran este horario poidan optar pola opción de cambiar de centro.

Esta medida, que afecta á conciliación das familias, ten unha pegada especialmente relevante nos concellos do rural. Un caso destacado é o dos alumnos e alumnas de Portomarín que teñen como centro de referencia para o bacharelato o IES Nosa Señora dos Ollos Grandes en Lugo. Estes alumnos/as atópanse co que o horario previsto para este ano é de 18:15 a 21:35 os luns e de 15:00 a 21:20 o resto da semana. A día de hoxe non existe ningún transporte público adaptado a este horario. Cos horarios existentes, os rapaces e rapazas deberían saír da casa ás 9:15 e pasar a mañá en Lugo. E non terían autobús de volta, xa que o último sae ás 19:30. Sen embargo, o caso de Portomarín non é unha excepción, xa que, existen outros tantos concellos da comarca de Lugo ca mesma problemática.

Cumple lembrar que, en circunstancias normais, o alumnado de bacharelato pode acceder ó uso do transporte escolar gratuíto sempre que existan prazas vacantes e non se modifiquen rutas ou paradas. Cos horarios habituais de mañá, isto supón que os alumnos e alumnas de bacharelato, FP ou similares teñen de feito transporte gratuíto, servizo que perden agora os alumnos/as con horario de tarde.

É certo que o bacharelato non é unha etapa educativa obrigatoria, pero isto non pode servir de amparo para que os rapaces/as perdan de súpeto este servizo de transporte adaptado as súas necesidades, que favorezan a conciliación e a fixación de poboación no medio rural. Unha situación que xa foi denunciada ante o Parlamento de Galicia na proposición non de lei presentada polos deputados socialistas Luis Álvarez e Noa Díaz o pasado 18 de setembro.

Por todo isto, Sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo

- Solicite á Xunta de Galicia que revise de xeito inmediato o impacto real que o horario de tarde nas clases de secundaria ocasiona nas familias
- Que, en caso de ser imprescindible ter algún grupo de clases pola tarde, se analice a residencia dos alumnos/as afectados e se habiliten rutas de transporte público adaptadas a ese horario, que faciliten o acceso dos e das estudantes á educación en condicións de igualdade e que favorezan a conciliación e contribúan a fixar poboación no medio rural, evitando situacións como as que están a denunciar os pais e nais de Portomarín e outros Concellos”.

En primeiro lugar procédese á votación da inclusión da proposta anteriormente transcrita na Orde do Día por vía de urxencia, sendo aprobada por unanimidade dos presentes.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Como todos sabemos, e ademáis foi publico e notorio porque así o fixeron constar os pais de alumnos e alumnas de secundaria que teñen que desprazarse dende Portomarín ata Lugo, a falta de previsión da Xunta de Galicia que non activou políticas para desenvolver dende a Consellería de Educación vinculadas ó inicio do curso escolar que facilitarán a conciliación da vida familiar e escolar, puxo nunha situación complicada a moitas familias que teñen que desprazarse dende concellos próximos a Lugo para traer ós seus fillos, sobre todo para aqueles que están en horario de tarde.



A imprevisión foi absoluta por parte da Xunta de Galicia, houbo moitísimas dúbidas, comezando polas distancias de seguridade, a situación que se xerou no inicio do curso escolar cos comedores, a tardanza en contratar profesorado de apoio, son só exemplos de ata onde puido chegar a confusión.

Ultimamente nesta provincia fomos testemuñas de como moitos alumnos tiñan que incorporarse en horario de tarde, e o problema non é que teñan que incorporarse en horario de tarde, que é algo que pode entender todo o mundo porque a masificación non está recomendada e as aulas contemplaban unha ratio de alumnos que hoxe en día non sería segura na loita contra o Covid.

Pero o que si é certo é que dende hai anos estamos vivindo políticas de recortes por parte da Xunta de Galicia para o noso medio rural; hai un momento falabamos neste mesmo Pleno do que acontecía coa sanidade; temos falado moito do que ten acontecido coa educación tamén nesta provincia; e temos falado tamén do que pasou co transporte público, que moitos concellos rurais viron recurtadas as liñas de transporte público que os unían coa capital xa hai anos. Reclamouse, tamén se reclamou no seo deste Pleno nalgunha ocasión, que esas liñas de autobús debían manter os horarios porque son importantes para desprazarse a facer xestións administrativas, para desprazarse para acudir ó médico como pode ser ó HULA, porque son importantes para os alumnos e alumnas que teñen que acudir ás clases de secundaria, e porque son importantes tamén para os universitarios.

E agora iso que viñamos reclamando, e ante a imprevisión das dúas Consellerías implicadas nesta cuestión nos trae á situación na que estamos, a que as nais e pais, significadamente as de Portomarín porque foron as que tomaron a testemuña neste caso, pero moitas máis familias son as afectadas, se ven nunha situación complicada para poder enviar ós seus nenos a cursar os estudos.

Isto ademáis pón nunha situación difícil ós nenos porque a verdade é que xa non son iguais os que acoden en horario de mañá e os que acoden en horario de tarde; onde está a atención ás actividades extraescolares?, como se compatibiliza iso con algunha formación extraescolar que

estaban recibindo os alumnos en secundaria que habitualmente se impartía polas tardes?. En definitiva, e o máis problemático é como fan as familias para conciliar os desprazamentos dos seus fillos ata a capital e que poidan acudir ás clases en igualdade de condicións que o fan os alumnos que veñen pola mañá?.

Pois simplemente o teñen moi complicado porque non hai autobuses; ou ben mandan os pequenos pola mañá para que boten toda a mañá en Lugo, acudan ás clases pola tarde, e cheguen ben entrada a noite, no entorno das dez da noite, ás súas casas, ou teñen que prescindir de traballar para poder desprazarse e traer os seus nenos e nenas a Lugo a que cursen estudos. As nais e pais neste caso do concello de Portomarín puxéronse en contacto coa Xunta de Galicia, puxéronse en contacto co concello de Portomarín, e tamén se puxeron en contacto coa Deputación de Lugo, aquí recibímolos a semana pasada e contáronnos esta problemática; eles non queren dádivas, non queren que ninguén lles dea cartos ou lles pague un transporte gratuito, simplemente reclaman o que reclamamos todos no rural, servizos, o que queren son horarios de autobús que permitan desprazarse a Lugo con certa fluidez e compatibilizar neste caso o horario escolar.

A mín cónstame que despois desa xuntanza que mantivemos con estes pais e nais, o Presidente persoalmente chamou ó Delegado da Xunta de Galicia, que tamén mantivo conversas cos pais e coas nais, e dixo que estaba facendo o esforzo suficiente para que isto tivera solución. Comunicouselle que dende aquí tiñamos un compromiso para sacar adiante unha solución para esta problemática que teñen alumnos e alumnas de Lugo e o seu entorno, e dixo que seguramente habería unha solución próxima, que se estaba intentando.

As nais comunicáronnos que elas non ían ceder no seu empeño mentres non houbera unha comunicación oficial por parte da Xunta de Galicia, e pedíannos a implicación. E iso é o que fixemos os dous Grupos de goberno, traer aquí esta moción para que a Xunta de Galicia revise de xeito inmediato o impacto social que ten ese horario de tarde nas clases de secundaria e o trastorno que ocasiona ás familias; e que no caso de que sexa imprescindible ter algún grupo de clases pola tarde, se analice a residencia dos alumnos e habiliten as rutas de transporte público necesarias adaptadas a ese horario, que faciliten o acceso dos estudantes á educación en situación de igualdade, independentemente do lugar onde vivan.



Cremos que é de recibo que se lle dea unha solución axeitada e rápida a esta problemática, e neste preciso momento cónstame que as nais e os pais, neste caso de Portomarín, e polo tanto seguramente o resto tamén, non teñen solución oficial ó respecto, de aí que manteñamos a moción e reclamemos con estes dous puntos de acordo”.

A continuación intervéñ o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Con respecto a esta situación nós non imos facer o que vostedes acaban de facer, vostedes acaban de darlle as costas ás empresas desta provincia, ós polígonos industriais do Estado que hai nesta provincia, e en definitiva á provincia de Lugo, pero nós non o imos facer. Imos apoiar esta moción aínda que é moi cuestionable todo o que acaba de dicir señora Porto.

En primeiro lugar fala de mala xestión e improvisación da Xunta, acaso non sabe que hai non máis dun mes o Ministerio de Educación en España aínda non tiña ningún protocolo para o inicio do curso nesa concorrencia de competencias que ten coas Comunidades Autónomas?; porque non fala logo da señora Ministra?, que nada lle dixo ás Comunidades de como había que empezar.

Estamos nunha situación realmente difícil e cambiante, na cal falar desa improvisación e mala xestión, di que dende hai meses que tiña que estar resolto isto, pero están vostedes na vida real?, non saben que se están cambiando moitas das situacións reais diarias das persoas cada quince días?.

E é certo que non é só no concello de Portomarín senón que hai outros concellos con familias afectadas, en Guntín, en Castroverde, e noutra serie de concellos desta provincia, e todos se atopan con ese problema. Pero din que os pais se dirixiron ás tres Administracións, pois claro que si, e sabe quen vai resolver esta situación?, a Xunta de Galicia, porque xa sei que vostedes non serven para nada porque non teñen competencia en nada.

E non sei se sabe vostede, señora Pilar, porque creo que lle dixo o Sr. Presidente ó Alcalde de Portomarín, que lle ía entregar o libro de competencias a través do Estatuto de Autonomía; é certo que non é obrigatorio legalmente por parte da Xunta de Galicia o transporte escolar dos

alumnos de secundaria, debía sabelo tamén; se a Xunta de Galicia tirara de Lei ó mellor tampouco era competencia; se fixera o que fan vostedes aquí igual tampouco era competente, porque non é obrigatorio ese transporte; sen embargo non o fixo, reuniuse coas empresas de transporte; e están a publicarse, porque a modificación desta situación de última hora conleva modificar os transportes, as liñas e as paradas convencionais de todo o transporte público de Galicia, máis afectado nestas liñas. Por exemplo, non sei se sabe vostede que coa modernización do transporte público de Galicia por exemplo estes rapaces teñen dereito a ese transporte gratuito a través da tarxeta xoven, antes non a tiñan.

A única Administración que está resolvendo os problemas de Galicia é a Xunta de Galicia por moito que lles pese; levan vostedes aquí neste pleno dicindo o mal que o fai todo Feijóo, exactamente igual que dicían antes das eleccións, o pobo falou pero vostedes seguen ó seu aire, e así lles vai e así nos vai tristemente a todos.

Mire, das tres Administracións coas que falaron os pais a única que non resolveu nada foi a Deputación de Lugo; cando os pais e as nais falaron coa Xunta de Galicia a Xunta reuniuse coas empresas de transportes e está disposta a modificar os horarios dos autobuses para que ningún alumno quede sen ese transporte, gratuito, que antes non o era porque non é obrigatorio.

O concello de Portomarín, a través do seu Alcalde, o primeiro que fixo, aínda que o Alcalde si que pode dicir que iso non era competencia del, pero calquera cousa que lle pase a unha familia do seu concello é competencia do concello, e o que fixo foi ofrecer a cofinanciación dese servizo a esta Deputación poñendo o concello de Portomarín, un concello pequeno, a metade da financiación do servizo mentres non se resolvera doutro xeito, sabe que lle dixeron vostedes?, que non eran competentes; vostedes están aquí para nada, e neste caso o mesmo.

Cales son as competencias da Deputación segundo a Lei?, dígnannolo, só coñecemos unha competencia constitucional das Deputacións, que é axudar ós concellos, particularmente ós que teñen menos de 20.000 habitantes, que nesta provincia son todos menos a capital. Deixen de dicir que non son competentes en nada, porque se non son competentes en nada cerren esta Casa e marchen, márchense para as súas casas, porque vostedes non asumen ningunha competencia en nada.



Estamos ante un problema vinculado directamente á situación de pandemia e do Covid, por certo que en maio ou en abril vostedes presumiron de que tiñan implantado máis de tres millóns de euros para axudar ós concellos, onde están?, querémolo saber, e no próximo Pleno falaremos diso, onde están eses tres millóns de euros que ían axudar ós concellos pequenos a resolver os problemas directos que tiveran que ver co Covid, como é esta situación; ningunha resposta, só a resposta de que todo é culpa de Feijóo; e se falaran antes, pero hai quince días que votaron os galegos, sexan un pouco modestos porque a xente non é tonta, a xestión autonómica do Presidente da Xunta de Galicia xa a avaliaron os galegos coa maioría absoluta máis grande dos últimos anos.

Vostedes están noutra historia, vostedes non son competentes de nada, vostedes non están para nada, e a vostedes nada lles preocupa; iso si, o único que lle dixeron ós pais é que o ían traer a este Pleno para atacar á Xunta, pensa que iso lles vale?, mentres concello e Xunta buscan solucións a súa solución é traer isto aquí; axudaron en algo?, serven para algo?, cales son as competencias que marca a Lei para esta Deputación?, defínanas, díganlas, e se non teñen ningunha marchen para a casa”.

Intervén o Presidente, no seguinte sentido:

“O único que lle quero dicir é que igual tardamos un pouquiño en pechar a porta, vostede tranquilo e non se preocupe”.

Seguidamente intervén a Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, no seguinte sentido:

“Falou o Sr. García, e falou pero non dixo nada; é máis, segue na liña do Partido Popular poñéndonos os exemplos do que outros fan ante a incompetencia de que eles non fagan nada, é un bo sistema.

Miren, eu tiven a oportunidade o outro día de xuntarme con estas nais, unhas nais preocupadas, unhas nais que están pedindo que queren seguir a vivir no rural; lembren señor García, “Galiza, Galiza, Galiza, rural, rural, rural”, do Sr. Feijóo, a Galicia do Partido Popular, esa

que é “Galicia, Galicia, Galicia” está desaparecendo pola non súa política, pola non súa xestión. Este é un paso máis, impedir que os rapaces e as rapazas do rural poidan acceder a uns estudos secundarios nas mesmas condicións e nas mesmas garantías que se viviran nunha vila grande ou nunha cidade. Non é competencia da Xunta de Galiza, non, é competencia do Espírito Santo.

As mesmas nais de Portomarín hoxe mesmo din que non entenden como os peregrinos teñen un transporte público para eles por parte da Xunta, e non é capaz de prestar un servizo digno para todas esas mozas e mozos que viven do rural. É máis, cremos que isto o único que fai é discriminar ó alumnado en función da súa residencia, porque vostedes, insisto, para que a xente vaia ó rural a vivir e a establecerse necesitan servizos, servizos sanitarios, servizos do ensino público, que ademáis eles sinten que cada vez eses servizos públicos téñenos máis lonxe porque non teñen capacidade de achegarse por medios públicos.

Isto é un paso máis na discriminación, agora ademáis este alumnado do bacharelato que antes xa non tiña acceso de balde a ese transporte público, e agora tampouco, pero resulta que eles tampouco pretendían un transporte público senón un transporte para poder acceder ó instituto a uns horarios que ademáis tiveron que modificarse por causa da Covid.

Falaba o Sr. García de que a Xunta actuara ben, se é actuar ben que lles indicaran unha semana antes ás familias que se modificaban os horarios das clases, que se modificaba o inicio das clases en educación secundaria, se a iso lle chama traballar cunha previsión lóxica, qué quere que lle diga!.

Cada vez hai menos transporte para as persoas que viven no rural, empezamos co desmantelamento dos servizos públicos nas vilas, seguimos coa imposibilidade de que as persoas maiores que non dispoñan de coche privado podan acceder ós centros de saúde, para iso xa lles puxeron a chamada telefónica, se teñen teléfono e se teñen cobertura.

E de ningunha maneira está dando alternativas para esa creación de liñas que axuden ó alumnado, solucionar eses horarios raros que este ano están nos institutos, sen ver prexudicada a situación económica das familias, ou dependendo da situación económica das familias. Voulle poñer un exemplo, o primeiro servizo da liña de Ourense a Lugo non pasa polo punto intermedio,



que é Taboada, ata as doce e media da mañá. Ou sexa, servizo Lugo-Ourense e Ourense-Lugo, nefasto. Se empezamos a nomear outros servizos que afectan a outros concellos, van polo mesmo camiño.

Efectivamente non é só o concello de Portomarín, oxalá fora só ese concello, iso sería cuestión de que era un problema menor, pero e que é un problema maior porque, como vostede ben dixo, Guntín, Friol, Castroverde, O Corgo, incluso parte de Láncara, parte de Baleira; e despois Institutos non só como o da Nosa Señora dos Ollos Grandes senón tamén Sanxillao. Isto non é unha cousa que afecte só a un pequeno concello como pode ser Portomarín, afecta a un número importante dos concellos do rural.

Polo tanto se o ensino, se a educación é unha competencia da Xunta de Galicia, ten que ser a Xunta a que lle dea unha solución a estas familias, e senón adíquense a copiar propostas, antes copiaron de Asturias porque é o que saíu últimamente na prensa, non sei o Sr. García de onde estivo copiando estas propostas así á última hora. Pero é que vostedes teñen unha responsabilidade, de pouco nos vale que nos digan o que están facendo nos outros sitios, que pasa?, que porque nos outros sitios o estean facendo mal vostedes xa teñen a xustificación para facelo mal?; fagan algo, implíquense, déanlle unha solución a estes mozos e mozas que lles están impedindo unha formación agás que teñan familias con posibles económicos e tamén tempo para traelos e levalos, independentemente do lugar onde vivan e ó instituto que vaian”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Señor García, a verdade é que xa van alá algúns Plenos deste mandato e vostede a mín non deixa de sorprendeme, porque dise e desdise, e dálle voltas á mesma cuestión, no mesmo punto do debate.

Mire, aquí hai un problema de fondo, que é que a Xunta de Galicia leva anos suprimindo servizos para o medio rural, enumereillos antes e poderíalos repetir, pero en concreto neste caso. O problema que hai foi a supresión de liñas de autobús dende o rural para comunicarse coa capital. E non é Portomarín o único que ten o problema, témolo moitos outros concellos; e agora, pola

situación derivada da pandemia orixinada pola Covid-19 vense afectados os alumnos que teñen que acudir ós centros educativos en horario de tarde.

Esta é a verdade; os alumnos de Portomarín, se queren achegarse ás súas clases que teñen neste ano cun horario previsto de seis e cuarto a nove trinta e cinco uns días, e outros de tres a nove e vinte, teñen que saír ás nove e cuarto da mañá da casa porque non hai outro autobús posible, e teñen o último para regresar ás sete e media da tarde, co cal tampouco teñen horario de autobús para volver á casa.

E non se trata de que teñan un bus gratuito, que non llelo pediu ninguén, os pais non reclaman un bus gratuito, e xa sabemos tamén que non é obrigatorio, o único que queren é vivir en Portomarín e que os seus fillos e fillas podan acudir ás clases a Lugo, o normal; ninguén está pedindo nada excepcional. E o mesmo acontece no resto de concellos.

Vostedes agora o que fan é mirar para o Ministerio, agora acórdalles o Ministerio, pero a mín tamén me acorda cando Feijóo un día, e outro, e outro, reclamaba recuperar as competencias, e agora que as teñen resulta que a Xunta de Galicia, as dúas Consellerías que están implicadas nesta cuestión que son a de Educación que é a encargada de organizar o curso, e a de Infraestruturas e Movilidade que é a que ten a capacidade para autorizar o cambio nas liñas de horarios do transporte, non teñen nada que dicir?, agora temos que chamar a Ministra a Madrid; señor García, un pouquiño de seriedade!.

Nin o Alcalde nin o Presidente da Deputación lle van poñer solución a isto, e vostede que foi Alcalde sábeo mellor cá min; pódense implicar claro, nós estámonos implicando aquí, non sei o que van votar vostedes, agardo que a favor; pero o certo é que quen lle ten que poñer solución a este problema é quen o orixinou, as dúas Consellerías implicadas que non tiveron a previsión suficiente, porque non é o mesmo ter que acudir dentro da mesma vila ou da mesma cidade ás clases ca ter que desprazarse vinte, trinta ou corenta quilómetros, esa é a diferenza, e esa previsión non a tivo a Xunta de Galicia e de aí vén o problema, sumado ó que xa fixeron anos atrás que foi un erro de vulto, que foi suprimir as liñas de autobús que nos comunican ós que vivimos no medio rural coas capitalidades.



E non teño moito máis que dicirlles, vostedes saberán o que votan, eu agardo que estes pais e nais, co esforzo de todos, teñan unha solución en poucos días”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“É lamentable ver que vostedes falen de recurte no transporte rural en Galicia cando a Xunta implanta o novo Plan de transporte por carretera gratuito para practicamente todo o interior de Galicia e todo o rural, e vostedes son incapaces de dicir nada ante o desmantelamento dos trens en Galicia que está facendo o seu Goberno amigo de Madrid.

Señora Vicepresidenta, eu voulle recoñecer certa coherencia e certa incoherencia; vostede é coherente porque chegou aquí dicindo que as Deputacións non valían para nada e que non tiñan ningunha competencia, e que o seu fin era que desapareceran, e así o está demostrando porque vostede claramente ten a percepción de que non están aquí para nada e nada teñen que resolver, que é a Xunta de Galicia e outras Administracións os que o teñen que facer. Polo tanto nese sentido é coherente.

Pero é incoherente porque mentres vostede di que esta Deputación non vale para nada, está sentada aí como Vicepresidenta da Deputación, facendo non sabemos que funcións, pero dende logo nas que non cre, aí si que me recoñecerá un grao de incoherencia no seu labor, como a de todo o Bloque nesta cuestión das Deputacións.

E remato porque creo que está bastante explicado, para dicir que o problema vai ter solución grazas á Xunta de Galicia e ó concello de Portomarín. Pero queremos rematar facendo un recoñecemento ó Alcalde de Portomarín, que foi o primeiro, que sen ter esas competencias a que vostedes se amarran, intentou buscar unha solución, propuxo unha cofinanciación e pediu auxilio na metade desa cofinanciación a esta Casa, que non lle deu ningunha contestación ó concello de Portomarín.

Señor Presidente, cremos que estivo moi desafortunado na contestación que lle fixo ó Alcalde de Portomarín, porque lle chamou ó Alcalde de Portomarín “ese señor que me intenta

chantaxear”, creo que non é xusto porque aparte de ser un gran Alcalde é unha persoa preocupada polos seus veciños e puxo medidas e propuxo solucións, e non só de palabra con mocións senón con diñeiro para solucionar este asunto. A Deputación non está cumprindo o que lle corresponde, non está auxiliando ós concellos desta provincia, particularmente ós que máis o necesitan que son os máis pequenos.

E tampouco sabemos en que está metendo o diñeiro que aprobou esta Corporación para axudar ós concellos polas situacións específicas derivadas do Covid, como é esta; porque aquí si que temos un exemplo no que esta Deputación si que podería trasladar ós cidadáns que serve para algo, que está disposta a axudar ós concellos cando aparece un problema puntual e que ten solución e ten flexibilidade nas súas competencias; e non dicirle a tódolos Alcaldes desta provincia que esta Corporación non serve para nada, porque iso dio o BNG e dio a señora Vicepresidenta, pero vostede non, ata onde nós pensabamos o Partido Socialista si que cría nestas Deputacións, pois demóstreno, porque o único que lle están dando é argumentos ós que din que non serven para nada, como o caso da señora Vicepresidenta que, mentres ocupa esa cadeira, non ve ningún motivo para manter aberta esta Casa.

Polo tanto sexamos coherentes e axudemos ós concellos que para iso estamos aquí”.

Intervén a Vicepresidenta, dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Céntrese señor García, non estamos debatendo a disolución da Deputación, cando o teñamos que debater vostede presentará as súas argumentacións e eu presentarei as do BNG.

Estamos a falar de mozos e mozas do noso rural, eses que vostedes dende o Partido Popular, e o Sr. Feijóo, levan dicindo que hai que apoiar o rural, pois eses mozos e mozas van quedar sen posibilidades de ter un ensino público porque a Xunta de Galicia non actúa.

Céntrese, non estamos a falar da Deputación senón que estamos a falar da Xunta de Galicia, que fai a Xunta de Galicia?; os montes ardendo, o persoal dos montes protestando, os comedores escolares téñenos que xestionar a través das ANPAS porque a Xunta tampouco ten



competencias. Existe Consellería de Industria?, porque parece ser que no caso de Alcoa que falamos antes a Consellería de Industria non ten nada que ver. Existe a Consellería de Educación?, teñen algo que ver co funcionamento e con que toda persoa teña dereito de acceso a un ensino público de calidade, independentemente de onde viva?; que función ten a Xunta de Galicia?, onde poñen logo vostedes os cartos?, van adicar todo o Orzamento da Xunta de Galicia ó Xacobeo?.

Señor García, estamos falando do ensino, estamos falando dos compromisos e das obrigas da Xunta de Galicia. A vostede acaban de darlle unha dedicación exclusiva, polo tanto sabe que está na Deputación tamén?, pero ó mesmo tempo terá que defender tamén ós veciños e veciñas doutros concellos de Lugo e non só ós de Sarria, porque vostede está aquí porque o elixiron compañeiros doutros concellos da provincia de Lugo, entóns terá que defender non só a Portomarín senón a Castroverde, a Láncara, a Baleira; pois a eses concellos e a eses mozos e mozas vostede, con esta postura, e o Partido Popular, estanlle negando a posibilidade de que familias sen recursos, familias que non teñan posibilidade de traer os seus fillos e fillas a Lugo queden na casa porque non teñen transporte escolar.

Que solución dá, señor García?, déanos unha solución a ese problema, deixemos o debate da Deputación para outro día; vostede está representando ó Partido que está gobernando na Xunta de Galicia, ese que polo visto está facendo tantas cousas, qué solución lle di a esas nais e a eses pais, e sobre todo a esas mozas e mozos?, díganos que solución lles vai dar”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada dona M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“O certo é que vostede o dicía xa no primeiro turno de intervención, dicía que quen vai poñer a solución é a Xunta de Galicia, iso mesmo é o que dicimos nós, a Xunta de Galicia porque é a única que o pode facer, é quen creou o problema.

E cando falamos de competencias, vou animar ó señor Presidente a que lle regale a vostede tamén un exemplar do Estatuto de Autonomía e así, no tempo que lle quede libre, se pode adicar a repasar as competencias duns e as competencias doutros.

Como ben dicía a Vicepresidenta, estamos falando de familias afectadas, e isto foi unha total e absoluta improvisación, porque a Consellería de Educación cando fixo o deseño é lóxico que non caera, por descoñecemento puro, en que había rapaces que non tiñan un recurso de mobilidade para achegarse ata a capital; pero é lóxico só ata certo punto, porque había que ter unha organización o suficientemente ampla para poñerse en diálogo coa Consellería acompañante, e poder distribuír as liñas de autobús. E iso foi o que non se fixo.

Polo tanto quen creou o problema evidentemente é quen o vai resolver; pero se esas nais non saen á prensa, e se esta Deputación non se move ata me animo a dicir, se o Alcalde de Portomarín non move ficha ó mellor non había solución tan axiña”.

Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Non vou botar ningún discurso señor García, xa sei que me estivo provocando pero non vou entrar en provocacións. Claro que estamos xestionando ben esta Deputación, creo que esta Deputación hoxe ten claramente a súa reputación recobrada afortunadamente, coa colaboración de todos e non só por unha persoa, pero afortunadamente esta Deputación volve ser o que é unha Deputación como Institución seria.

Dito iso, si que lle quería dicir algunhas cousas. Eu entendo que a vostede lle encargaron un marrón, porque o é, vostedes atopan un problema que crearon hai uns días, e que a vostede lle mandan defender o que non é moi defendible, pero isto en política sucede, e vostede o sabe tan ben coma min.

E eu dende logo teño o maior respecto polos Alcaldes, e non ía deixar fóra ó de Portomarín, a tódolos Alcaldes sexan do Partido Político que sexan. Pero se ese Alcalde, que eu non discuto que sexa bon, porque o teñen aí os veciños de Portomarín, se dirixe a outra entidade e a quen a preside, o normal é que se lle conteste, e eu contesteille que se tiña dúbidas eu lle regalaría un Estatuto de Autonomía de Galicia que, por certo, é o equivalente á nosa Constitución, é unha Lei Orgánica, e nesa Lei Orgánica é onde figuran as competencias do Goberno autónomo, que despois se negocian co Goberno do Estado de turno para ir transferindo esas competencias; pero aí estan as competencias, no Estatuto, polo tanto se hai alguna dúbida hai que ler o Estatuto.



E mire, xa o dixo vostede varias veces, eu entendo que vostede ten outra maneira de funcionar, pero os que estamos gobernando temos outra. E en relación co diñeiro ó que fixo referencia preguntando onde metemos o diñeiro que aprobamos aquí, eu creo que os Servizos da Casa controlan perfectamente onde metemos o diñeiro, e se vostede ve algunha cousa rara, busque, e se encontra algo dígame sen ningún problema, pero vostede busque.

E o diñeiro que aprobamos para os concellos está ben xestionado, e dende logo, humildemente llo digo, creo que están moito mellor xestionados agora que cando vostedes en catro meses asinaron trinta convenios e todos para concellos do Partido Popular, se a iso vostede lle chama boa xestión eu non o vexo así, e vexo que está moito mellor doutra maneira.

Asi que se isto era o que quería que lle dixera, xa llo digo con toda a tranquilidade do mundo, e non vou entrar en ningún tipo de provocación”.

Rematado o debate, efectuada a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

17.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Sr. Presidente manifesta que hai un Rogo e unha Pregunta formulados polo Grupo Provincial do Partido Popular, que se tratarán a continuación:

R O G O S

Formulado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo á LU-P-1401 Doiras-Piornedo-Límite provincial de León.

Intervén, para formular o Rogo o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“En numerosas ocasións, os veciños de Cervantes denunciaron o deterioro do firme e a pouca anchura da estrada “LU-P-1401 Doiras-Piornedo-Límite provincial de León”. Consideran que non ten as dimensións necesarias para circular con seguridade. Manifestan que a isto hai que engadir que presenta un trazado sinuoso e que as súas beiras están sen desbrozar. Todo isto dificulta o tráfico rodado e aumenta a probabilidade de accidentes.

Hai dous anos esta vía estivo pechada ao tráfico preto dun ano, tras producirse desprendementos nun tramo da mesma. Tiveron que pasar varios meses para que a Deputación executase as obras necesarias para a reparación dese tramo.

Cómpre sinalar que o organismo provincial, nos últimos anos, tan só executou a rehabilitación do firme nun tramo de 5,5 km. do total da lonxitude desta vía que é de 30,40 km.

Esta estrada dá acceso a Piornedo que é unha das zonas turísticas máis importantes non só deste municipio, senón tamén da Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá.

Polo tanto, o acondicionamento completo desta vía, para corrixir as deficiencias que presenta, beneficiaría non só aos veciños de Cervantes e da comarca de Os Ancares, senón tamén a un gran número de visitantes e turistas que se desprazan á zona dende diferentes puntos da provincia e da comunidade. Na actualidade todos eles se ven na obriga de empregar rutas alternativas para chegar ao núcleo de Piornedo, onde se atopa recordemos o conxunto etnográfico declarado Ben de Interese Cultural.

Recentemente, membros deste grupo provincial, eu persoalmente, puidemos comprobar *in situ* o mal estado no que se atopa esta estrada e coñecer as demandas dos residentes.

Levar a cabo as obras nesta estrada provincial, reclamadas polos veciños, melloraría substancialmente as condicións de seguridade para todos os usuarios que transitan pola mesma.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta o seguinte Rogo:



Que a Deputación Provincial execute as obras necesarias para a reparación integral da estrada “LU-P-1401 Doiras-Piornedo-Límite provincial de León”.

A continuación intervén o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Ainda que os Rogos realmente non se respostan, si lle quería dicir, señor Castiñeira, que me resulta curioso, e xa levan vostedes duas ou tres casualidades, e parece que ten algún confidente por algún lado, porque é curioso que cando tomamos algunha iniciativa, como ocorreu en Mondoñedo ou nalgún sitio máis, agora en Cervantes, hai alguén que ten ó mellor relación con Mondoñedo, que lle traslada a información.

Pero nós non nos imos despistar, porque iso da recuperación integral eu dígolle porque pide só para Cervantes, pida para toda a provincia, porque non?, se temos catro mil douscentos quilómetros de carreteras, hai que melloralos integralmente a todos.

E claro, como vostede soubo que estamos co proxecto en marcha para mellorar curvas e tamén o firme desa estrada, vén vostede aquí con este Rogo, pois viñera antes porque isto agora mesmo non aporta nada porque xa está o proxecto feito, non sei se está licitado ou está a punto de selo.

Por tanto esas filtracións que lle fan, se me pregunta a mín xa llo digo, non hai ningún problema, vostede chámeme e eu dígollo sen ningún problema. Así que, señor Castiñeira, nós imos seguir coa folla de ruta de mellorar os servizos ós veciños da provincia, este Goberno traballa para iso, e non imos distraernos con manobras orquestrais”.

PREGUNTAS

Formulada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa a retirada de diversos cadros dos corredores do Pazo de San Marcos.

Intervén, para formular a Pregunta o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Antes faláballe ó Sr. Castro dos curas do Arcipreste de Hita, agora, señor Presidente, saíulle a vostede a vea Vispal e nos remata o Pleno con estas Pastorais que nos acaba de adicar.

Imos tratar de compensalas coa brevidade na formulación desta Pregunta. Unha Pregunta que vén ó abeiro do anuncio efectuado en relación coa retirada de retratos de Presidentes desta Corporación Provincial correspondentes á época franquista.

Nós poñemos o punto de atención na figura do señor Ulloa Vence, como referente dunha persoa que, aínda que exerceu a súa función presidencial na época da dictadura, si que foi exemplo, igual ca outros moitos Presidentes e seguramente Alcaldes, de honestidade persoal e de exercicio desa función con lealdade ó servizo da cidadanía.

Non son palabras baleiras que poda formular eu, esta Institución reconece esa circunstancia concretamente con motivo do pasamento do señor Ulloa Vence, decretando tres días de loito oficial, e mesmamente o Sr. Presidente, en xesto institucional que eu creo que lle honra, fixo un comunicado ponderando a traxectoria do Sr. Vence á fronte da Institución, que o convertía, nas súas palabras, nun referente histórico da provincia; recoñecemento que outro Presidente anterior, o Sr. Besteiro, tamén tiña efectuado ó respecto.

Nós cremos que unha medida deste tipo lóxicamente debe ser adoptada en función da normativa legal vixente, con estricta suxeción á mesma, pero tamén esperamos dunha Institución coma a provincial que se aborde co tacto e coa prudencia necesaria para evitar debates de confrontación, para asegurar o respecto debido a quen souberon gañalo en circunstancias difíciles; e moi especialmente cremos que debера adoptarse en todo caso con participación, ou alo menos comunicación, a tódolos Grupos Provinciais.

Como non temos coñecemento do alcance da medida, por esa razón formulamos estas dúas Preguntas. Unha delas para saber que cadros van ser retirados, cal é o destino no seu caso dos mesmos, e se figura nesa relación o Sr. Ulloa Vence”.



Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“A esta Pregunta vai darlle resposta don Efrén, porque é o Deputado da Área de Memoria Histórica, pero quero dicirlle simplemente a título informativo que ó Sr. Vence, por razóns profesionais, coñecino hai corenta anos, cando era, creo recordar, Xefe do Servizo de Producción Vexetal na Delegación de Agricultura en Lugo onde está agora a gasolineira. Por tanto coñezo perfectamente a traxectoria do señor Ulloa Vence”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Son dúas Preguntas ben sinxelas de contestar. A primeira é se un dos cadros retirados é o do Sr. Ulloa Vence, e é que si.

A segunda que di cales son e cal é o seu destino; pois son tódolos Presidentes que non foron elixidos democráticamente, e o seu destino están cuidadosamente almacenados en dependencias desta Administración, coma outros moitos cadros, e o que se fará con eles decidirase, son patrimonio desta Deputación e calquera decisión tería un trámite administrativo”.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.